



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Serie Pleno
Número 117

Sesión plenaria
29 de maio de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGY1VCV3Wf13
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 26115 (10/PNP-001841)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dunha proposta de aplicación dos fondos da Estratexia Europea de Investimento Territorial Integrado para axudar a reverter a situación de regresión demográfica das comarcas galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

4.2 41795 (10/PNP-003166)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa regulación das funcións dos técnicos de enfermaría e a disposición transitoria terceira do Estatuto básico do empregado público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 405, do 03.01.2019

4.3 43946 (10/PNP-003270)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre a elaboración dun plan de xestión do xabaril

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

4.4 47429 (10/PNP-003584)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago de Compostela referidas á necesidade de aumentar na comarca o número de prazas residenciais de atención directa para persoas con diversidade funcional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 13.03.2019

4.5 49121 (10/PNP-003712)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto que tería para a competitividade do sector pesqueiro galego e para o porto de Vigo a aplicación da Instrución da Subdirección Xeral de Sanidade Exterior para a importación de pesca conxelada ou procesada IM/1/2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019



4.6 49270 (10/PNP-003730)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Arias, Marta e oito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos exigidos para o mantemento en Galicia da condición de familia numerosa de tipo especial, así como coa recomendación realizada polo Goberno central na materia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

4.7 49733 (10/PNP-003766)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, na décima lexislatura, dun plan de recuperación de permisos de explotación marisqueira especialmente orientado ao sector feminino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 476, do 14.05.2019

4.8 49806 (10/PNP-003774)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co concurso convocado para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre

Publicación da iniciativa, BOPG nº 476, do 14.05.2019

Punto 5. Interpelacións**5.1 46794 (10/INT-001553)****Grupo Parlamentario de En Marea****Miranda Pena, Flora María**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a atención primaria do sistema sanitario público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

5.2 49292 (10/INT-001654)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e catro deputados/as máis**

Sobre a avaliación das últimas reformas laborais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

5.3 49483 (10/INT-001659)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa contratación do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 07.05.2019



Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 50030 (10/POPX-000148)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para acabar coa eventualidade das traballadoras dos servizos públicos fundamentais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

6.2 50031 (10/POPX-000149)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito da cidadanía a unha vivenda digna

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

6.3 50032 (10/POPX-000150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dunha colaboración efectiva coas institucións locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 49640 (10/POP-005909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a habilitación, no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro, dun espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 476, do 14.05.2019

7.2 49111 (10/POP-005850)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para atender as demandas dos traballadores da empresa Transportes Pacholo, S.L., subcontratada para a prestación do servizo de recollida de residuos urbanos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

7.3 50011 (10/PUP-000248)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre o estado de tramitación no que se atopa o procedemento administrativo correspondente ao proxecto de reapertura da mina de Touro, no concello do Pino, en relación cos prazos establecidos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019



7.4 44829 (10/POP-005346)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Antón Vilasánchez, María Ángeles e nove deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para avanzar na construción e posta en marcha do edificio Fontán na Cidade da Cultura de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2019

7.5 44906 (10/POP-005361)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Barreira, María Julia e nove deputados/as máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia respecto do procedemento administrativo seguido para a declaración da Ribeira Sacra como ben de interese cultural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2019

7.6 46718 (10/POP-005562)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as razóns do Goberno galego para non solucionar a curto prazo as demandas dos profesionais dos puntos de atención continuada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

7.7 49714 (10/POP-005912)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir as prazas de médicos vacantes por xubilación na atención primaria da comarca de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 476, do 14.05.2019

7.8 50024 (10/PUP-000249)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir o dereito da poboación infantil da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Mariña-Lugo-Monforte a recibir unha atención temperá de calidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

7.9 50029 (10/PUP-000250)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para suprimir, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, un técnico de emerxencias sanitarias nas ambulancias de soporte vital avanzado do Salnés, Foz e Monforte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

7.10 48505 (10/POP-005795)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre o balance do Goberno galego respecto do funcionamento da Tarxeta Benvida dende a súa posta en marcha

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor presidente comunica que as deputadas dona Luca Chao Pérez (EM) e dona Paula Vázquez Verao (EM) xustificaron a súa ausencia. (Páx. 13.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para acabar coa eventualidade das traballadoras dos servizos públicos fundamentais de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 14.)

Réplica do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D.^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito da cidadanía a unha vivenda digna. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 19.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 21.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dunha colaboración efectiva coas institucións locais. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 23.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 24.)

Réplica do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 25.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 27.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre a elaboración dun plan de xestión do xabaril. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Rivas Cruz (BNG). (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 31.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 33.) e Sr. Prado Patiño (P). (Páx. 34.)

Nova intervención do señor Rivas Cruz (BNG). (Páx. 36.)



Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago de Compostela referidas á necesidade de aumentar na comarca o número de prazas residenciais de atención directa para persoas con diversidade funcional. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 37.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Santos Queiruga (EM).* (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 41.) e *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 43.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 46.)

A señora Santos Queiruga (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 47.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto que tería para a competitividade do sector pesqueiro galego e para o porto de Vigo a aplicación da Instrución da Subdirección Xeral de Sanidade Exterior para a importación de pesca conxelada ou procesada IM/1/2019. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 49.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 50.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 54.) e *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 55.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Quinteiro Araújo (EM).* (Páx. 57.)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 59.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Rodríguez Arias e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos exixidos para o mantemento en Galicia da condición de familia numerosa de tipo especial, así como coa recomendación realizada polo Goberno central na materia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 60.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Arias (P).* (Páx. 61.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 63.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 65.) e *Sra. Santos Queiruga (EM).* (Páx. 67.)

A señora Rodríguez Arias (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 68.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Dolores Toja Suárez e D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, na décima lexislatura, dun plan de recuperación de permisos de explotación marisqueira especialmente orientado ao sector feminino. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 70.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Toja Suárez (S).* (Páx. 70.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 73.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 75.) e *Sra. Miranda Pena (EM).* (Páx. 76.)

A señora Toja Suárez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 78.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co concurso convocado para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 79.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 79.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 82.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 84.) e *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 85.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 87.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dunha proposta de aplicación dos fondos da Estratexia Europea de Investimento Territorial Integrado para axudar a reverter a situación de regresión demográfica das comarcas galegas: *rexeitada por 29 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 88.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa regulación das funcións dos técnicos de enfermaría e a disposición transitoria terceira do Estatuto básico do empregado público: *aprobado por 68 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 89.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre a elaboración dun plan de xestión do xabaril: *rexeitada por 28 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 89.)*



A señora Santos Queiruga (EM) le o texto resultante da transacción sobre a proposición non de lei presentada por dona Paula Vázquez Verao e que se vai votar a continuación. (Páx. 89.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago de Compostela referidas á necesidade de aumentar na comarca o número de prazas residenciais de atención directa para persoas con diversidade funcional: *aprobado por 68 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 90.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto que tería para a competitividade do sector pesqueiro galego e para o porto de Vigo a aplicación da Instrución da Subdirección Xeral de Sanidade Exterior para a importación de pesca conxelada ou procesada IM/1/2019: *aprobada por 39 votos a favor, 29 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 90.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Rodríguez Arias e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos exixidos para o mantemento en Galicia da condición de familia numerosa de tipo especial, así como coa recomendación realizada polo Goberno central na materia: *aprobada por 68 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 91.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Dolores Toja Suárez e D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, na décima lexislatura, dun plan de recuperación de permisos de explotación marisqueira especialmente orientado ao sector feminino: *aprobada por 68 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 91.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co concurso convocado para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre: *rexeitado por 28 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 91.)*

Suspéndese a sesión ás dúas e dezasete minutos da tarde e retómase ás catro e vinte e nove minutos.

Interpelación de D^a Flora María Miranda Pena, do G. P de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a atención primaria do sistema sanitario público. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Miranda Pena (EM). (Páx. 92.)*

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 95.)*

Réplica da autora: *Sra. Miranda Pena (EM). (Páx. 99.)*

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 101.)*



Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a habilitación, no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro, dun espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez(S)*. (Páx. 104.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 105.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez(S)*. (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 107.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para atender as demandas dos traballadores da empresa Transportes Pacholo, S.L., subcontratada para a prestación do servizo de recollida de residuos urbanos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 108.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 109.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 111.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre o estado de tramitación no que se atopa o procedemento administrativo correspondente ao proxecto de reapertura da mina de Touro, no concello do Pino, en relación cos prazos establecidos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 112.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 114.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 115.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 116.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica unha modificación no desenvolvemento da sesión, de maneira que a pregunta 7.6 se debata a continuación. (Páx. 117.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do Goberno galego para non solucionar a curto prazo as demandas dos profesionais dos puntos de atención continuada. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 117.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 118.)



Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 120.)

Retómase a orde do día.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir as prazas de médicos vacantes por xubilación na atención primaria da comarca de Valdeorras. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 121.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 122.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 123.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 124.)

Pregunta de D^a María Ángeles Antón Vilasánchez e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para avanzar na construción e posta en marcha do edificio Fontán na Cidade da Cultura de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Antón Vilasánchez (P)*. (Páx. 125.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 126.)

Réplica da autora: *Sra. Antón Vilasánchez (P)*. (Páx. 127.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 128.)

Pregunta de D^a María Julia Rodríguez Barreira e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia respecto do procedemento administrativo seguido para a declaración da Ribeira Sacra como ben de interese cultural. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Barreira (P)*. (Páx. 129.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 130.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Barreira (P)*. (Páx. 131.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 132.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir o dereito da poboación infantil da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Mariña-Lugo-Monforte a recibir unha atención temperá de calidade. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 133.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 134.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 136.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 136.)



Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do Goberno galego para suprimir, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, un técnico de emerxencias sanitarias nas ambulancias de soporte vital avanzado do Salnés, Foz e Monforte. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 137.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 138.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 140.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 140.)

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance do Goberno galego respecto do funcionamento da Tarxeta Benvida dende a súa posta en marcha. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 141.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 142.)

Réplica da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 143.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 143.)

Remata a sesión ás sete e sete minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días, continuamos a sesión co punto de preguntas para a resposta oral do presidente.

E, antes de comezar, comunico a xustificación da inasistencia a este pleno, a esta sesión plenaria, de dona Luca Chao e dona Paula Vázquez Verao.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para acabar coa eventualidade das traballadoras dos servizos públicos fundamentais de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Villares Naveira

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, unha pregunta que ten moita relación coa pregunta de hoxe é quen manda no Partido Popular, se manda a extrema dereita ou manda a extrema precariedade de Núñez Feijóo. No Partido Popular ata hai uns meses estaba claro que mandaban os corruptos e os dos recortes, e foron desprazados á oposición pola sentenza do caso Gürtell. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor VILLARES NAVEIRA: Logo, co seu apoio explícito, accedeu ao poder interno a extrema dereita de Pablo Casado, pero o tema fóselle das mans. Tanto se lle foi das mans que, despois da manifestación da praza de Colón, vostede tivo que pasar de centralista a autonomista vindo aquí a reclamar máis competencias para Galicia. Despois apertárono e volveu converterse en centralista en menos de quince días, dicindo que xa non quería máis competencias para o noso país, unha consecuencia evidente dese xiro ideolóxico, deses bandazos, pero sobre todo desa imposición da nova dirección do Partido Popular desde hai uns meses.

O luns, parece ser que despois dun encontro que tiveron en Madrid na executiva nacional, vostedes, e vostede concretamente, apertaron o seu secretario xeral. Pero o seu secretario xeral saíu á prensa para dicir que non houbera xiro ao centro, que non se movera nada, e que o PP estaba no extremo que quería estar, que era o extremo da dereita. Queremos saber cal é o Partido Popular que manda. Díganos realmente iso porque para nós ten importancia. Queremos saber se manda o PP da extrema precariedade que leva aplicado vostede nas políticas da Xunta de Galicia, na función pública, ou o da extrema dereita, que á parte de todo isto é a suma dos recortes, a suma da corrupción e a suma coa extrema dereita machista e reaccionaria de Vox.

Mire, queríalle traer aquí unha historia, que é unha historia real que a semana pasada viñeron traer numerosas enfermeiras que están traballando de forma eventual no Sergas, e que por esa razón están en pé de loita. Adriana é unha enfermeira que rematou a carreira hai once anos. E, despois de once anos, leva concatenados 810 contratos; 810 contratos despois de aprobar dúas oposicións, once anos vivindo na absoluta precariedade. A semana pasada



contábanos Adriana que tiña unha cita e tiña un dilema. Tiña unha cita no dentista para sacar uns puntos. E, se ía ao dentista e non collía o teléfono, penalizábana sen traballar varios meses. Se pedía permiso para ir a esa cita, quedaba postergada de chamamentos durante máis de quince días. E necesita traballar porque ten unha filla que manter. E por esa razón simplemente —e como ela, moitas— o que fai é deixarlle o teléfono a outra persoa, que o colle, e despois, cos puntos recén sacados, vai traballar.

Esta é a situación legal na que se atopan miles e miles de enfermeiras eventuais no Sergas. O Sergas inventou o contrato de acúmulo de tarefas, que máis ben podería chamarse de acúmulo de indecencias, porque se firma mes a mes, non se xera dereito a días de libre disposición, nin a vacacións disfrutadas en especie. Moitas veces concaténanse uns días tras outros e non hai posibilidade de descansar en todo un ano. Poden chamar a unha ata con tres horas de antelación —e en menos de tres horas tamén se se cualifica como urxente—, de tal maneira que non hai respiros, non hai vacacións, non hai ningún tipo de dereitos laborais.

Na atención primaria contrátase de luns a venres e despídese na fin de semana para poder contratar despois o luns de novo, contratos verdadeiramente fraudulentos como os que se fan nalgúns empresas privadas, única e exclusivamente para que a Xunta aforre a cotización da fin de semana e pagar a fin de semana.

Queremos pedirlle directamente que saque unha OPE extraordinaria, e que esa OPE extraordinaria acabe coa eventualidade que hai no Sergas. Sei que vostede me vai dicir que iso non é posible. E non é posible por unha lei, unha lei aprobada polo Partido Popular en tempos de Mariano Rajoy. Pois ben, fágolle unha proposta: cheguemos a un acordo para pedir desde o Parlamento de Galicia a derogación da lei que limita a taxa de reposición e, desa maneira, que poidamos acabar coa precariedade que neste momento existe no Sergas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Villares, se vostede mirara para atrás, non para atrás do que ocorreu nas últimas eleccións senón para atrás neste instante do que ten nos seus escanos, e comprobara que ningún vén escoitar as súas preguntas, debería vostede reflexionar. Vén vostede a falar da sanidade e simultaneamente do centralismo, do xiro cara a non sei que, de quen manda, de quen non manda. Realmente, ¿vostede pódenos dar clase de quen manda no seu grupo parlamentario, de quen manda na miscelánea de partidos que vostedes conformaban? ¿Quen manda, señoría, no Grupo Parlamentario das Mareas? ¿Hai Grupo Parlamentario das Mareas? ¿Vai seguir habendo Grupo Parlamentario das Mareas? ¿Vostede vai seguir sendo portavoz? ¿Por que non respecta un pouco, en primeiro lugar, este Parlamento; en segundo lugar, os feitos; e, en terceiro lugar, algo importante para min e que é moito máis importante que



quen manda nas Mareas e se as Mareas van seguir ou non van seguir ou simplemente se van disolver, que é a sanidade pública?

Señor Villares, a sanidade pública, para min, non é só un compromiso político. É un compromiso persoal. E por iso a sanidade pública, mentres esteamos no Goberno, vai seguir sendo un compromiso permanente desde o punto de vista orzamentario e desde o punto de vista de prioridades. Asinamos cos sindicatos o Plan de estabilidade no emprego do Servizo Galego de Saúde ata o ano 2018, cun compromiso explícito: o 5 % de interinidade; é dicir, o 95 % de estabilidade. Isto, ademais, fixémoslo e esgotamos o cen por cento da taxa de reposición, o cen por cento. E temos ofertas públicas de emprego, pactadas cos sindicatos, de 5.000 persoas. Na convocatoria do ano 2019, máis de 1.300 prazas. Dende que levamos na Xunta de Galicia, aprobamos ou executamos nada máis e nada menos que 8.850 prazas. Somos un dos servizos de saúde con menos porcentaxe de eventualidade de España.

E vostede vén aquí a traerme unha serie de consideracións. Mire, non soamente mantemos a estabilidade, e é o noso compromiso, senón que, por exemplo, a ratio de enfermeiras en Galicia é superior á do Sistema Nacional de Saúde, superior. Temos 10.500 profesionais de enfermaría, e o 88 % desas 10.500 profesionais de enfermaría teñen un nomeamento definitivo.

Sabe vostede perfectamente que utilizamos todos os mecanismos legais existentes para dar a maior estabilidade ao persoal do Servizo Galego de Saúde. É máis, a Consellería de Educación e o resto de consellerías facilitaron a súa porcentaxe de incremento da oferta pública de emprego, do 108 % —dúas comunidades en España temos esa posibilidade por cumprir todos os compromisos de débeda, de regra de gasto e de déficit— e puxémolo á disposición da sanidade pública.

Por iso me sorprende non soamente a súa falta de competencia nos asuntos de sanidade, senón a súa frivolidade coa que os trata e como utiliza a sanidade para intentar vir aquí a falar de política. Vostede, a falar de política, de partido, de coherencia, de xiro... Pero, señor Villares, xa lle dixen algunha vez que o problema non o tiña co presidente da Xunta, nin tampouco con este grupo parlamentario, o problema teno na casa. E, como o ten na casa, saberá como o están a tratar na casa e como acabará vostede na casa. Pero non mesture os problemas internos das Mareas coa sanidade pública do meu país. Non o mesture, señoría, porque se a sanidade pública de Galicia estivera como as Mareas, isto sería para saír correndo de Galicia. Non, señoría, a sanidade pública de Galicia é un dos mellores servizos sanitarios de España. E vostede, como galego, debería de aproveitalo e debería de sentirse orgulloso.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non veña aquí a dar leccións de nada, señor Villares, porque soamente desde a incompetencia vostede pode falar da sanidade pública.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Réplica do señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿A quen está chamando incompetente?, ¿ás 8.000 persoas que se manifestaron o outro día en defensa da sanidade pública porque son eventuais e queren deixar de ser eventuais porque están facendo un traballo que non é eventual senón que é estrutural para o Sergas? ¿Está falando de que toda esa xente se queixa de vicio? ¿Está dicindo iso? Non están facendo un traballo eventual, están facendo un traballo estrutural. Pero están vivindo con absoluta precariedade porque vostede non está poñendo os medios que podería poñer para cambiar a súa situación. Podería vostede cambiar a súa situación de precariedade. Acaba de dar agora no cravo: esgotaron a taxa de reposición. Podería alterarse esa norma que establece esa limitación que é a taxa de reposición. Por iso eu lle ofrezco un acordo nesta Cámara para poder levantar esa limitación, e levalo a Madrid e modificar esa norma. Iso é poñerse do lado da sanidade pública e poñerse do lado daquelas persoas que están coidando da sanidade pública, que son as enfermeiras e o resto de persoal sanitario que, en condicións moi precarias, está sostendo o sistema de saúde; que é bo porque elas e eles se sacrifican, non polo maltrato sanitario que lles dispensa o presidente da Xunta de Galicia e o conxunto do Goberno galego. Polo tanto, se quere falar de política, a política realmente é cambiar as cousas. E cambiar as cousas significa cambiar leis inxustas. E é unha lei inxusta aquela que neste momento está impedindo estabilizar laboralmente 8.000 persoas que, no persoal de enfermaría, están neste momento en situación precaria —e o resto do persoal sanitario do Sergas que traballa nunhas condicións que son lamentables e nas que vostede nin ninguén quixerían vivir—.

Iso é o que está pasando e iso é o que temos que decidir aquí. E eu veño facerlle preguntas para que vostede dea respostas non a min senón a toda a xente que está aí fóra reclamando sanidade de calidade. Para empezar, coidando a toda aquela xente que coida de nós. E non se coida con contratos precarios que duran cinco días de luns a venres, que os mandan para a rúa para aforrar a fin de semana e despois os volven contratar o luns. Non se fai así. En once anos 811 contratos non é tratar ben a xente que está coidando de nós no sistema sanitario de saúde, ¡non é!

Polo tanto, se vostede quere falar de política, veña aquí e comprométase a unha reforma lexislativa promovida desde esta Cámara que remate coa eventualidade non soamente do persoal de enfermaría senón do conxunto do persoal sanitario do Sergas. Vostede e o grupo maioritario poden facelo, poden promovelos, poden dar un debate político a nivel galego e a nivel de Estado para ampliar dereitos laborais. Pero non, vostedes están máis ocupados en reforzar a precariedade como forma estrutural de goberno e como forma estrutural de explotación da xente boa que quere vivir do seu traballo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Villares, comentaba o da incompetencia e vostede acaba de volver dar unha clase desa incompetencia. Nin sequera



coñece o Servizo Galego de Saúde nin o seu cadro de persoal. Señor Villares, ¿como pode dicir vostede dúas veces que hai 8.000 enfermeiras en precario no Servizo Galego de Saúde se o total de enfermeiras que traballan no Servizo Galego de Saúde son 10.800 e, das 10.800, o 88 % teñen contrato indefinido, estatutario? ¿Como pode dicir esa barbaridade e quedar vostede tan campante? ¿Non comprende, señor Villares, que, se preparara mellor as súas comparecencias, probablemente tería un futuro un pouco máis halagüeño? ¿Non se dá conta de que non pode vir aquí, como grupo número dous da Cámara, despois do Partido Popular, a dicir unha barbaridade deste tipo e quedar vostede tan campante? Di 8.000 enfermeiras en precario e resulta que, no Servizo Galego de Saúde, traballan 10.800; das cales, o 88 % teñen nomeamento estatutario de carácter fixo. ¡E vostede queda tan campante!

E prosegue vostede coa pregunta e, ademais, dános leccións sobre como se debe de xestionar: Lei de presupostos do Estado, límites das ofertas públicas de emprego... Vostede ¿por que non acepta que Galicia foi unha das poucas comunidades autónomas que utilizou sempre a oferta pública de emprego legalmente habilitada en España e que a utilizou ao máximo das súas posibilidades, ¡ao máximo das súas posibilidades! (*Aplausos.*) ¿Por que non acepta, señoría, que fixemos ofertas públicas de emprego, aprobadas ou executadas, en máis de 8.500 prazas?

Fala vostede de que hai que modificar esta lei no Congreso dos Deputados. Pero, señor Villares, ¡se vostedes van entrar no Goberno a partir do mes de xullo...! Vostedes van entrar —ou polo menos queren entrar— no Goberno de España a partir do mes de xullo e di que hai que derrogar unha lei, cando vostedes van formar parte do Goberno. Miro para as bancadas do Partido Socialista e parece que iso non está nada claro, pero miro para as súas bancadas e aínda está menos claro. Pero o que si vexo, señoría, é que vostedes nos están tomando o pelo a todos. Están gobernando en Madrid xuntos, ou queren gobernar en Madrid xuntos, e aquí vén propoñer que se modifique unha lei que soamente vostedes poden modificar. Pero, señor Villares, ¿por que non fala un pouco máis en serio dos asuntos no tempo que lle queda?

Mire, acaban de saír os datos do Ministerio de Política Territorial nos que miden o persoal que traballa nas comunidades autónomas. Pois, mire, no Servizo Galego de Saúde, dende o ano 2008 —no que tomamos posesión— respecto do ano 2009, ¿sabe canto se incrementou? Perdón, no último ano, no último ano, entre o ano 2018 e o ano 2019. Foron 592 efectivos, 592 efectivos, datos do Ministerio de Política Territorial en España. ¿Parécelle a vostede que isto non é razoable?

Temos neste momento 1.600 persoas máis traballando no Servizo Galego de Saúde das que tiñamos cando chegamos ao Goberno. E agora resulta que veñen vostedes propoñer... ¿Cal é a súa política sanitaria? A política sanitaria das Mareas é, primeiro, estar en contra do *screening* preventivo dos cancros xinecolóxicos —si, señoría—; cuestionar as vacinas e concretar a súa campaña electoral en contra da doazón de 350 millóns de euros ao Servizo Nacional de Saúde para aparataxe tecnolóxica. ¿Esa é a súa proposta: non ás vacinas, non aos *screening* de cancro xinecolóxico e non á alta tecnoloxía?

Señor Villares, comprenderá que, entre unha política da sanidade pública real e unha política destrutiva da sanidade pública, quedo sen ningunha dúbida coa política do Goberno da Xunta de Galicia. Señor Villares, lamento que nin sequera saiba o número de enfermeiras que traballan en Galicia.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D.^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito da cidadanía a unha vivenda digna

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Bo día, señor Feijóo.

Leva dez anos aplicando recortes na sanidade, na educación e na dependencia, pero tamén noutro dereito fundamental, como é o dereito a unha vivenda digna. E voulle dar algúns datos da desfeita do seu goberno neste ámbito.

Primeiro recortou de xeito drástico o investimento público. Hoxe dedícase un 75 % menos ás políticas de vivenda no noso país que hai dez anos. Paralizou a construción de vivenda de promoción pública. Cando chegou á Xunta no 2009 entregábanse 1.778 vivendas; e no 2017, que é o último dato que temos, 12.

Eu non sei se a vostede isto lle parece unha cifra presentable ou impresentable. A nós, xa llo digo, parécenos impresentable, porque non sei se sabe cantas persoas hai demandando unha vivenda pública neste país —xa sei que non lle importa, só os seus papeis—. Pois, mire, hai 14.000 persoas esperando —4.000 delas, mozos e mozas que ven que é misión imposible poder acceder a unha vivenda digna neste país—.

Desde 2014 non fixo nin unha soa vivenda pública de alugamento. E todo isto é vergoñento nun país no que no último semestre do ano 2018 tivemos 5 desafiuzamentos diarios precisamente por impagos de alugueiros. E isto non é ningunha estatística, isto son persoas que quedan na rúa. E mentres vostede pasa olímpicamente das políticas de vivenda, o prezo do alugueiro non para de medrar, sobre todo naqueles lugares onde hai máis demanda, como é nas cidades.

Vostede non ten política de vivenda pública e está deixando tiradas moitas persoas neste país. Hai moitas medidas que podería impulsar, pero, claro, para impulsar políticas de goberno un ten que ter a cabeza en Galiza e non ter a cabeza en como arregla o descalabro electoral do Partido Popular. E xa vemos que, ademais, non lle fan moito caso no Partido Popular en Madrid —son as consecuencias de dez anos de absoluta submisión, que o deixan a vostede na situación na que o deixan—.

En todo caso, eu entendo que estea vostede preocupado, porque, evidentemente, en 2020, dentro dun ano, vai ter que render contas ante os galegos e as galegas. E é moi difícil que lle dean o seu aval despois de dez anos nos que estivo vostede desfacendo a política de vivenda pública deste país.



En todo caso, está a tempo de rectificar. Vostede pode reclamar a transferencia da totalidade das vivendas do Sareb para destinalas a política social. Vostede pode incrementar os recursos para rehabilitación e vivenda pública, facilitando o acceso á vivenda a aquelas persoas que teñen máis necesidade. Vostede pode crear un fondo social para colectivos que teñen maiores problemas á hora de acceder á vivenda, ou vostede podería ter máis recursos para vivenda pública se estivera disposto a gravar eses fondos voitre ou os grandes bancos que están especulando coa vivenda pública.

Quédalle, señor Feijóo, un ano para rectificar. Se non o fai, rectificarán nas urnas os galegos e as galegas a súa nefasta política de sanidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non se preocupe, señora Pontón, entendina perfectamente. Vostede non quere falar de sanidade, enténdoo; quere falar de vivenda e paréceme ben.

Fala vostede de recortes. ¿Recorte significa pagar os 2.000 millóns de euros que deixaron vostedes sen pagar na Xunta de Galicia? ¿Refírese vostede a ese recorte? ¿Refírese vostede ao recorte que tivemos que plantexar nos presupostos da Xunta para pagar uns 400 millóns de euros cada ano dos 2.000 que deixaron sen pagar? Debe de ser iso, señora Pontón.

Mire, en sanidade estamos en 4.000 millóns de euros en presuposto. Nunca un goberno en Galicia tivo 4.000 millóns de euros en presuposto. Non soamente non recortamos senón que incrementamos. Do mesmo xeito que incrementamos en benestar. Cando vostedes gobernaban había 14.000 que cobraban mensualmente a dependencia. Hoxe hai 61.000. Incrementamos todas as porcentaxes e todas as prazas de benestar —política nacionalista daquela—. En centros de día, un 242 % —2.400 prazas máis—; en alzheimer, un 111 %; en residencias de maiores, 2.400 prazas máis, un 42 %; en atención á discapacidade, máis de 1.100 prazas máis, un 25 %. Señoría, ¿refírese vostede aos recortes do Bipartito? Porque isto é a máis, a máis.

Sobre vivenda, 3.500 vivendas en alugamento —este é o parque da Xunta de Galicia— máis 243 que estamos construindo; doce medidas en materia de desafiuzamento durante a recesión económica que vostedes nos deixaron cando se foron do Goberno; baixamos os impostos para que a xente poida adquirir vivendas —sobre todo no ámbito rural—; somos a comunidade autónoma de referencia en España en materia de rehabilitación, con 55.000 familias apoiadas para mellorar a súa vivenda no ámbito da rehabilitación; aprobamos unha lei de rehabilitación, probablemente a lei máis pioneira de toda España; e temos 5.200 vivendas protexidas, a maior oferta de solo residencial para construír esas vivendas.

¿E fálame vostede de política de vivenda? Mire, a política de vivenda máis importante é crear emprego. E respecto da creación de emprego estamos con menos paro que cando vostedes estaban gobernando. Si, señoría, ninguén pode adquirir unha vivenda se non ten emprego. Ese é o problema que vostedes, coma sempre, non queren ver.



Pero deixemos de falar destas cuestións... Mire, 12 medidas en materia de desafiuzamento. ¿Sabe a cantas familias lles evitamos o seu lanzamento á rúa, ben porque non podían pagar a hipoteca, ben porque non podían pagar o alugueiro? A 2.470 nestes anos. ¿Algún concello do BNG fixo algo polo desafiuzamento? ¿Algún concello do BNG, que ten competencias en materia de solo, cedeu á Xunta de Galicia solo para facer vivendas?

Pero, cando vostedes gobernaban, o esforzo que un galego mozo tiña que facer para comprar unha vivenda pois estaba nada máis e nada menos que no 73 % do seu salario. Agora está no 31 %. A maior especulación na vivenda foi nos momentos nos que vostedes gobernaban en Galicia, e un mozo tiña que dedicar o 70 % do seu salario a pagar vivenda e agora o 31 %. ¿Parécelle pouca política en materia de vivenda?

Por iso, señoría, hoxe en Galicia é máis doado adquirir unha vivenda que cando vostedes gobernaban, e hoxe en Galicia demos unha mostra do que é unha política social. A política social é investir máis en sanidade, máis en educación, máis en servizos sociais, e que ningún quede na rúa como consecuencia dun desafiuzamento por impago de hipoteca, ou por impago de alugueiro. E por iso estas 2.700 familias saben moi ben que a política de vivenda do Partido Popular de Galicia foi a política máis social destes anos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, señor Feijóo, parece que lle molesta que falemos de vivenda, entón quere vostede desviar a atención. Está claro que non podía faltar o Bipartito, porque é o único argumento que vostede ten. Como non ten argumentos, ten que recorrer machaconamente a esa cuestión.

Pero é que leva vostede dez anos gobernando. E, mire, non sei como pode vostede dicirme que o fixeron moi ben en políticas de desafiuzamentos cando, no último semestre, cada día cinco persoas neste país quedaron na rúa e viviron un desafiuzamento por impago de alugueiro. Non sei se para vostede iso é un éxito. Dende logo, para nós é un fracaso, señor Feijóo (*Aplausos.*) E as políticas de vivenda son competencia da Xunta de Galiza.

Mire, fálanos de emprego, de que a mellor política social é a política de emprego. Non sei que lles pode dicir vostede aos 200.000 mozos e mozas que tiveron que marchar deste país porque non había oportunidades. E, de verdade, dea un paseo por Vigo, dea un paseo pola Coruña, dea un paseo por Santiago, e dígalles aos mozos e ás mozas deste país que hoxe teñen mellores posibilidades de acceder a unha vivenda que hai dez anos, cando o que vemos é como se están incrementando dunha maneira desorbitada os prezos dos alugueiros. ¿E sabe cal foi a súa aportación? Paralizar a política de construción de vivenda pública en alugamento, señor Feijóo. Non nos tome o pelo, porque estamos falando dunha cuestión moi importante, como é o dereito á vivenda.



Os datos son absolutamente clarificadores sobre a desfeita que vostede fixo. Mire, no ano 2009 promovíanse 1.146 vivendas. E o último dato que hai publicado no IGE, de 2017, é que vostede promocionou 5. Mentres no Estado a vivenda de promoción pública representa case o 10 % do que se vende, en Galiza é do 3,4 %; é dicir, un terzo. E ese é o mellor retrato da paralización que fixo vostede neste ámbito.

Critica o Bipartito pero, claro, en tres anos vostede non fixo nin unha soa vivenda de promoción pública para alugamento; e o Bipartito, en tres anos, máis de mil. (*Aplausos.*) Esa é a diferenza entre querer facer política social de vivenda ou simplemente querer defender os especuladores, que parece que é o que quere facer o Partido Popular.

Pero, mire, non se preocupe. Vostede pode seguir instalado na autocompracencia, en vendernos ese país das mil marabillas, pero no 2020 os galegos e galegas diranlle nas urnas que é o que opinan sobre a desfeita que vostede fixo na política social de vivenda. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, eu intento contestarlle ás súas propostas. Vostede falou de sanidade, falou de recortes. Iso si que é o mantra permanente, ese é o mantra. E a vostede sempre lle molesta que fale do BNG, pero o BNG goberna nalgúns sitios —en poucos, pero goberna—, e gobernou ademais en Galicia as políticas de vivenda. E, cando o BNG gobernaba, o 70 % do salario dun mozo había que dedicalo a unha vivenda, e agora é o 30 %. Esa é unha gran diferenza entre as políticas de vivenda súas e as nosas.

Fala vostede de desafiuzamentos. ¿Pode dicirme exactamente se hai algunha comunidade que puxera máis medidas contra os desafiuzamentos que Galicia? Doce: dación en pago de vivendas protexidas, realoxamento de afectados por execucións hipotecarias, aprazamento xudicial de desafiuzamentos, Programa Reconduce, Programa Rehabita, vivendas do Sareb en beneficio dos servizos sociais, acordo co Valedor do Pobo para a atención aos problemas en materia de vivenda; bancos comprometidos coa Xunta en convenios para poñer as vivendas á disposición, se é o caso; bono de alugueiro social; censo de vivendas baleiras; asesoramento xurídico gratuíto e programa de vivendas baleiras para alugamento social. Resumo: 2.470 familias ás que evitamos o seu desafiuzamento hipotecario ou de alugueiro.

E vén vostede aquí dicindo que nada se fixo. Pero ¿a que se refire vostede? Calquera desafiuzamento que exista en Galicia pódese notificar á Xunta de Galicia, ¡calquera! Todos eses que coñece vostede ¿por que non se notifican? Todo iso que está ocorrendo, ¿por que non o notifica ninguén? Por conseguinte, señora Pontón, ¿de que me está falando vostede cando resulta que as propostas da Xunta de Galicia son claras —bono de alugueiro, bono social e seguimos traballando—?

Volvo reiterar o tema do esforzo, e xa sei que non lle interesa. Pero vén aquí falar de vivenda cando un mozo galego tiña que destinar o 73 % do seu salario a comprar unha vivenda cando vostedes gobernaban e agora é o 31 %. É un indicador o suficientemente claro.



Mire, imos seguir traballando. Cincuenta e cinco mil familias beneficiáronse das axudas de rehabilitación da Xunta de Galicia, ¡55.000 fogares! Vostede está obsesionada con seguir construíndo vivendas. Nós estamos obsesionados coa rehabilitación. Son políticas distintas. Nós queremos rehabilitar o patrimonio de Galicia, vostedes queren seguir construíndo vivendas —e non sei onde— sen rehabilitar o patrimonio do país. Esa é unha gran diferenza entre os que amamos a Galicia e os que simplemente utilizan a Galicia para facer política. *(Aplausos.)*

Pero, mire, señoría, temos unha nova orde para adquisición de vivendas en centros históricos para os mozos: entre 12.000 euros e 10.000 euros por mozo para adquirir unha vivenda nun centro histórico. Acabamos de finalizar unha nova convocatoria para a xente que quere comprar vivenda no rural. Sorprenderíase vostede, esgotamos o cen por cento da convocatoria: 5.000 persoas van estar beneficiadas por axudas para adquirir unha vivenda no rural. ¿Non se dá conta de que a cuestión non é facer máis vivendas? Hai miles e miles de pisos baleiros, ¡miles! *(Murmurios.)* Non imos seguir construíndo vivendas, señoría, senón que imos axudar a xente a adquirir unha vivenda, que é cousa ben distinta. De construción de vivendas, señora Pontón, deberían vostedes de falar un pouco menos.

Mire, señoría, non sei exactamente do que presume. Honradamente, non sei se presume vostede de que o Partido Popular volvera ganar as eleccións con 21 puntos de diferenza sobre o BNG...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...ou non sei se presume vostede de que nin foron capaces de recoller a desfeita das Mareas e de que o BNG volveu baixar nestas eleccións municipais. *(Murmurios.)* ¿Realmente presume vostede disto? ¿Vannos dar clase agora do que hai que facer no ano 2020? ¡Deixe en paz os galegos! Os galegos faloron este domingo e os galegos van falar no ano 2020. Teña coidado, señora Pontón, porque despois do ano 2015 escoitei de todo, e despois veu o ano 2016. E por iso despois do ano 2019 virá o ano 2020.

Pero, mire, baixar medio punto... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

Remate, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Si, si, non se preocupen vostedes. *(Murmurios.)* O calendario nacionalista é igual que o calendario mundial, primeiro o 2019 e despois o 2020. *(Risos.) (Aplausos.)* Non teñan ningún inconveniente, que é así. *(Aplausos.)*

Pero, mire, vostedes están moi contentos con baixar nas eleccións municipais. Nós estamos absolutamente comprometidos para seguir subindo nas eleccións autonómicas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dunha colaboración efectiva coas institucións locais

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Xoaquín María Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Socialista.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor Núñez Feijóo, rematado este longo ciclo electoral, eu creo que é hora xa de sacar a camiseta de partido e enfundar a camiseta de goberno, de gobernante. Vostede —xa sei— non se presentaba nin ás eleccións xerais nin ás municipais nin ás europeas. Pero todos sabemos que os resultados de todas elas teñen unha mensaxe diáfana, e vostede tamén o sabe. O Partido Popular perdeu en Galicia 200.000 votos e a hexemonía política nas eleccións xerais. Perdeu só nas cidades, nas sete cidades, 73.000 votos neses comicios. Perdeu as eleccións europeas con moita claridade e deixou no camiño poder municipal, concelleiros e alcaldes. *(Aplausos.)* Vostede critica o Bloque Nacionalista Galego polos resultados municipais, pero vostedes baixaron moito máis neses comicios, señor Núñez Feijóo.

A mensaxe en Galicia é de cambio. Repito, a mensaxe en Galicia é de cambio. *(Aplausos.)* E ¿sabe por que? Falaba vostede dos servizos básicos. Pois a cidadanía parece estar insatisfeita coa súa política en relación cos servizos básicos, e si, tamén na atención sanitaria, singularmente na atención primaria, cos pediatras que faltan, cos profesionais que non son substituídos nas vacacións, cos centros de saúde aos que lles faltan investimentos, que carecen do persoal adecuado; cos centros escolares con severas carencias, centros de día ou residencias prometidas que non se fan ou non se abren, infraestruturas que ano tras ano son preteridas. E quéixanse ademais con razón de que hai un trato desigual no territorio en función da cor política duns alcaldes e outros.

Cando un percorre —vostede tamén— unha Galicia baleirada —como se di agora—, percibe eses esforzos de tanta xente para construír un mínimo tecido social que permita manter a vida en comarcas que se van desertizando —xa hai algunhas con menos de 10 habitantes por quilómetro cadrado—, e a xente coa que falas di que a Xunta de Galicia non fai o suficiente.

Vostede non debe limitarse, neste ano e un pouco que queda para rematar a lexislatura, a xestionar co máximo rendemento electoral unha socioloxía favorable nunha Galicia que esmorece. Iso non é suficiente. Impulse o seu dinamismo aínda que non lle vaia ben electoralmente, con diálogo, desterrando o clientelismo, con planificación e cunha visión de luces longas.

E na Galicia urbana eu creo que houbo un rotundo rechazo ás súas políticas. Mandou a cinco ex-conselleiros á area local e teño a impresión de que ningún deles vai acabar gobernando eses concellos pese á súa implicación na campaña, señor Feijóo. ¿Recoñece ese fracaso como seu ou vaino apuntar á conta doutros? Eu creo que debe recapacitar, corrixir as políticas e seguramente entón poderá acertar. O enfrontamento cos representantes locais lexítimos destes anos non lle deu resultados. Levante vetos e barreiras, axude a construír e non a bloquear, sen sectarismos e tendo en conta a realidade social e política. Seguro que vai acertar



mellor así, agora que hai unha nova etapa de goberno. Quédalle un pouco máis dun ano de lexislatura. Aproveite para desbloquear proxectos —o da intermodal da Coruña, as áreas metropolitanas, o barrio da Residencia en Lugo, en fin, o xacobeo do ano 2021, a EDAR de Compostela ou o centro de saúde en Vilagarcía—, ou para favorecer que a Deputación poida poñer en marcha de verdade a política de residencias que quixo impulsar nestes anos —por poñerlle algúns exemplos de cambios na súa relación coas entidades locais urbanas que van favorecer a cidadanía—. Está na súa man dar ese cambio, que é absolutamente necesario. Saque a camiseta de campaña, súa a de gobernante. Cambie e acertará. (*Murmurios.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor Leiceaga.

Dá vostede unha rolda de prensa da interpretación dos resultados electorais por parte do señor Leiceaga. Bueno, paréceme ben. Tivemos varias roldas de prensa despois da noite electoral e agora ten que ter a súa. A min paréceme ben.

Eu —como xa tiven unha rolda de prensa e xa o expliquei a noite electoral— quero felicitar a todos os candidatos que gañaron as eleccións, sexan do partido que sexan. Creo que é o que corresponde en democracia.

Permítame, como estamos no Parlamento e houbo candidatos que se presentaron ás eleccións, pois felicitar os que ganaron. Eu teño que felicitar a deputada Beatriz Mato por gañar no concello da Coruña, (*Aplausos.*) teño que felicitar a José Manuel Rey por gañar no concello de Ferrol, (*Aplausos.*) e teño que felicitar a César Fernández por gañar no concello de Ribadavia. (*Aplausos.*) Esa é, señoría, a democracia como a entendemos. (*Aplausos.*) ¡É a democracia como a entendemos! (*Aplausos.*)

Comprendo, señoría, que ser do Partido Popular e gañar non vale, (*Murmurios.*) e ser do Partido Socialista e perder si vale. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Esa é a gran diferenza entre un partido, o Partido Popular, e o Partido Socialista. E por iso eu milito no Partido Popular e lamento que o Partido Socialista interprete así os resultados electorais. (*Aplausos.*)

Pero, en fin, señor Leiceaga, hoxe vimos algunha intervención periodística de alcaldesas do Partido Socialista que perderon as eleccións e din: «Fomos reafirmados nas urnas». (*Risos.*) E resulta que reafirmar nas urnas, para o Partido Socialista, é perder; e que gañar nas urnas, para o Partido Popular, é perder. Entón, señoría, como comprenderá, eu creo na democracia e creo na intelixencia do meu país, que nos fixo seguir gobernando.

Mire, señor Leiceaga —con todos os respectos e sen minusvalorar nada o triunfo que tiveron vostedes nas eleccións europeas—, nas eleccións municipais, a pesar de todo isto que temos que facer de actos de contrición etc., recordo que perderon vostedes as eleccións municipais.



Si, señor, gañaron practicamente en toda España e perderon en Galicia. (*Murmurios.*) Gañaron en todas as comunidades autónomas e perderon en Galicia. Ou aquí somos mellores ou vostedes son peores, (*Risos.*) (*Murmurios.*) non sei exactamente cal das dúas propostas lle parece a vostede ben. Agora, se cre vostede que nós estamos conformes cos resultados electorais, pois non, evidentemente; por iso, señor Leiceaga, a humildade —créame— sempre dá resultados.

Cando nas eleccións municipais do ano 2015 gañamos pero non conseguimos os resultados que queriamos, puxémonos a traballar. E non deu mal resultado no ano 2016. Por iso nós imos seguir traballando cos concellos, sen ningunha dúbida. Tanto é así que, coa Federación Galega de Municipios e Provincias, durante estes catro anos, chegamos a máis pactos ca nunca. Por exemplo, mire, nos centros de saúde, no mantemento, no Bipartito cero centros de saúde pagaba a Xunta de Galicia —titularidade dos concellos—. Nós xa estamos pagando 111; por exemplo, financiando os xulgados de paz; por exemplo, financiando o 50 % dos parques de bombeiros coa Administración local; ou, por exemplo, creando un fondo extraordinario para as fusións; ou, por exemplo, poñendo un fondo medioambiental de 90 millóns de euros para todos os concellos que teñen parques eólicos; ou, por exemplo —a pesar da crise e da recesión económica—, mantendo o fondo de cooperación local.

Señor Leiceaga, mire, para colaborar é necesario que dous queiran colaborar. Por iso sorpréndeme que vostede me fale aquí nada máis e nada menos que do barrio da Residencia en Lugo. Pero ¿non sabe vostede que estivemos dez meses sen licenza para construír en Lugo e estamos esperando por iso? Din que no último día electoral nos concederon a licenza.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Espero que sexa así.

Pero, señor Leiceaga, a min paréceme moi ben a lectura do Partido Socialista nas eleccións municipais. Pero quero recordarlle —un pouco por respecto á Cámara— que hai aquí tres deputados que se presentaron ás eleccións, que gañaron limpamente as eleccións e que merecen o respecto da Cámara. Non podo falar así de ningún deputado do Partido Socialista e do BNG.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, estráñame que non felicitara tamén a súa deputada que ía nas listas de Vigo, e ao seu conselleiro que ía nas mesmas listas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Pero non quero dicir nada. (*Aplausos.*) E, en todo caso, vendo as caras dos deputados aos que felicitou, dáme a impresión de que teñen unha alegría moi contida. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

En todo caso, señor Feijóo, gústame que vostede siga mantendo esa defensa da lista máis votada, como fai a súa correligionaria Ayuso, en Madrid, ou Almeida. (*Risos.*) É un exemplo



de coherencia o Partido Popular nestes temas. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) Non, xa sei que vostede ten diferenzas coa dirección do partido en Madrid, seguramente moi evidentes. Non quixo ser xogador franquicia do PP, pasou a entrenador, e quere que aquel que está empeñado en xogar na extrema dereita xogue de medio centro, pero, en fin, non ten habilidades para iso, ¿que lle imos facer? (*Risos.*)

O movemento demóstrase andando, señor Núñez Feijóo. A retórica non pode substituír a xestión. Fíxese, vostedes están presumindo de que teñen un grande empeño en reforzar a sanidade pública, pero no pleno anterior votaron en contra da nosa proposta para aumentar en 60 millóns os recursos para a sanidade, o cal era perfectamente posible. E neste pleno votan en contra de levar á norma dereitos que poñerían en práctica aqueles que vostedes están prometendo pero que non dan concretado. Por iso, as cousas non só hai que propoñelas, senón que hai que levalas á práctica con recursos e con normativa.

En relación coa Galicia non urbana, eu creo que vostedes teñen a oportunidade de modificar a normativa de subvencións para eliminar aquelas subvencións exprés que privilexian os que teñen mellor información que outros e que chegan antes ás convocatorias. Poden facer unha planificación estratéxica que deberían traer a esta Cámara para garantir en todo o territorio que haxa servizos en proximidade dos núcleos de poboación que existen no rural. Iso sería unha boa noticia, cambiaría as súas políticas. E na Galicia urbana, efectivamente, pídolle humildade e pídolle diálogo; que vogue, en vez de fiar, que vaia a favor dos concellos, empezando por darlle carpetazo a esa Comisión do Marisquiño que atentaba contra a autonomía doutra institución e que, por certo, teñen vostedes parada desde hai non sei canto tempo. (*Aplausos.*)

Deben darlle unha oportunidade á colaboración coas institucións democráticas urbanas, desbloqueando as áreas metropolitanas, montando consorcios metropolitanos de transporte, co necesario protagonismo das entidades locais, e aliñándose coas solucións que están dando os alcaldes en moitos lugares en vez de bloquear esas solucións por interese partidario.

Elimine algunhas barreiras, promova a colaboración institucional e rectifique as súas políticas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Eu non sei se o vicepresidente, que ten ao lado, que foi o encargado de combater desde o poder da Xunta os poderes locais lexítimos na provincia de Pontevedra, é o máis adecuado para esa tarefa. Seguramente os resultados tamén o fixeron rectificar.

Non perda o tempo, rectifique e acertará.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche da pregunta, señor presidente.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, comprenderá que temos unha visión distinta, por iso vostede está actualmente no Partido Socialista e por iso eu milito nun partido que cre profundamente na democracia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Un momento! Se me quere vostede deixar falar, sería bo.

O Partido Socialista, por suposto, tamén cre na democracia. ¡Ata aí podíamos chegar! O que pasa é que, cando vostede di que os candidatos do Partido Popular que gañaron as eleccións non deben de estar contentos, é un matiz que non compartimos. Porque vostedes van ter alcaldías con porcentaxes de voto inferiores, por exemplo, á que conseguiu o candidato do Partido Popular en Ferrol. E creo iso debería de producir un pouco de respecto para un partido tan antigo como o Partido Socialista. E que vostede non respecte que os candidatos que gañan merecen un recoñecemento da Cámara é, cando menos, un tic antidemocrático, impropio de vostede. *(Murmurios.)* ¡Si, señoría! Que vostede se burle dun candidato que consegue a maioría absoluta menos un escano, ou doutro candidato que gaña na cidade da Coruña, ou doutro candidato que gaña claramente en Ribadavia, que foron os que se presentaron, señoría, pois é un tic impropio.

Mire, permítame que cite: «Feijóo comezou unha viaxe sen retorno»; «En Galicia ábrese un cambio de ciclo político»; «Estas eleccións déixanos a Presidencia da Xunta en bandexa».

Señor Leiceaga, isto non é o que dixeron vostedes na noite pasada, no ano 2019. Non, non, isto é literal, é o que dixeron vostedes despois das eleccións municipais do ano 2015. *(Murmurios.)* Vostede foi candidato no ano 2016. Xa sabe o que pasou. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non subestime os galegos, saben perfectamente distinguir como votan, a quen votan e de que se trata. Por iso, señor Leiceaga, non subestime vostede a intelixencia dos galegos e deixe que os galegos elixan o presidente da Xunta próximo no ano 2020.

Xa lle digo, señoría, que o que está a suceder no ano 2020 aínda non o coñecemos, está por ver. Pero se vostedes foran un pouco máis humildes terían máis posibilidades. Aos galegos gústalles máis a humildade que a soberbia. E por iso nós somos humildes aínda cando gañamos, señor Leiceaga.

Insisto, con todo o desastre que di que somos, vostedes perderon as eleccións, e o Partido Popular en Galicia foi o partido que menos baixou de todo o Partido Popular en España, ¡de todo! E o Partido Popular de Galicia nas eleccións xerais foi o que obtivo mellores resultados de todo o Partido Popular en España. Por iso deberían ser respectuosos para os galegos que votaron, que non se equivocan. Mire, hai que recoñecer que o Partido Socialista Obreiro Español en Galicia ten mellor marca nas eleccións europeas que o Partido Socialista de Galicia nas eleccións municipais. Iso é evidente. Que vostedes en Galicia conseguiron mellores resultados nas eleccións xerais e europeas non o podemos negar; agora ben, que vostedes perderon as eleccións municipais, ¡por favor!, non o neguen. Non o neguen porque, se non, están negando simplemente que estamos no Parlamento de Galicia e que vostede se ri dos candidatos do Partido Popular que gañaron nas eleccións municipais. E iso non o deben de facer, señoría, non o deben de facer. *(Aplausos.)*

Mire, dende que chegamos á Xunta... *(Murmurios.)* O que este ano transferimos aos concellos, entre o Fondo de Cooperación Local, o Fondo de Compensación Ambiental, etc., son máis de



450 millóns de euros. É dicir, o que transferimos aos concellos no ano 2018 é máis que o presuposto completo de tres consellerías, da Consellería de Medio Ambiente e Vivenda, da Consellería de Cultura e Turismo e da Consellería do Mar. Dicir que non colaboramos cos concellos de Galicia, cando resulta que as transferencias que facemos aos concellos son superiores a tres departamentos da Comunidade Autónoma, é simplemente descoñecer os presupostos ou vir aquí facer unha rolda de prensa sobre os resultados municipais.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Foron 1.100 millóns de euros en abastecemento e saneamento sen ter competencias; acabamos de poñer 28 millóns de euros, por primeira vez, para a limpeza nos ámbitos rurais, competencia exclusiva dos concellos de acordo coa lei de lumes aprobada polo Bipartito.

Señor Leiceaga, nós imos seguir traballando por Galicia, non teña vostede ningunha dúbida. Claro que tanto imos seguir traballando por Galicia que respectamos os resultados electorais. E, xa lle digo, señor Leiceaga, gañar en tres provincias de catro, gañar en tres deputacións de catro ou empatar co Partido Socialista en número de cidades como lista máis votada, vos tedes interpretáno como unha gran vitoria do Partido Socialista Obreiro Español. Moi ben, nós interpretamos o resultado das municipais como unha gran mensaxe para seguir traballando cara ás eleccións autonómicas do ano 2020.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E daquela, señor Leiceaga, valoraremos eses resultados.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos coa orde do día, neste caso o punto 4º, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre a elaboración dun plan de xestión do xabariil

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Adiante, señor Rivas, cando queira.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Señorías, permítanme, en primeiro lugar, dar as grazas a un ilustre orador desta Cámara pola preocupación e axuda prestada a este humilde deputado, que non andaba no bo camiño. Vos-



tedes saben que pretendía ser alcalde e que —nunha desconsideración por min mesmo— pretendía vivir da miña pensión, como xa fixera dous meses e dous días de 2015. Ese ilustre orador debullou o pasado 23 en Boimorto o meu posicionamento e o do BNG diante do grave problema do porco bravo —con perdón das súas caras— para que non me votaran. Mentiu, si, pero foi piadosamente, para me facer o favor e así poder seguir de parlamentario cobrando este salario que ben seguro me ha facer rico no ano e pico que me queda. Porque saberán vostedes que o posicionamento debullado, cunha arte oratoria nunca oída en Boimorto, expresábase de xeito que nós, o BNG, estabamos en contra das batidas ao xabril e que ademais eu amaba tan fundamentalmente esta especie que gozaba mesmo ata chegar á éxtase cando desde o coche os vía fozar e destruír cultivos ou praderías, ou retozar ás beiras das estradas. Conseguido tan nobre fin de axudar a confundir e a apartarme do mal camiño, vou tentar situar as cousas no seu lugar.

Porque o conto é serio, calquera de nós desta Cámara que andamos casa a casa polo rural deste noso país, démonos de conta de que a primeira preocupación que ten a xente non é o paro, non, non é nin sequera a axuda social. É o porco bravo, porque está destrozando as ilusións da xente que planta, da xente que pon patacas, da xente que bota millo forraxeiro, da xente que ten horta profesional.

Eu pódolles falar de grupos empresariais que teñen perdas de 34.000 euros ata o momento en leiras de 9 hectáreas plantadas a arandos, plantadas a framboesas, plantadas a... E que lles levantaron 4 hectáreas das 9 hectáreas. É serio, señores deputados.

¿Batidas? Batidas. Pero é que vostedes reducen a solución do problema ás batidas e non está aí. Porque ¿saben o que pasa? Miren, para dar unha batida ao porco bravo necesítanse oito cazadores mínimo, e os xoves non se dan xuntado. Para dar a batida ao porco bravo necesítase ter espírito de matar ese bicho e de acabar con ese bicho que nestes momentos é un bicho que nos está destrozando por dentro.

Fíxense, os xoves non se celebran a maior parte das batidas, perdidas por falta —o 90 %, segundo estatísticas feitas— de axentes medioambientais. Fanse cousas como a de agardar con arqueiros para matar só os machos. Digan vostedes como de noite un arqueiro distingue un macho dunha femia. Por suposto que se establecen esas moratorias de cazadores para aquelas femias que teñen crías. Estamos falando dunha peste, dunha peste nestes momentos, e vostedes non o recoñecen.

¿Gaiolas? Vostedes falan de gaiolas, que a maior parte delas teñen que instalalas os afectados e teñen que pagar o seu uso. Pero pagar o seu uso quere dicir que teñen que pagar tamén a xestión das capturas. E a xestión das capturas non é moco de pavo. A xestión das capturas inclúe eutanasiar as capturas con persoal veterinario.

Danos. Camaceiros... ¿verdade que sabemos o que son, Miguel? Camaceiros nos prados que levantan terra e que fan que os silos non sexan, que se destrúan; que as bolsas de silo leven terra e, polo tanto, non sexan comestibles.

Falamos de xente que está utilizando drones para os seus cultivos, tanto nos cultivos de arandos como nos cultivos de horta, drones para poder fertilizar as patacas, drones para poder fertilizar os allos. Están utilizando tecnoloxías punta e están a punto de abandonar.



Falamos da agricultura de autoconsumo, que está sendo rebentada. Repítolles, ¿vostedes foron casa a casa e fixéronse nesas hortiñas tan ben preparadas, fixéronse nesas leiras tan ben acondicionadas pola sabedoría da nosa xente e fixéronse en que están desesperados? ¿Ou non falaron disto e falaron doutras cousiñas?

A Consellería fálanos de autodefensa, e, polo tanto, é o mesmo agricultor, o mesmo gandeiro, quen se ten que defender desta peste. As axudas húbboas no 2016, e volveunas haber agora no 2019. ¿Por que? Porque era ano de eleccións. Pero as axudas, as ordes de axuda, son unha burla, unha auténtica burla á xente. Miren, contempla a PAC —os que cultivan horta profesional non teñen PAC—; contempla o Reaga —os que cultivan horta profesional non están inscritos—. Hai que fixar os contratos de alugamento —non hai contratos de alugamento na horta profesional en moitos casos—.

¿Que é o que pedimos nós? Pedimos un plan de xestión. E un plan de xestión quere dicir tomar o touro polos cornos e facer unha acción programada e estudada, milimetrada, con estudos de poboación, con gaiolas, con accións científicamente feitas

Por último, o xabaril —e isto quere desmentir o que se dixo da nosa posición— está a experimentar nas últimas décadas unha explosión demográfica, para un proceso que semella común en boa parte do todo o territorio europeo. A especie, pola súa bioloxía, se por algo destaca, é pola súa gran capacidade de adaptación, véndose beneficiada pola forte transformación dos usos do monte e polo seu abandono. Cando a piara atopa condicións propicias, pode criar con éxito, incluídas as femias que teñen menos dun ano de idade, cando xa superen os 30 quilos de peso, sendo tan prolíficas que por parto sacan unha media de catro crías, aínda que estas taxas aumentan canto máis comida teñan.

Esta estratexia de natalidade sorprendente pode verse beneficiada por unha intensificación da caza nun fenómeno de compensación de natalidade ecolóxica; a maior mortalidade, increméntase a súa reprodución. Os expertos apuntan que isto pode estar a suceder co xabaril, xa que a intensificación cinexética facilita o acceso á reprodución dun maior número de femias máis novas.

Esta alta capacidade reprodutiva, xunto co fenómeno da compensación da natalidade ecolóxica, favorecida polas condicións propicias que agora deparan os nosos montes, axuda a recuperar en moi curtos períodos de tempo poboacións que se pensaban case anuladas ou moi reducidas pola acción da caza, e isto xera unha situación envolvente sen fin, co que se estaría a explicar que o número de xabarís non baixa a pesar de tanta caza.

Segundo os expertos, as batidas por si soas non permiten reducir o problema, apuntando que o que se vén facendo supón un auténtico disparate e detonante doutros graves problemas ambientais sobre a fauna do territorio. Durante varios anos sucesivos, levan aumentando o número de autorización de batidas e cada vez prolongando máis os períodos para realizalas. Así, entre os anos 2011 e 2015 lévase cazando unha media de case quince mil xabarís anuais, un número que triplica a situación de hai unha década.

Señores deputados, cremos que é necesario tomar en serio o xabaril. Creemos que é necesario tomar en serio o xabaril porque está destrozando o pouco que nos queda da agricultura e



está, sobre todo —que é o maior destrozo— invitando a xente a non cultivar, está invitando os gandeiros a botar millo forraxeiro soamente en certas parcelas e está invitando ao abandono, e non nos fai falta.

Señores deputados, saben vostedes que a orde das axudas á prevención foi criticada aquí e mais na Comisión 7ª duramente pola oposición e non foron respondidas nin en tempo nin en forma as cuestións que lles planteabamos. Pensen, señores deputados, que non hai cultivo de boniato en Galicia, non hai cultivo de boniato, e a orde de axudas contempla ese cultivo como susceptible de ser previsto nos seus danos.

Señores deputados, señoras deputadas, é un problema de país, grave, enormemente grave, do noso campo, do noso maltratado campo, que pode ir ao abandono.

Señores deputados, señoras deputadas, pénseno ben. É preciso volver á artesa, que volva ser amasada a orde de prevención, e é preciso tomar en serio os topes de axudas e é preciso tomar en serio un plan de xestión do xabaril, en serio, e en serio quere dicir cientificamente deseñado, consultados todos os que poden opinar sobre este problema e feito en serio para un país que quere ser serio e que quere ter un futuro serio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Agora imos saudar os alumnos do centro Felipe de Castro, de Noia —son alumnos e alumnas de 6º de primaria—, tamén os seus profesores, que hoxe nos acompañan. Benvidos ao Parlamento.

E agora ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, dona Patricia Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Eu tamén quero saudar os alumnos do colexio de Noia. Benvidos e benvidas á casa do pobo galego que é o Parlamento de Galicia. Eu agardo que leven unha boa imaxe deste Parlamento; seguro que por fóra e grazas a Hixinio a levarán; espero que tamén a leven dos deputados e das deputadas aos que nos toca intervir nesta iniciativa.

Porque estamos poucos, moi poucos, moi poucas, e o xabaril non é algo que nos teña que preocupar, sobre todo nese rural que parece ser que foi o graneiro de votos do Partido Popular e que o presidente Feijóo acaba de dicir que foi precisamente onde gañaron as eleccións municipais. Pois vese que non lles importa demasiado, porque esta era a lexislatura do rural e porque imos rehabilitar non sei cantas vivendas no rural; pois será para que vivan os xabarís dentro, porque non hai demasiada xente que viva agora mesmo no rural.

Nós imos apoiar esta proposición non de lei do Grupo do BNG —¡como non!—, porque temos dous puntos que cremos que son imprescindibles. O primeiro: é imprescindible retirar esa orde de decembro do ano pasado, que nós cremos que é unha solución parcial, é un parche,



para algo que —só fai falla ver os resultados— non funciona. Segue habendo xabarís, cada día medra máis a poboación, e iso quere dicir que esta orde para a prevención de danos que causa a fauna silvestre pois non serve practicamente para nada, sobre todo porque, ademais, vostedes non negocian, non falan, non dialogan previamente con ningún sector que está traballando a pé de país todos os días, tamén para evitar que o xabaryl se siga reproducindo. E, entón, sacan ordes como eses enxeñeiros que fan carreteras dende o seu despacho, sen baixar ao territorio, e aparecen pontes onde non teñen que aparecer ou estradas en liña recta en Galicia, cando aquí somos máis de curvas. Pois exactamente igual.

Vostedes deberían falar algo máis coas organizacións sectoriais e profesionais agrarias para que lles expliquen que é o que está a pasar no territorio de verdade.

E tamén é necesario xa un plan de xestión do xabaryl, porque o modelo de control non funciona. Se funcionase, non estaría aquí o voceiro do Grupo do BNG pedindo esta proposición non de lei. E só fai falla saír por unha das estradas de Galicia cun coche para que se nos cruce un xabaryl. Non só temos un problema no agro, temos un problema de seguridade viaria grandísimo, moi preocupante. De feito, hai seguros en Galicia que son superiores precisamente porque temos un problema co xabaryl e hai moitos accidentes de tráfico. Hai máis inseguridade viaria que noutros sitios, hai agora mesmo máis descontrol poboacional, máis danos e importantes perdas económicas. Iso quere dicir que o plan é imprescindible e que esta orde do ano pasado non serviu para nada.

Nós cremos que xa é o momento de que dende a Consellería de Medio Rural se convoque a unha mesa de traballo para buscar solucións, pero solucións de verdade. Tamén falta o plan de xestión do lobo, tampouco o temos, tamén o pedimos dende o 2011 e aquí estamos, seguimos igual. E voulles poñer un exemplo. Para o lobo en Asturias teñen un plan especial, tamén para o oso. Nós tampouco o temos, tamén o pedimos. Porque España ten a maior poboación de lobos de toda Europa occidental. Sobre todo están en Asturias, en Galicia e en Cantabria. En Asturias radiomarkan exemplares, porque ás veces, cando hai ataques de lobos, hai que saber onde están e, cando hai ataques de lobos, hai que saber tamén se son os mesmos ataques por parte dos mesmos lobos, se son os mesmos individuos. Fan análises de ADN cada vez que hai un ataque. Fan análises técnicas sobre se procede ou non o control poboacional.

O control do xabaryl e do lobo a través da caza non vale, porque, se valese, non habería máis poboación de xabaryl, como está habendo. Iso quere dicir que non se pode utilizar a caza, como non se pode utilizar a caza para controlar o raposo, como se está a facer.

Non hai estudos científicos, necesitamos estudos científicos. E, de feito, en Asturias o control do lobo faise pola gardería do Principado, non a través da caza. Estaría ben copiar doutros que o fan mellor ca nós e ao mellor aquí hoxe non estaríamos debatendo esta proposición non de lei.

O Grupo do BNG ten o noso absoluto apoio.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todas e a todos.

Hai unha semana gañaba no festival de Cannes, en Francia, o premio do xurado «O que arde», de Óliver Laxe, que facía —aínda non vin a película, película ademais feita en galego— unha estampa do que é a soidade no rural, o abandono do rural. El, Óliver Laxe, nunha entrevista, dicía que o rural vive un holocausto. Non se pode facer peor e non se pode ter menor visión. Pero xa se sabe: a xente da cultura normalmente soen ser *rojos peligrosos*, catastrofistas e pouco amantes de *la cultura del libre mercado*. Ben, isto dicíao el, como xa o dixera antes John Berger e como din os datos deste país.

É dicir, é unha mostra máis, un síntoma máis, das políticas de exterminio dunha cultura, de exterminio do rural. É unha mostra máis do abandono, do desleixo, da incompetencia de décadas de gobernos do Partido Popular, de décadas de non políticas da Consellería do Medio Rural, que se pode ver nos danos da fauna salvaxe e o seu descontrol; nos lumes, onde gastamos un de cada tres euros do orzamento da Consellería do Medio Rural en tentar apagar lumes; nos datos demográficos, devastadores, deste país, do abandono de núcleos de poboación; en que cada vez hai que pechar máis escolas, máis servizos, porque xa non hai poboación para usalos; na dramática perda de superficie agraria útil, onde Galicia xa só ten un 20 %; nun país que ten unha balanza alimentaria negativa duns mil millóns de euros anuais, é dicir, que temos que comprar fóra case mil millóns de euros de alimentos que non somos capaces de producir nun país onde se abandonan as terras. É o modelo implantado por un Partido Popular que gobernou a maior parte dos anos desta democracia en Galicia o que se ve, e vese tamén nisto.

¿Hai un problema, señoras e señores do Partido Popular, cos danos do xabaril? ¿Si ou non? Hai un problema. Dígano: ¿hai un problema? ¿Si ou non? Pero hai un problema do que nin sequera se coñece unha información veraz e eficaz, non sabemos datos certos da poboación do xabaril. Iso para comezar.

E despois non temos respostas. Nin sequera coñecemos unha estratexia de loita contra este problema, non coñecemos ningunha estratexia.

Como xa dixeron aquí os portavoces que me precederon, hai explotacións que están sufrindo danos que poñen en perigo a súa viabilidade futura, hai explotacións que decidiron non plantar millo xa nun país onde se lles di que cada vez hai que producir máis alimentación e importar menos e en cambio deixan de plantar millo neste momento, onde hai que depender menos da importación de pensos, porque llos destroza todos o xabaril. E hai explotacións que nin sequera poden optar ás axudas que ofrece a Xunta de Galicia.

Hai unha falta de diálogo e de sensibilidade co sector agrícola e gandeiro enorme, neste caso tamén. Non se escoitaron as propostas de mellora das ordes de axuda que dixo a xente afectada. Eu non sei se pensan que os gandeiros e os agricultores veñen facer demandas e reivindicacións ou manifestacións por deporte. Eu creo que non, eu creo que son os que mellor



coñecen o problema, e polo menos hai que escoitalos e hai que facer unha orde de axudas que conte coa súa opinión, cousa que non se fixo.

Ou se poñen máis cartos e se opta por compensar realmente todos os danos producidos polo xabaril, cousa que faría multiplicar o orzamento destinado ás axudas, porque nin sequera as que reciben son compensadas na súa totalidade polos danos que se fan, ou se vai a unha política de reequilibrio e de control da poboación. E, se se vai a isto, que é o máis razoable, o control da poboación, queremos saber cal é a estratexia que ten o Goberno galego para facelo. Eu non a coñezo, non a coñezo, e se é a que están vostedes implantando, señor Blanco Paradelo, é a estratexia do fracaso, a estratexia de non facer nada, a estratexia da incompetencia e da insensibilidade total. É exactamente o desartellamento dunha Consellería de Medio Rural que cada vez serve para menos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Prado Patiño. *(Murmurios.)*

Silencio. Ten que falar o señor Prado Patiño. Non o interrompan, por favor.

O señor PRADO PATIÑO: Grazas, presidente.

Bos días, señores e señoras deputados. E bos días ao colexio de Noia, benvidos ao Parlamento de Galicia.

Esta PNL que tratamos hoxe aquí, por iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, na exposición de motivos o que pide é que se retire esta orde e que se publique outra, ¿non? Eu creo, señor Rivas, con todo o cariño que lle teño, que isto é un pouco marear a perdiz. Levamos xa case seis meses con esta orde, a orde reúne todos os requisitos, a orde cumpre todos os fins e a orde, ¡home!, sempre se pode mellorar, claro que se pode mellorar. Neste momento, imos pensar que na metade do partido cambiar a orde, cando levamos mil quiñentas solicitudes feitas, quiñentas cobradas, pois non tería sentido.

Desde o Partido Popular somos conscientes de todos os danos que produce o xabaril. ¡Home!, eu vexo que a señora Vilán, con todos os respectos, di que en Asturias poden cazar o lobo os funcionarios; aquí non se pode cazar o lobo. É dicir, que respectemos un pouco tamén o que son os tecores de caza de cada concello e de toda Galicia, ¿entende?

Eu vou facer unha mención aos valores que se pagan aos agricultores e aos afectados. Eu penso que son os prezos que están no mercado. Se che queda un animal ferido, a eutanasia son 75 euros; un porco por exemplo de doce meses, 380 euros; un becerro de doce meses, se é de raza autóctona, 870 euros e, se é un pinto, 579; unha vaca de dous anos, rubia galega, 1.200 euros, e unha frisona de leite, 1.600 euros.

Nos danos do xabaril, o millo para gran págase 0,16 euros/ metro cadrado, 0,14 euros/metro cadrado se é forraxeiro para silo; a pataca, 0,44 euros/metro cadrado; e o boniato, señor Rivas, ao que vostede fai mención, pois tamén igual que a pataca.



A orde contempla todas as liñas de axudas que vostedes veñen reclamando nesta exposición de motivos, que son as seguintes. As de compensación de danos de xabaril, dotada con 811.000 euros, que se incrementou nun 35 % con respecto ao ano anterior. Aos danos ocasionados polo lobo destinamos 350.000 euros, que é un 25 % máis que no ano anterior. E os de prevención contan con 300.000 euros.

Desde o Goberno galego estamos convencidos de que a prevención é fundamental e consideramos que a mellor defensa contra os ataques é dotarse de medidas preventivas que nos axuden a evitalos, e por iso se publicou esta orde.

En canto ás características dos valados, as bases e axudas están baseadas en documentos técnicos encargados pola consellería, incluídos nun estudo específico que fixemos para valorar a eficacia dos diferentes métodos de prevención existentes.

No relativo á documentación da PAC, infórmoos de que non teñen que presentar nada, sempre que autoricen a súa consulta por parte da Xunta. Son datos que obran en poder da Administración.

E, por último, na xustificación das explotacións de autoconsumo, tendo en conta que non están inscritas no Reaga, é imprescindible que o beneficiario admita a medición do terreo.

Eu creo que está todo moi claro, xa que as bases inclúen uns requisitos marcados por lei, que son imprescindibles en calquera convocatoria, e están consensuadas no sector.

Imos falar da xestión do lobo. O lobo, polo Real decreto 297/2008, sabemos que forma parte destacada do patrimonio natural e cultural de Galicia. É o rei do monte; é dicir, non ten inimigos naturais. Aquí en Galicia forma parte do 30 % do territorio nacional, e hai como oitenta e cinco mandas, e o hábitat cambiou, ten menos monte, ben, ten máis monte —perdón— dende que foi o mal das vacas locas.

Con referencia á xestión do aproveitamento da especie do xabaril, a Xunta tomou as medidas de mellorar a xestión dos tecores, mellorar a xestión das zonas libres de caza e mellorar a xestión de especies dentro de certos espazos naturais.

Como sabedes, o inimigo natural do xabaril é o lobo. Ben, o xabaril come de todo, cría, reproducése moi rapidamente, ten de seis a dez crías e en Galicia hai como cento sesenta mil xabarís.

Eu quero facer unha puntualización a toda esta Cámara —e quizais aí acorde un pouco co portavoz de En Marea—, de que monte abandonado, non; monte rendible, si; rural galego rendible, si. Se temos menos monte abandonado, pois seguro que temos menos fauna salvaxe e menos incendios forestais.

Sabemos que o monte galego é privado. De cada catro habitantes que hai en Galicia un é propietario, sexa ben en titular ou en comuneiro. Pero o monte hai que coidalo e o monte custa cartos. O importante é frear o abandono, é facer máis sostible o rural galego.



Onte aquí estivo o conselleiro de Medio Rural e deu un espiche sobre o que será o Plan forestal de Galicia... (*Murmurios.*) —perdón pola expresión— (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) —é así—. Eu penso que o futuro de Galicia, do medio rural, é que a monte rendible, pois menos fauna salvaxe. Agora vemos os xabarís; un día vémolos en Sada, outro día vémolos en Bergondo, outro día vémolos en Lugo, outro día vémolos na Coruña. Ben, ¿que pasa co xabaril? Que hai unhas zonas protexidas. Por iso está contemplado nos tecores agora, pola Lei de caza, incluso facer batidas nesas zonas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRADO PATIÑO: Con isto, polo ben de Galicia, polo ben do rural galego, faremos un grande acordo que será ese Plan forestal de Galicia, e penso que, se acertamos, pois será benéfico para todos os galegos e para o medio rural galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Prado Patiño.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

A ver, nós pedimos que se retire ou que se faga unha corrección de erros, pero isto anunciámo-lo en xaneiro xa, é dicir, antes de que o problema se fixese gordo, porque agora o problema é gordo.

Nós non mareamos a perdiz. Nós simplemente imos constatando unha evolución realmente brutal do problema; é dicir, imos constatando que hai xente —vostede sábeo, señor deputado— que está pensando en dimitir. Hai un grupo empresarial que está pensando en dimitir. Mire, a un grupo empresarial de nove hectáreas, con malla de rombo plastificada e postes de diámetro de corenta e cinco, todo a dous metros de altura, con peche perimetral con tres fíos de pastor eléctrico e dous cans, adicada ao cultivo do kiwi, arandos e framboesas, rompeulle todo, entrou e entra diariamente, e lévalles rebentadas catro hectáreas, catro hectáreas de nove. Os danos e as perdas son enormes. Porque, ademais, esta xente, a colleita, como vostede sabe, apalábraa e ten penalización se non surte determinadas cadeas de distribución.

É que o problema é moi serio. Eu xa non lle falo dos gandeiros que vostede e mais eu coñecemos que botan o millo; eses xa están apartados, porque os apartan vostedes. Xa non lle falo das leiras de patacas nin das leiras de millo do país. Ademais, o porco sabe moi ben a onde vai: vai ao millo do país primeiro, que non é tonto.

Claro, é certo, porque é que, ademais, a capacidade que ten o porco bravo de adaptación e de superación dos atrancos que se lle poñen é tremenda, e iso hai que consideralo. ¿Como? Hai que consideralo nun plan de xestión. E o plan de xestión ten que ser feito cientificamente, non poden andar medidas ao chou, agora batidas, agora non sei que, agora..., son medidas erráticas.



Porque, de verdade, eu non teño nada en contra do porco bravo —ao contrario, é un bicho precioso, cando se che cruza e non che dá no coche, claro; cando se che cruza e o ves alí á beira da cuneta da estrada, á beira da noite ou xa sendo moi noite—, eu non teño nada contra el, pero nestes momentos é unha praga. Eu tampouco teño nada contra as moscas ou contra os mosquitos estes trompetteiros, pero cando te deixan aseteado pois empezas a pensalo.

Pero é que o que está en perigo é o futuro da labranza deste país. E déixense de retóricas. É dicir, empézase así. Non imos esperar a que o país estea completamente desenvolvido, etc., etc., senón que é agora cando temos que impedir que se subdesenvolva. Ese é o problema.

Miren, de verdade, o 012 nestes momentos non pasa aos axentes medioambientais a metade dos partes, non pasa a metade dos partes. Tomen nota e fáganllo saber á consellería. Non os pasa, sobre todo os que son particulares, primeirizos e particulares con pouca superficie, ou empresas que son a primeira vez. Non chaman nin os propios concellos. ¡Por favor! É dicir, o problema é serio, moi serio, tremendamente serio.

E nós soamente lles pedimos sentido común, que é o que lles pedimos sempre. Destinen recursos para abordar un plan serio. Xa anunciaron un no 2014, anunciaron outro no 2016. Tiñan ata dotación; non me acordo de se era 1,7 millóns, 2,7 millóns, non me acordo —unha cifra desas grandes—, e non fixeron nada. Non se sabe da Universidade de Vigo. Non se sabe nada. Vostedes ocúltano todo, porque non saben que facer.

Pois fagan. Hai xente no país disposta a aconsellalos, hai xente no país, séntense con ela, xente afectada, xente que entende, expertos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: Séntense con eles e fabriquen algo en serio, non collan corta e pega doutros lugares, que se nota cando aparecen os boniatos en Galicia. De verdade, é como para chorar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago de Compostela referidas á necesidade de aumentar na comarca o número de prazas residenciais de atención directa para persoas con diversidade funcional

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta Proposición non de lei (doc. núm. 47429).



Emenda de modificación.

O punto 1 da parte resolutiva iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«1. Reunirse de maneira urxente co Concello de Santiago Compostela e coas entidades sociais desta comarca, para coñecer as necesidades entidades sociais desta comarca, para coñecer as necesidades das persoas con diversidade funcional, e adoptar as medidas precisas para, establecendo unha dotación orzamentaria suficiente, solucionar as graves eivas de prazas residenciais existentes, incluída a marcha destes usos no Cegadi».)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-003584) (47429).

Emenda de adición.

Engadirase un novo punto 3:

«3.- Neste senso, solicitar do Goberno central que cumpra a súa parte do compromiso adquirido no Protocolo Xeral de Actuación que asinou coa Consellería de Política Social o pasado mes de abril de 2018, co obxecto de conseguir a posta en funcionamento integral do CEGADI».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición, ten a palabra a señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados e deputadas, esta iniciativa é realmente da miña compañeira deputada Paula Verao, e, debido a que hoxe non puido asistir, pois eu teño a honra de presentar esta iniciativa, xa que un tema como as necesidades de prazas de atención directa para as persoas con diversidade funcional, sexa na comarca de Compostela ou sexa noutra, pois é unha prioridade para min, como deputada, como persoa e para calquera do noso grupo parlamentario.

Elevouse de feito a pleno unha reivindicación das familias con persoas con diversidade funcional de Santiago, e precisamente por iso, porque é unha prioridade, aínda que esta temática, esta cuestión, xa foi tratada na Comisión 5ª, na comisión pertinente, co obxectivo de que a esta cuestión se lle dea a prioridade que hai que darlle e que se atenda unha necesidade urxente de persoas que son moito máis desfavorecidas que o común das persoas que teñen problemas no noso país.

Por iso é fundamental a necesidade de máis prazas residenciais para persoas con diversidade funcional, con necesidades específicas, na contorna de Santiago de Compostela.

Esta, de feito, non é unha reivindicación nosa, senón unha reivindicación da ANPA do CEE A Barcia e doutras entidades sociais do concello de Compostela, que veñen chamando a atención sobre as dificultades que teñen as persoas con diversidade funcional máis aló dos 21 anos, cando remata o período de escolarización.



A Asociación de Nais e Pais do Alumnado do Centro de Educación Especial da Barcia, xunto ás familias de persoas con trastornos do espectro autista e do alumnado do Centro de Educación Especial López Navalón, do Pedroso, agrupadas agora mesmo nunha plataforma, levan anos —non días, anos— reivindicando prazas públicas de atención residencial integral para persoas con diversidade funcional na comarca de Santiago, porque a carencia destas é dramática, non só nesta comarca, en todo o país. Pero, como temos que ir por partes, hoxe queremos tratar esta comarca de xeito singular.

Temos os exemplos, de feito, de máis situacións coma estas por todo o país, como a do CAPD de Ourense, co compromiso do 2016 e aínda do 28 de maio, agardando pola licitación da obra prometida para este mes; ou o prometido centro de continuidade para o alumnado da Infanta Elena, en Monforte.

A falta de atención precisa ás necesidades de persoas menores e mozas con diversidade funcional en Galicia viuse descarnadamente no caso do CEE María Mariño, cuxo persoal leva anos —outra vez anos— reclamando máis efectivos humanos, mellores instalacións e unha alimentación correcta e adaptada ás necesidades desas persoas. Pídense eses luxos como unha adaptación que estea adaptada ás necesidades destas persoas. De feito, tivo que saír ese escándalo na TVG e nas televisións —ben, na TVG non saíu, evidentemente, isto na TVG non sae— nacionais para que o señor Feijóo lles dedicara unhas mínimas palabras. Veremos en que queda a petición do informe que supostamente fixo o presidente da Xunta para solucionar este problema —que foi tan vergoñento e escandalizou todo o Estado, non soamente os galegos e galegas— e que medidas van aplicar en vista do que denunciou o señor Chicote. Non temos Parlamento, temos agora non soamente neste caso, senón noutros comedores —por iso cito o señor Chicote—. E agora denúnciase, non soamente aquí, xa que aquí nos amordazan, agora en canles nacionais as negligencias do Goberno de Feijóo.

A tónica é que a Xunta non atende as necesidades integrais desa poboación vulnerable e as propostas e reivindicacións da Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago de Compostela e arredores chegaron esta mesma semana por carta a todos os grupos —que vostedes o coñecerán porque tamén lles chegou—. Entre outras cuestións, algo tan simple como unha reunión e que se promova o debate neste órgano, neste Parlamento.

A sensibilidade mínima exige que todos os grupos —tamén o Partido Popular— asumamos esta realidade e deamos un impulso aos acordos aos que temos chegado, porque xa temos chegado a acordos que non se están cumprindo. Porque, desgraciadamente, as necesidades das persoas con diversidade funcional non están nas axendas como urxente. Vostedes din que si, pero, á hora da verdade, o Executivo non as coloca na axenda da urxencia.

A reivindicación da ANPA do CEE A Barcia é atender a situación dos fillos e fillas unha vez que pasan os 21 anos na comarca de Compostela, e así levan dende 2017 con concentracións diante de San Caetano, diante da Xunta de Galicia. As familias sofren unha dobre carga: a de coidar as persoas con diversidade funcional e proporcionarlles os recursos que precisan e, ao tempo, o esforzo de loitar polos dereitos que xa deberían corresponderlles. Hoxe non poden estar aquí, pero están pendentes deste debate e están atentos a este debate e reclaman



un acordo político para darlles impulso ás necesidades dos seus fillos e fillas e dos que estean nesta situación con diversidade funcional.

O feito de non contar cun centro específico de atención á diversidade funcional na comarca de Compostela provoca situacións tanto de falla de atención ás persoas con diversidade funcional como á falla de posibilidades de conciliación nas súas familias. Asemade, aínda cando conseguen atopar unha praza nun centro, o cambio de contorno é difícil para as persoas con discapacidade intelectual, e, por outra parte, son numerosas as familias que teñen que solicitar unha praza cunha antelación mínima de tres ou catro anos —que non sei se a vostedes lles parece moi normal isto— debido á súa escaseza. E todo son obstáculos, cando deberían en todo caso darse facilidades máximas ás situacións deste tipo.

O alumnado do Centro de Educación Especial A Barcia, de Santiago de Compostela, ao non ter centro de continuidade, inmediatamente despois da etapa educativa, sendo rapaces e rapazas de 21 anos, perden a súa socialización —o cal é dramático para eles—, perden o seu contorno social de amizades e compañeiros e sofren un parón na súa evolución educativa, que iso é todo o contrario á integración e igualdade deste tipo de persoas.

Contar con recursos estables e de proximidade é esencial para manter a evolución educativa destas persoas. Por iso unha das propostas específicas é que no Cegadi se poñan en marcha os usos residenciais de xeito estable tamén para as persoas con discapacidade intelectual, así como as prazas de centro de día.

As promesas de apertura do Cegadi —que xa tratamos tamén en distintas comisións— a usos de atención directa con persoas de diversidade funcional pois fóronse adiando con excusas varias: a Xunta alega que o atraso na apertura do centro de atención directa se debe ao atraso nunha transferencia de cincocentos mil euros pendente do Imsero e a necesaria posta en funcionamento dos dous organismos que neste complexo dependen do Estado, en virtude dun convenio asinado entre a Xunta e o Estado. Así mesmo, a Xunta volve prometer que en 2019 se comezará a licitar o material para a posta en marcha deste centro e promete que no que dependa da Xunta estará en funcionamento antes de que remate o 2019, obviando que xa prometera iso mesmo e abrir o Cegadi, primeiro, na primeira metade de 2017, logo, a finais de 2017, e seguimos exactamente igual.

De feito, no Plan de acción integral para as persoas con discapacidade do 2010 ao 2013 da Xunta prevíase a apertura do Cegadi en 2013, estamos en 2019. Non obstante, na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 nin sequera se menciona este complexo.

O Cegadi, centro destinado teoricamente a ser un centro punteiro de atención de xeito integral a persoas con diversidade funcional dende decembro de 2017, está aberto a determinados usos, albergando equipos da Consellería de Política Social, do EVO e da Funga, situación que utilizan para xustificar que o centro xa está aberto. Pero os seus usos principais a verdade é que non están en marcha, está aberto sen os seus usos principais en funcionamento.

O inicio do proxecto sitúase no ano 2007 e o custo total da súa construción supera os trece millóns de euros. Doce anos despois a principal necesidade, que son as prazas residenciais



de atención específica para persoas con diversidade funcional, segue sen cubrirse —e xa o falamos en comisión, non é soamente unha cousa que digamos agora—. A previsión de prazas de atención directa é de 162: 60 para habilitación funcional, emocional, psicosocial; 70 para formación; e 32 de residencia, moi necesarias polo acusado déficit das mesmas na comarca de Santiago, pero insuficientes no que ten que ver coas prazas residenciais.

Ademais, informóuselles ás familias de que estas prazas serían temporais, co cal non acharían a estabilidade necesaria para manter ese proceso educativo integrador que necesitan estas persoas. Isto é o esencial. O modelo de atención ás persoas con diversidade funcional e gran necesidade de apoio non pode ser envalas a moitos quilómetros das súas familias, a viaxes de horas por parte das familias e por parte das persoas con condicións delicadas de saúde: crises epilépticas recorrentes, cadeiras luxadas, dor na mobilización por cirurxías previas, escolioses pronunciadas, hospitalizacións frecuentes..., unha serie de cuestións que son fundamentais para poder vivir e que non é de recibo intentar xustificar que non se lles atenda.

Cómpren recursos de proximidade no caso de que sexa necesario e desexado un recurso de atención directa en centro. Esta importancia á proximidade no recurso está recoñecida ademais pola lei —como sinala a Plataforma na súa carta—, segundo o Real decreto 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social — artigo 13—, que di: «As administracións públicas velarán polo mantemento duns servizos de atención axeitados mediante a coordinación de recursos e servizos de habilitación e rehabilitación nos ámbitos da saúde, o emprego, a educación e os servizos sociais, co fin de garantir ás persoas con discapacidade unha oferta de servizos e programas próximos no contorno no que se desenvolva a súa vida».

Estas persoas foron escolarizadas nos colexios de educación especial de Santiago, debido a que as súas necesidades excepcionais non puideron ser atendidas no marco das medidas de atención á diversidade dos centros ordinarios das súas zonas de orixe. E aos 21 anos, con idades mentais de entre 6 ou 7 anos, vense separados do único contorno que ata agora os identificou: o seu colexio.

Hai unha serie de cuestións que me quedan no tinteiro e volverei citar na réplica. Pero esperamos dende o noso grupo e dende esta deputada que se faga un acordo político nesta Cámara nesta cuestión. É unha cuestión fundamental e non soamente que se vote aquí, senón que despois a Xunta realmente o meta na axenda de urxencia da súa xestión de goberno, e non como fai coma sempre, que o vota e queda por aí en papeis perdidos do edificio de San Caetano.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.



Moi bo día, señorías.

O certo é que os recursos públicos para as persoas con diversidade funcional, en concreto para os maiores de 21 anos, están na nosa comunidade autónoma apolillados; tenos apolillados o Goberno do señor Feijóo. (*Aplausos.*) Neste caso concreto falamos do Cegadi, un centro vangardista, pioneiro, de máis de oito mil metros cadrados, con vivendas para persoas con discapacidade, con aulas para investigación tamén. Licitado no ano 2007, ideado por tres administracións públicas gobernadas polo Partido Socialista, o Goberno do señor Touriño, que foi quen o proxectou e o orzou a través dun convenio de colaboración co Goberno de España do señor Zapatero, e coa colaboración do Concello de Santiago, co daquela alcalde, o señor Bugallo, ao que hoxe, tamén en nome do Grupo Socialista, quero aproveitar para felicitar polos resultados acadados este domingo. (*Aplausos.*)

A propia Estratexia galega de discapacidade do 2010 ao 2013 contemplaba que este centro tiña que estar rematado no ano 2013. O caso é que non se abriu nese ano debido á baixa cantidade, á baixa dotación orzamentaria que adicaba a Xunta de Galicia, e tamén a problemas económicos da propia concesionaria encargada de construír este centro. Na Estratexia galega de discapacidade do 2015 ao 2020 non aparecía o Cegadi, este centro desapareceu. E, claro, deberon pensar que, como non aparece no papel, o iamos esquecer. O caso é que nin o PSdeG nin as familias se esqueceron dun centro que, como xa se dixo aquí, é prioritario e necesario para a comarca de Compostela.

Nós preguntamos por este tema en outubro do 2017 e en novembro do 2018, na Comisión 5ª. As familias tampouco se esquecían —dicía—, porque se seguen manifestando, como xa se comentou aquí, para que este centro se poña en marcha e non siga, como ata o de agora, simplemente adicado a oficinas de servizos sociais para evitar pagar custos de alugueiro.

Dicíalles, señorías, que a finais do 2017 lle preguntabamos á directora xeral de Maiores e Discapacidade —daquela directora xeral, hoxe conselleira de Política Social— cando se ía poñer en marcha este centro. Eu traio hoxe aquí algunhas das frases da súa resposta: «está a piques de abrir» —falamos de finais do 2017; salvo que esta deputada teña un problema de ubicación espazo-temporal, estamos rematando maio do 2019—; «a posta en funcionamento ten carácter inmediato, nos próximos meses todos e todas poderemos comprobar como o Cegadi abre as súas portas»; «señora deputada, non se ría, o Cegadi abrirá antes de que remate o ano 2017». Estas eran as verbas da entón directora xeral, agora conselleira de Política Social. O caso é que non se abriu.

Volvemos preguntar no ano 2018. Pero aí o argumentario mudou; claro, había un cambio novo, había a quen botarlle a culpa, ao Goberno do señor Pedro Sánchez. A realidade é que o Partido Popular, o Goberno do señor Feijóo, lles mentiu a estas familias. Mentiulles da mesma maneira que o fai e o leva facendo durante estes anos tamén coas familias de Ourense, a única provincia que non ten un centro de atención a persoas con diversidade funcional para maiores de 21 anos. (*Aplausos.*)

No caso de Ourense trouxemos catro veces o PSdeG este tema, a apertura dun centro que tamén é prioritario. Había un compromiso —e eu quero lembrar esta foto (*A señora Blanco*



Rodríguez mostra unha fotografía.)— de todos os partidos políticos que nos presentabamos ás eleccións autonómicas, que asinamos os cabeza de lista, onde nos comprometiamos a que este centro estivera rematado ao 100 % de funcionamento no ano 2018. Ben, estamos no 2019, non hai nin unha soa pedra, o orzamento que se adica para este ano é de seiscentos mil euros, porque vostedes rexeitaron as emendas do PSdeG, un orzamento que é equivalente ao que soamente se emprega en limpeza na Cidade da Cultura.

Iso é o que a vostedes lles importan estas familias, familias que están pasando —e xa se dixo aquí— auténticos dramas familiares, con pais e nais que teñen que desprazarse centos de quilómetros as fins de semana para poder ver os seus fillos e fillas, con nenos e nenas que acaban ingresados en agudos en hospitais porque non teñen a onde ir e non os dan atendido estas familias, recludos nas súas casas sen facer ningún tipo de actividade. Estas son as consecuencias das súas políticas, das políticas do Goberno do señor Feijóo.

Nós neste caso rexistramos unha emenda, porque, si, consideramos que hai que recibir de maneira urxente todas as entidades e tamén, por suposto, o Concello de Santiago, o novo Goberno de Santiago, que terá que estar presente nesa mesa para avaliar as necesidades desta comarca e tamén para poñer e empezar a tomar medidas.

O caso é que, señorías do Partido Popular, mentir ten un custo moi alto en política, a vostedes xa non os cren. Boa mostra é que o PSdeG foi a forza máis votada en tres concellos en que precisamente houbo, hai estas eivas en materia de atención ás persoas con diversidade funcional: os concellos de Ourense, de Santiago e de Monforte, onde o PSdeG, como lles dicía, foi a forza máis votada. Tamén se avaliaban este domingo as políticas sociais municipais dos gobernos do Partido Popular e tamén as da Xunta de Galicia. Así que deixen de enredar. Como vai vir aquí agora a deputada do Partido Popular seguramente botarnos previsiblemente a culpa ao Goberno de Pedro Sánchez, que leva gobernando doce meses, non doce anos, dígoo xa para a aclaración.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Deixen de botar balóns fóra e póñanse a traballar dunha vez por todas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, en primeiro lugar, quero contextualizar este debate. A Xunta de Galicia e o Imsero subscribiron o 16 de abril de 2007, efectivamente, un convenio de colaboración para a construción en Santiago de Compostela dun equipamento, o denominado Cegadi, destinado á atención de persoas con discapacidade física, dotándoo de, efectivamente, solucións con-



tributivas que permitisen o desenvolvemento de novos servizos, como programas de rehabilitación e mantemento físico e social, programas habitacionais, de inserción social e laboral, de recursos comunitarios e programas de formación. Por tanto, estamos, señorías, ante un centro de dobre xestión pública: autonómica e estatal, péselles a quen lle pese. E quen queira dicir que só é autonómica mente, soberanamente mente, e mentindo dificilmente se chega a un debate serio e rigoroso. *(Aplausos.)*

Eu alégrome de que o Partido Socialista se interese agora por este centro, porque cando gobernaba en Santiago con ese señor, o señor Bugallo, non foi quen de darlle unha solución urbanística e foi o Goberno do Partido Popular, señora Blanco, o que no Concello de Santiago lle deu a solución urbanística ao Cegadi. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu alégrome de que vostede agora na súa emenda incorpore o Concello de Santiago. Será benvido que o señor Bugallo se preocupe por algo do que non se preocupou ata que entrou o Goberno do Partido Popular no Concello de Santiago. Si, señora Blanco, iso é unha realidade.

Así que eu lamento que só interese que sexa o Goberno de Santiago o que se meta no debate e lamento, señora Blanco, que vostede non introduza, como si introducimos nós, o Goberno de España, que é o que ten que dar a dotación orzamentaria para que esas prazas residenciais sexan unha realidade. Non lles mintan ás familias e non lles digan que non é responsabilidade do Goberno socialista do señor Sánchez que eses quiñentos mil euros que están orzados no orzamento que fixo, por certo, o Goberno de Mariano Rajoy para o 2018, e que segue vivente, porque está prorrogado para o 2019. Xa está ben de que o señor Sánchez e o Goberno socialista veña con agravios a Galicia. A política social téñena metida nun caixón máis que apollado, totalmente destartado, señora Blanco. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Miren, o 18 de abril de 2018, cun goberno do Partido Popular, de Mariano Rajoy Brey, así-nouse un protocolo xeral de actuacións para promover e impulsar propostas destinadas ao desenvolvemento do conxunto de programas innovadoras e boas prácticas no Cegadi. Ese protocolo, que firmou o Imserso, na súa cláusula cuarta —señora Blanco, eu recoméndolle que o lea, porque me parece que non o leu, ou, se o leu, veu aquí mentir, señora Blanco— incorpora un compromiso do Goberno central... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu non sei se alguén se quere despedir desta Cámara falando pois que lle deixen un turno para falar, pero que non interrompa, por favor, que non interrompa. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Os tics antidemocráticos xa os coñecemos, pero aquí toca así, primeiro falan uns e logo falan outros, e hai que respectar cando un fala a quen fala, aínda que non lle guste o que lle digan.

Por certo, ese é o compromiso do Imserso, quiñentos mil euros, que ten que poñer o Goberno de España para que se abran esas prazas residenciais. Déixenlles de mentir ás familias. E no Goberno de España gobernan vostedes. E, señora Santos, vostedes tamén, vostedes aprobaron a investidura do señor Sánchez, naquela moción de censura. ¿Por que vén vostede aquí dicir que a Xunta de Galicia? ¿Por que non vai a Madrid pedirlle eses quiñentos mil euros para esas prazas residenciais, que tanta falta nos fan, efectivamente, na comarca de Santiago? ¿Por que veñen vostedes aquí botarlle a culpa toda á Xunta de Galicia? ¿Por que veñen mentir e dicir que en 2017 non estaba aberto o centro?



Señora Blanco, o centro abriu en decembro de 2017, vostede mentiu unha vez máis nesta tribuna. Desde decembro de 2017, que está aberto o Cegadi —está aí para comprobalo—, estanse facendo moitas actividades. Están dicindo que non. Pois mire: atención a persoas en situación de dependencia, protección xurídica, patrimonial e social e agora un desenvolvemento dun proxecto innovador con Cogami, señorías.

E din que no 2019 non se abre. Pois miren, precisamente o pasado 16 de maio abriuse o proceso de selección para formar parte dese proxecto innovador e durante os primeiros días do mes de xuño comezarán a recibirse eses servizos aos seus primeiros usuarios, que serán atendidos por unha plantilla de dezaoto persoas de perfil sociosanitario: fisioterapeuta, terapeuta ocupacional, traballadora social, neuropsicóloga, logopeda.

¿E todo con cargo a quen? Á Xunta de Galicia, que é a que o paga, e o Goberno do Estado, ese tan social, socialista, progresista, do señor Sánchez, cero euros, señora Blanco, cero euros, señora Santos. Vostedes están gobernando en Madrid e non lle reclaman ao señor Sánchez que aporte o que ten que poñer para este centro, para estas prazas residenciais que tanta falta nos fan e co que nós estamos absolutamente de acordo en que ten que ser así.

Vostedes dicían de reunirse coa Plataforma de familias. Efectivamente, a Consellería reuniuse. É máis, vostedes saben que o director xeral tamén forma parte desas familias, vostedes sábeno perfectamente; ten unha sensibilidade especial con ese centro, señorías. Así que non veñan dicir que a Xunta de Galicia nin aporta nin traballa nin ten sensibilidade co tema; ten moita, non só política, senón, como xa lles acabo de dicir, incluso a nivel persoal.

Din que a carta da Plataforma había que lela. Eu lina con moita atención, tamén falei con elas por teléfono. Non as puiden recibir porque non encaixaban as súas axendas, porque ata despois das eleccións non lles encaixaban as axendas. Non pasa nada, nós recibíremola, pero a Xunta de Galicia xa a recibiu, xa falou con elas e xa está en contacto con esa plataforma.

Di: promover a inmediata posta en funcionamento do proxecto de centro residencial iniciado por Aspanaes. Aspanaes non ten iniciado un proxecto de centro residencial, é un centro ocupacional.

E, por outra banda, promover a inmediata posta en funcionamento do proxecto de centro residencial iniciado por Aspas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Señorías, ¿vostedes saben a cantidade de prazas que ten Aspas? Pois miren, ten de centro residencial 35 prazas, das cales 35 concertadas; paga a Xunta de Galicia. Centro de día, unidade de atención personalizada, conta con 30 prazas, 30 concertadas; paga a Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Centro ocupacional...



O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Si. Todas as prazas, señorías...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. Grazas. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* O asunto está claro. Grazas. Xa está o tema clarificado. Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Eu a verdade é que tamén vou empezar facendo unha petición, porque gobernaron uns, gobernaron outros, están uns, estiveron outros, teñen responsabilidades uns, teñen responsabilidades outros, e no medio unhas familias cun problema que ninguén lles está solucionando. *(Aplausos.)*

Realmente é preocupante que unha situación coñecida, unha situación trasladada —porque todos nos reunimos coas familias, que teñen o problema non de agora, senón de hai moito tempo—, sexa usada deste xeito para non acabar dándolle solución.

Eu tamén recoñezo que asisto un pouco escandalizada a cando se fala de prazas e di que paga a Xunta. Claro, é que é unha competencia da Xunta atender estas persoas. E claro, que se veña aquí como que é un mérito facer o que un ten que facer, realmente pon os pelos un pouco de punta. Dígoo así, con toda claridade.

E a verdade é que a Plataforma de Familias con Diversidade Funcional da zona de Compostela leva anos e meses mobilizándose, os últimos meses como plataforma, antes como ANPA e por separado, concentrándose, demandando, intentando visibilizar o problema. O que piden é dignidade para o colectivo e prazas residenciais. Piden que se aumenten prazas en centros que poden aumentar esas prazas, para dar unha resposta. Demandan que despois, efectivamente, dos 21 anos, de que hai unha escolarización obrigatoria, a partir de aí quedan en terreo de ninguén. ¿E que pasa cando determinados colectivos quedan en terreo de ninguén? Que as familias, se poden, o boten ao lombo. Esa é a solución que lles están dando neste momento, que as familias, se poden, boten ao lombo o problema.

¿Que nos trasladan as familias? Que con meses de antelación, antes de que pasen eses 21 anos, teñen que solicitar unha praza. ¿Que está acontecendo? Que, como case non hai prazas en Galiza, poden dárllela, nalgún dos casos, ¿onde? En sitios totalmente lonxanos. ¿Que significa? Desarraigo. Estamos falando de persoas que teñen 21 anos físicos, cronolóxicos, pero non mentais. Entón, que teñen unha socialización nun contorno concreto, cuns compañeiros e compañeiras concretas, que coñecen os seus cuidadores e cuidadoras, que teñen uns fisios que os están atendendo e que a solución que lles dan é ou que queden na casa cos seus familiares, que nunha parte moi importante non poden levarlos a residencias polo custo que ten —mil douscentos, dous mil euros e demais—, ou darlles prazas en zonas totalmente afastadas.



Problema de desarraigo para as persoas afectadas e problemón para as familias: trasladarse —se teñen en que—, custo económico, persoas que teñen —como xa se dixo— un nivel de ingresos hospitalarios importantes, dificultades para moverse... Diante disto, anos demando. Porque hoxe estamos falando da zona de Santiago, pero poderíamos falar doutras moitas zonas; efectivamente, de Ourense, podíamos falar do Salnés, podíamos falar de moitas zonas onde este problema é acuciante.

¿Cal é a angustia das familias? Que, cando non teñen familiares directos, ¿que vai pasar con estas persoas?, se non hai prazas residenciais, é dicir, se non se lles dá solución de inmediato e se non se lles dá solución para o futuro.

E o que están pedindo é o que contempla a lei, e que nos trasladaron por escrito, por se non o tiñamos claro. ¿Que di a lei? Que se garantizará ás persoas con discapacidade unha oferta de servizos e programas próximos no contorno no que se desenvolva a súa vida. ¿Estase cumprindo? Non. ¿Que di a lei? Que, así mesmo, deberán atender as necesidades básicas daquelas persoas con discapacidade que se atopen tanto nunha situación de especial vulnerabilidade —que é a maioría dos casos— como nos casos en que carezan de fogar ou familia ou cando existan graves problemas para garantir unha axeitada vivenda familiar. ¿Estase cumprindo? Non. Diso é do que se trata, diso é do que deberíamos estar tratando, de como non seguir demorando esta cuestión.

E xa non vou entrar no tema do Cegadi, porque estanse dando unhas datas de se no 2017, se no 2018, se no 2019... O Cegadi está rematado desde o ano 2009. Dígoo porque está moi ben logo ir dicindo que se dixo que se ía abrir... Non, está rematado desde o ano 2009. Ou sexa, dez anos rematado un centro, unhas necesidades acuciantes e resulta que paga ti, pago eu, soluciónao ti, soluciónoo eu, e non se lles dá resposta —acuciante, imperiosa, dramática— ás familias que teñen esta situación, que só abordamos aquí por encima, porque, se foramos ao fondo do que pasan todos os días, desde logo debían pórseos os pelos de punta.

Eu vou apoiar a iniciativa e agardo, á parte de se se apoia, que se faga algo dunha vez, por favor. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, darlles as grazas aos grupos que apoian a iniciativa ou que presentan unha transacción ou unha emenda co respecto debido a esta iniciativa e á situación destas familias.

Estou bastante escandalizada coa intervención da voceira do Partido Popular, aínda que tampouco non é nada imprevisible a súa intervención, porque do Cegadi xa falamos na Comisión 1ª tamén; entón, xa sabíamos un pouco por onde ía ir. E, dende logo, descargar a responsabilidade de falta de prazas residenciais na comarca de Compostela no Ministerio, á parte de



ser unha mentira, é unha desfachatez. A competencia da atención ás persoas con diversidade funcional, si, é da Xunta, é da Xunta. A responsabilidade de carencias do sistema é da Xunta. Porque non é este caso concreto, é un problema estrutural, de todos os servizos públicos da Xunta, non soamente neste caso.

E por suposto que o Estado ten parte de responsabilidade, sobre todo no que ten que ver co financiamento. Temos máis exemplos, como a Lei de dependencia. Nós, dende logo, estive- mos negociando co Goberno do Estado dende o noso grupo confederal precisamente para que se incrementaran as partidas orzamentarias neste eido; ou sexa, que nós sospeitosos de non pedir cartos para estas cuestións non somos, e sae en todos os titulares de prensa, así que nós, niso, a nosa responsabilidade cumprímola. Cumprimos intentar presionar o Goberno para que faga o que ten que facer no respectivo aos servizos sociais, ao salario mínimo interprofesional, ás pensións, etc.; todo o contrario que o señor Rajoy, por moito que enarboren.

Claro, o que non se pode dicir son mentiras: efectivamente, o Cegadi leva rematado dende o 2009 e leva aberto facendo certas tarefas mínimas e administrativas dende o 2017, pero non ten unha asistencia residencial; é unha mentira que se estea prestando, é mentira.

É por iso que unha das medidas a estudar é a posibilidade —como pide a plataforma, nin sequera o pedimos o noso grupo— de que parte das prazas residenciais que se precisen se habiliten nos propios centros educativos, e permitir a continuidade da residencia nas instalacións do internado do CEE A Barcia e do CEE López Navalón por parte do alumnado ata agora usuario. Sinálao a plataforma, que actualmente di que A Barcia conta con nada máis que sete residentes. Por outra parte, tamén é necesaria a habilitación do transporte viario das persoas con diversidade funcional que residirán nas posibles prazas habilitadas nestes centros de atención diúrna da zona, como as do Cegadi, para evitar o distanciamento entre os compañeiros e compañeiras.

Por suposto, nós imos seguir pedindo orzamento ao Goberno do Estado, como viñemos facendo. As leis como as do señor Montoro, que afoğan os concellos, tamén son de quen son; non son precisamente responsabilidade do noso grupo.

Nesta problemática —como sinala a plataforma— de persoas obrigadas ao seu internamento residencial debido a situacións familiares inestables é frecuente a separación dos proxenitores, predominando familias monoparentais, pais ou titores que envellecen e non poden atendelos como precisan por obrigas laborais diarias e un longo etcétera de cuestións.

Quero rematar pedíndolle...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor. E posiciónese sobre as emendas, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Nas emendas, hai unha emenda de transacción que trasladarei a ambos os grupos. Pero quero rematar —e pídolle ao presidente que me dea trinta segundos—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Menos, apure.



A señora SANTOS QUEIRUGA: ...sinalando o que di a plataforma na carta remitida aos grupos, que é moi concreto e que, se estivese ben o problema, non a remitiría aos grupos: «Somos conscientes de que a problemática social en xeral é enorme e complexa e de que afecta un amplo número de persoas, familias e colectivos, así como dos recursos públicos, que son limitados.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Non obstante, cremos que o que fai que unha sociedade poida referirse a si mesma como tal, entre outros, é a súa capacidade para atender dun xeito adecuado e digno aquelas persoas que, por un ou outro motivo, necesitan da súa axuda para levar unha vida digna e axeitada na que poidan desenvolver ao máximo as súas capacidades».

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Aprobemos aquí e fágano no Goberno. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto que tería para a competitividade do sector pesqueiro galego e para o porto de Vigo a aplicación da Instrución da Subdirección Xeral de Sanidade Exterior para a importación de pesca conxelada ou procesada IM/1/2019

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Luis Bará Torres, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir á parte resolutiva o seguinte texto:

«Asemade, o Parlamento insta a Xunta a demandar do Goberno do Estado:

- A transferencia a Galiza dos portos de interese xeral en Galiza, e concretamente do Porto de Vigo.*
- A recuperación dos postos de traballo eliminados no porto de Vigo por xubilacións, prexubilacións e falecemento.*
- A creación dunha Mesa de promoción, potenciación e relanzamento do Porto de Vigo (Mesa Pro-Porto de Vigo) na que estean presentes a Autoridade Portuaria, a Xunta de Galiza e o Concello de*



Vigo, así como as organizacións sindicais e os principais sectores relacionados coa actividade económica portuaria, co obxectivo de impulsar as seguintes actuacións:

- A potenciación da actividade comercial e pesqueira, axilizando as tramitacións administrativas e sanitarias e mellorando a dotación de persoal.
- A promoción e potenciación da actividade do peirao de transatlántico».)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Fermín Losada Álvarez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar do Goberno de España a avaliación do impacto que nova instrución IM/3/2019 para a importación de produtos da pesca conxelada ou procesada pode ter na actividade do porto de Vigo.
2. Consignar nos orzamentos para 2020, as contías suficientes para, en colaboración coa Zona Franca de Vigo e o porto Vigo, poñer no mercado os espazos industriais demandados polo tecido económico na PLISAN no primeiro semestre deste ano..
3. Solicitar ao porto de Vigo o desenvolvemento dun novo estratéxico que lle permita competir en pé de igualdade co porto portugués de Leixões.
4. Solicitar ao porto de Vigo o arranxo e remodelación das estruturas afectadas pola falta de conservación e mantemento de competencia portuaria.
5. Solicitar ao porto de Vigo a rebaixa das súas taxas para que descarga de peixe poda aumentar a súa competitividade nos mercados internacionais».)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten a palabra para formular a proposición non de lei a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Ben, hoxe imos falar dun problema do Porto de Vigo que afecta a súa competitividade, a competitividade da cidade de Vigo e a competitividade de Galicia. Pero é un problema do Posto de Inspección Fronteiriza, no que a Autoridade Portuaria non ten autoridade, e iso pasa en todos —creo— os portos do territorio español. Falamos do Posto de Inspección Fronteiriza do porto de Vigo —máis coñecido como PIF—, sometido a instrucións e decisións



do Goberno de España e do Ministerio de Sanidade, que ten en vilo os usuarios do porto e que provoca o desvío de mercancías ao porto de Leixões. Aquí vou facer un apuntamento, porque en Leixões si que depende da xestión do porto; é dicir, o PIF si que depende da xestión que ten esa administración, a diferenza do que pasa en Vigo.

¿Cal foi o motivo de rexistrar esta PNL no mes de abril? Ben, naquela altura coñeciamos a ordenación dunha nova instrución para a importación de pesca conxelada ou procesada, a IM/1/2019, dende a Subdirección Xeral de Sanidade Exterior, unha medida que provocou a paralización de contedores e o seu desvío a Portugal, reactivando a fuga de mercancías do porto de Vigo. E digo reactivando porque xa viñamos doutro problema previo —porque o PIF tivo historicamente moitos problemas—, non moi lonxe no tempo, que ralentizara os movementos e provocara ese desvío tamén ao porto de Leixões e ao do Porto. Daquela, a ministra de Sanidade, que era Dolors Montserrat, asinou un protocolo co Porto de Vigo que demandaban, ademais, os usuarios, que demandaba a propia Xunta e que demandaba toda a cidade de Vigo; polo tanto, ese protocolo de actuación instaurou de novo a axilidade.

Ben, todo ía relativamente ben ata que, nese mes de abril, esa orden de instrución que citei antes, que era a IM/1/2019, impuña trabas administrativas ás importacións de produto dende terceiros países, en concreto dende a China, xa que recollía que o cen por cento das súas partidas tiñas que pasar por un proceso de verificación no que se exixía aos operadores que aportasen copia dos certificados de captura para avalar que o peixe foi conxelado, procesado ou transportado a bordo de buques autorizados pola Unión Europea. É dicir, aquí supúñase ou púñase en vilo que os controis doutros países non valían, pero en Vigo tiña que facerse ese control dende o inicio e o principio, que o que facía era complicar os trámites burocráticos e, polo tanto, desviar os tráfico a Portugal, a moi poucos quilómetros e onde eses trámites burocráticos non se impuñan.

Ante esta situación, os inspectores do Posto de Inspección Fronteiriza —do propio PIF, é dicir— e os funcionarios tamén do Ministerio de Sanidade citáronse cunha ampla representación do sector para aclarar dúbidas sobre a instrución. Nese encontro descubriron algunhas dúbidas e deficiencias e algunhas limitacións técnicas á hora de expedir eles mesmos —os propios funcionarios— os certificados sanitarios por parte de terceiros países, motivación que levou a Subdirección a anular esa IM/1/2019 e a substituíla pola IM/2/2019 nun breve prazo de tempo e sen informar ao sector tras esa reunión. Iso provocou outro agravio e trouxo novas complicacións no PIF.

¿Cal é o motivo de debater no pleno esta PNL? Porque esa IM/2 aínda ten detrás unha IM/3; é dicir, son reaccións e hai unha inseguridade xurídica absoluta para os usuarios do porto, unha inseguridade xurídica que fai que ás veces sexa complicado reter os tráfico e reter os usuarios no porto de Vigo, tendo o porto de Leixões tan preto. ¿Cal é o motivo de debater, polo tanto, no pleno esta PNL? Saiban que, con esa modificación, os buques, as plantas procesadoras e os almacéns frigoríficos que traballen con produto importado deberían figurar na lista de establecementos autorizados a exportar os seus produtos á Unión Europea e que, no caso de que só figurase a autorización da planta ou do establecemento de expedición do Traces —que é o Trade Control and Expert System—, os inspectores deberían solicitar ao interesado unha copia dos certificados de captura. Xa só explicalo é complicado. Polo tanto, é máis burocracia, máis inseguridade xurídica e, polo tanto, máis complicacións.



Dende este grupo parlamentario entendemos, no momento en que xa que se ordenou esa instrución, que a aplicación era unha barbaridade, que creaba —como dixer— unha enorme inseguridade xurídica e que instauraba en España un rigor sen a garantía, ademais, de que noutros países membros, como Portugal ou como Holanda, non tivesen que facer ou aplicala no mesmo sentido nos seus postos de inspección. Polo tanto, era un cumprimento moi estrito que facía España e que —como digo— restaba competitividade ao porto de Vigo e restaba competitividade —insisto— a toda Galicia.

A nós, como sempre, dános a sensación —e non é a primeira vez, xa o dixer eu nesta tribuna varias veces— de que o Goberno de Pedro Sánchez non coñece a realidade do noso sector pesqueiro, de que goberna dándolle as costas ou, cando menos, non lle interesa, porque son algunhas medidas —algunha señora ou voceira do Partido Socialista di que leva moi pouco tempo, pero si que lle deu tempo a implantar algunhas— que están facendo moito dano ao sector pesqueiro. Polo tanto, nós cremos que estas instrucións son froito dunha ignorancia dos prexuízos que a aplicación trae a Galicia, trae aos usuarios do porto e trae, polo tanto, a todo o sector e á competitividade do porto de Vigo. Digo o porto de Vigo porque os propios usuarios —xa non falo de política, non falo de nin de alcaldes, nin de grupos da oposición, nin de partidos políticos— do porto e os propios funcionarios quixeron nalgún momento exixir dimisións.

¿Por que é importante, ademais, que o defendamos todos neste parlamento? Pois é importante porque asistimos á retirada desa instrución debido ás reivindicacións das que estou falando, debido ás exixencias de dimisións das que estou falando, ás reivindicacións lexítimas do Porto de Vigo e ás reivindicacións lexítimas da Xunta de Galicia, do presidente do porto e da cidade na súa totalidade —veremos agora a hemeroteca—.

Polo tanto, nós cremos que esa retirada foi o 23 de maio, rápido, porque tiñamos un período electoral. Falan vostedes de que o período electoral e as datas son importantes ou non son importantes: cremos que había unhas eleccións nas que, ademais, un candidato en Vigo tiña toda a carne no asador —moi ben— e, claro, unha chamada ao Ministerio o que fai é retirar esa instrución. Pero tememos que, ao mellor, cando pase todo, volva ordenar unha instrución deste tipo.

Nós cremos que dende este parlamento temos que aprobar esta PNL para que os usuarios do porto e para que o porto de Vigo teña unha seguridade xurídica no tema do PIF, na aduana do PIF, e que non esteamos permanentemente pensando se as cargas e as descargas podemos facelas ou non podemos facelas con independencia das instrucións que se ordenen dende Sanidade Exterior.

Dende logo, este grupo parlamentario, igual que o propio sector, non entendía a aplicación desa instrución, que nos restaba competitividade ante outros estados membros. Eu creo que vostedes, deputados de Galicia, tampouco entenderán esa instrución, e por iso nós nos sumamos ao que a Xunta de Galicia manifestou: a necesidade de garantir o máximo principio de seguridade xurídica —neste caso é moi importante— de maneira que o sector non quede á libre disposición dos aleatorios cambios de escenario claro e preciso no que desenvolver a súa actividade, en liña co resto dos países ou estados membros da Unión Europea.



Nós non sabemos que lle pasará ao Partido Socialista con Holanda, porque, curiosamente, os beneficiados cando o PIF de Vigo ten complicacións son O Porto e Rotterdam. Xa co tax lease vimos que Holanda tamén era beneficiada en detrimento de Galicia, polo tanto, xa empezamos a pensar que algo ten que haber.

Isto —como dixen— vén de longo, porque o PIF sempre foi un trámite administrativo moi complicado, tamén debido ao volume e moitas veces, ademais, porque son temas sanitarios importantes para o consumidor de peixe. Polo tanto, non é nada novo, pero o que queremos é garantir unha seguridade xurídica, insisto.

Máis aló do PIF, eu quero falar, ademais, de que cando xurdiron os problemas, o Porto de Vigo estaba pechando cunhas cifras que eran as mellores dende hai dez anos. O Porto de Vigo tiña no mes de abril ou a finais do ano 2018 un aumento do catorce por cento das descargas de pesca conxelada e máis de corenta mil toneladas, a mellor cifra dende 2008. Polo tanto, vimos que xa en xullo de 2018 Sanidade rexeitaba a descarga de pesca en Bouzas por falta de PIF e o Porto pedía igualdade con Barcelona. (*A señora Egerique Mosquera amósalles un documento aos membros da Cámara.*) É dicir, en Barcelona podíase descargar noutra zona do porto o que non se podía facer en Vigo; outro agravio entre portos, como tivemos tamén coa condonación da débeda con Valencia. Nós queremos atención clara e concisa e seguridade xurídica por parte do Goberno de España cos portos de Galicia e, máis concretamente neste caso, co porto de Vigo.

Ademais, quero facer tamén..., porque sei que nas emendas piden vostedes e aproveitan para facer unhas peticións á xestión do porto de Vigo, pero o presidente do porto de Vigo sempre estivo defendendo os intereses dos usuarios, estivese quen estivese no Goberno de España, porque o fixo tamén cando estaba o Partido Popular.

Insisto en que antes de que se puxeran en marcha todas esas instrucións —teño aquí a hemeroteca dende xullo de 2018 con todo o que foi pasando—, pechamos o ano coas mellores cifras, e xa no mes de abril, outra vez (*A señora Egerique Mosquera amósalles un documento aos membros da Cámara.*): «Madrid exige a orixe de todo o peixe que chega da China e reactiva as fugas a Leixões». E, a partir de aí, outra vez as alarmas e outra vez falta de competitividade.

Nós cremos que o aumento de burocracia e esas instrucións non teñen ningún sentido cando estamos sometidos a unhas normas europeas e cando sabemos que hai garantías sanitarias para os consumidores; polo tanto, creo que iso é aumentar a burocracia sen ningún sentido. Ademais, despois houbo outra traba coa última instrución, a IM/3/2019, que impedía que as fariñas de pescado puidesen almacenarse en Vigo, desviando tamén —con competencia leal— a Marín e incluso a Leixões.

Aquí nós cremos que hai algo detrás da insistencia de poñerlle trabas ao porto de Vigo; polo tanto, queremos que hoxe dende aquí todos poidamos sacar un acordo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ... ou chegar a un acordo para que o PIF de Vigo funcione con tranquilidade e con garantías xurídicas e que a competitividade poida aumentar para que os tráxicos non se deriven todos a Porto.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Ben, a voceira do Partido Popular xa recoñeceu aquí que o tema estaba en vías de solución, porque se retirara a instrución e había unhas negociacións...; ben, atribuíao ao ambiente electoral. De todas maneiras, a nós parécenos moi oportuno o debate sobre esta cuestión, porque hai máis problemas á parte dos que citou a portavoz do Partido Popular, a señora Egerique, e porque hai máis problemas no porto de Vigo.

Ela veu recoñecer que unha das solucións era precisamente asumir as competencias, porque dicía que non tiñamos competencias para resolver este tipo de problemas que en Barcelona ou en Leixões si que podían enfrontar porque tiñan máis capacidade de decisión. Polo tanto, supoño que apoiará a nosa proposta, vía emenda, de que Galicia asuma as competencias e as transferencias en portos de interese xeral do Estado. Claro que son portos de interese xeral do Estado, porque recibe moitos ingresos o Estado deses portos; no caso de Vigo, cerca de trinta millóns anuais de cobro de taxas, por exemplo, que van para outro sitios. Por iso é tan importante que nós xestionemos esas infraestruturas.

Despois, claro, vostede citou o tema do PIF, pero hai máis problemas no porto de Vigo. Hai graves problemas no porto de Vigo que teñen que ver non só co desvío de peixe fresco ou de peixe conxelado, onde somos líderes, senón tamén cos contedores que se están desviando ou tamén co tráfico de cruceiros, no que estamos tocando fondo e aínda as previsións son peores de cara ao futuro. Vigo está deixando de ser competitivo comparado, por exemplo, con Leixões ou coa Coruña: ten ao redor da metade dos tráxicos que teñen eses outros portos.

Con respecto ao PIF, vostede sabe perfectamente que é un problema cíclico e crónico que se leva repetindo ao longo do tempo e que xa o sufrimos nos anos 2016 e 2017, con graves consecuencias. Como está claro que se fixo daquela, o BNG naquel momento denunciou a situación; o Partido Popular, como gobernaba no Estado, estivo calado, despois apoiaba as iniciativas, pero non levantou a bandeira e hacha de guerra como está facendo agora.

A realidade é que se están desviando mercadorías a Leixões porque, ademais, Portugal si que está tendo unha aposta estratéxica polo porto de Leixões. Ademais de ter unha normativa moito máis clara e máis seguridade xurídica, tamén está apostando polas infraestruturas complementarias do porto, cousa que non está facendo o porto de Vigo, por exemplo —aí temos a PLISAN—. Ese é un dos grandes problemas que ten o porto de Vigo, precisamente: a necesidade de espazos e de boas comunicacións, por exemplo, por ferrocarril, cousa que non resolveu o Partido Popular cando estaba no Goberno. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non o resolveu, e iso supón un encarecemento dos custos, por exemplo, porque teñen que ir as mercadorías ao Porto e despois transportalas por estrada para Vigo.



Míre: o porto de Vigo ten moitos problemas, ¿pero sabe cal é o principal? O problema principal do porto de Vigo chámase Henrique López Veiga, o presidente da Autoridade Portuaria; (Aplausos.) é o principal responsable. ¿A que están agardando para destituílo? Isto é unha cousa a dous (O señor Bará Torres fai referencia xestual á bancada do Partido Popular e á bancada do Partido Socialista.), a ver se se poñen de acordo, porque sería unha boa decisión para o porto de Vigo. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, propono a Xunta de Galiza, pero quen o nomea é a Administración central. Debían recusalo, polo menos, ¿non? Coa desfeita que está facendo aí...

O porto de Vigo necesita incrementar tráfico: tráfico pesqueiros, tráfico de contedores e tráfico de cruceiros; necesita resolver eses problemas de infraestruturas, e necesita tamén recuperar todo o persoal perdido a base de xubilacións, prexubilacións e outras causas que fixeron reducir drasticamente a plantilla. Necesita, como propuxemos en numerosas ocasións, crear unha mesa para o porto de Vigo na que estean todas as administracións do mesmo lado; non pelexando, senón traballando do mesmo lado: o Concello de Vigo, a Autoridade Portuaria, a Xunta de Galiza, o Goberno do Estado, as organizacións sindicais e as organizacións empresariais, para potenciar a actividade comercial e pesqueira e tamén a actividade do peirao de transatlánticos para que o porto de Vigo cumpra a función que ten que cumprir, que é a de ser un gran motor económico e de xeración de emprego para Vigo e a súa área, e non para que estea perdendo forza, que estea perdendo competitividade e que estea perdendo capacidade, como está pasando nos últimos anos.

Pero iso —xa lles dixen— ten un gran responsable, un principal responsable, que é o presidente da Autoridade Portuaria de Vigo.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Falando do porto de Vigo, o venres 24 de maio deste ano, nunha instalación chamada «Tinglado do porto», o Partido Popular fixo un acto político na súa campaña electoral e, nese acto, o presidente da Xunta, nun ambiente —con permiso de Blanco Amor— típico d'A Esmeralda, dixo textualmente: «Vigo no es propiedad de nadie. No es el cortijo de un señorito, nin un conjunto de jornaleros que sirven a un señorito». Eu quero dicirlles ao señor Feijóo e ao Partido Popular que é moito mellor formar parte dun equipo que acada o sesenta e oito por cento do apoio dos votantes que ser compañeiro de viaxe dun narcotraficante. (Aplausos.) Díxeno bastantes veces e quero repetilo, porque, máis alá da cuestión política, mostra cos jornaleros e co señorito unha visión elitista absolutamente desprezable.

Señora Egerique, mire: falando do porto, está moi ben que hoxe, por exemplo, lle bote unha visual á prensa, e pode poñer... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Eu entendo que non saíu elixido e ao mellor está molesto, pero ¿déixame falar?



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Losada, despois da mañá que leva, creo que é conveniente que siga, porque non houbo ningunha interrupción. Están falando, pero unha palabra non o interrompe. Por favor, continúe.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¿Que mañá levo? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Falando todo o rato. Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Estaría moi ben que botasen unha ollada á detención en Palma de Mallorca do conselleiro delegado de Pemex, que era aquel que facía roldas de prensa constantes co señor Feijóo, por presunta corrupción —hoxe mesmo— no caso Odebrecht, que sempre é ilustrativo do ambiente ou do ámbito no que se moven o señor Feijóo e partes do seu goberno.

Señora Egerique, mire: o maior problema do porto de Vigo é que o Partido Popular o utiliza como ariete contra o Concello de Vigo e nomea absolutos incompetentes ou comisarios políticos: o señor López-Chaves e o señor López Peña. (*Aplausos.*) Ese é o problema do porto de Vigo, non é o Goberno de España. Pero fíxese: non é o Goberno de España de agora nin era o Goberno de España anterior; non era ningún Goberno de España, é a Xunta de Galicia poñendo aí —insisto— comisarios políticos que, en vez de xestionar o porto de Vigo, o que intentan facer é política contra o Concello de Vigo e contra o alcalde de Vigo.

Pero así lles vai, efectivamente: teñen catro concelleiros; noraboa, porque a próxima, como sigan nesta liña —e nesta liña significa O Marisquiño, significa a área metropolitana, significa...; en fin, que lle vou contar a vostede, que é de Vigo e sábeo ben— serán dous. A próxima, como sigan así, serán dous. (*Aplausos.*) (*A señora Egerique Mosquera pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Si, foron catro! Mire: ¿é que sabe o que pasa? Que os números están aí. (*A señora Egerique Mosquera pronuncia palabras que non se perciben.*) Diciámoslles que ían mal... (*A señora Egerique Mosquera: Non hai présa.*) ¿Non hai présa? Ben, o enfoque budista do Partido Popular fascíname, certamente. (*Risos.*)

Mire: logo, na súa iniciativa, fala varias veces de inseguridade xurídica; iso entenréceme. Lamento moito que non pensaran na inseguridade xurídica cando botaron abaixo o Plan eólico do Goberno de Emilio Pérez Touriño. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Si, claro! ¡Claro que ten que ver! Aí a inseguridade xurídica parece que non afectaba tanto.

Mire: é unha iniciativa oportunista porque, efectivamente, na instrución IM/1 había problemas que se solventaron na IM/2 e que se solventaron na IM/3, e, efectivamente, o propio sector —vostede que falaba moito do sector supoño que é consciente— reconece os avances que se produciron nesta cuestión. Pero tamén quero dicir que a seguridade alimentaria é un elemento central, e o Goberno de España, governe o Partido Socialista, governe o Partido Popular ou governe quen governe, debería de estar preocupado de garantila. Polo tanto, está ben que aproveiten isto para facer inquedaanza política, pero volvo repetir: os axentes económicos do porto de Vigo teñen que ter todo o apoio dos axentes políticos, pero a seguridade alimentaria é un elemento central.



En relación coas emendas, efectivamente, presentamos unha emenda na que incluímos todo aquilo que, lamentablemente, o Porto de Vigo, tan ocupado en facerlle oposición ao alcalde de Vigo, non fixo, como o tema da PLISAN —falaba xa o señor Bará—. Eu quero ler un titular de antonte: «*La Xunta inicia el lunes la obra de la nueva depuradora*». ¿Pero non estabamos en que estaba todo construído hai non sei canto tempo e practicamente estaban as empresas a punto de instalarse alí? Ou sexa, que o que dicía este humilde deputado era certo: non había depuradora, nin subterránea nin en superficie. E, por certo, foi a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, agora que goberna o Partido Socialista, quen lle deu permiso...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: para facela —remato, señor presidente—, non a Confederación Hidrográfica cando gobernaba o seu partido. (*Aplausos.*) Entón, a ver se nolo contan...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moita grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Oia: pasaron trece segundos. Teño visto xente aquí, entre elas a señora Egerique, que falou un pouco máis. Xa sei que vostede...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Mire: rematou o seu tempo; ten aí o cronómetro, igual que todos. Eu no segundo cero sempre digo que rematen, e teñen uns segundos para terminar a frase.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Pois nada. Grazas, señor presidente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Se nos centrásemos no asunto, daríalle tempo a falar de todo. (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Bo día.

O primeiro que temos que dicir é que lamentamos que a preocupación que amosan e, sobre todo, a urxencia que presentan para traer iniciativas a este parlamento sobre as demandas de grandes empresas e sobre as demandas da pesca industrial non sexan nin semellantes nin se acheguen nin á metade cando falamos de pesca tradicional, cando falamos da acuicultura sostible ou cando falamos do marisqueo. Cando falamos de todo isto vostedes nunca teñen a preocupación e a urxencia en comparación con cando falamos da gran pesca industrial. Só defenden unha parte, só defenden —como digo— a pesca industrial, e vese en moitas das decisións e en moitas das iniciativas que traen a este parlamento. Hai modelos diferentes de entender o noso sector e, dende logo, nós non concordamos con vostedes en practicamente nada.



Só coincidimos nesta iniciativa nunha cuestión, que é na importancia e na afectación que vai ter para nós calquera norma que modifique ou que estea relacionada con control da importación de produtos procedentes da China, porque é o maior exportador de pescado procesado ou conxelado do mundo. Pero no resto a verdade é que temos que dicirlles que non podemos concordar en nada.

Falamos dunha cuestión importante como é a seguridade alimentaria, a seguridade e a saúde alimentaria, e cremos que, como mínimo, deberíamos aplicar o principio de prudencia cando falamos desta cuestión, sobre todo cando estamos falando de produtos procedentes da China, dado o historial de incumprimentos que —como sabe vostede— existe. Cremos que estamos ante un debate de calado; non é un debate que se poida resolver con cuestións sinxelas e, como mínimo, pediríamos prudencia e atender. Porque é evidente que un dos problemas fundamentais é que non se está garantindo a homoxeneidade en todos os portos da Unión Europea, e nós con iso concordamos e, obviamente, hai que traballar para que isto sexa así; pero ese non é o problema fundamental.

Nós cremos que se están dando dous debates diferentes, que nesta iniciativa se mesturan dous debates e que non se están resolvendo da mellor maneira. Falemos da necesidade de garantir a homoxeneidade e pensemos por que é o porto de Vigo o que está tendo problemas: quizais a xestión deficiente do señor López Veiga teña algo que ver en que sexa o porto que máis problemas está atopando; pero que iso non teña que ver con limitar os controis cando falamos de seguridade alimentaria, porque é fundamental que estes controis existan e que sexan rigorosos, porque estamos falando dunha cuestión moi seria. Obviamente, nós non concordamos e non pode seguir acontecendo que mercadorías que ían descargar en Vigo acaben derivándose a outros portos, como aconteceu co porto de Leixões. Pero a súa iniciativa non vai solucionar iso; a súa iniciativa vai eliminar, a priori, os controis de seguridade sanitaria. Cremos que son dous debates que están entremesturados, pero que non son os mesmos.

Tamén queremos insistir nunha cuestión: se realmente están preocupados pola situación do porto de Vigo, tomen as medidas que hai que tomar. A primeira —e aquí xa se dixo— é destituír a López Veiga, porque levamos moitos anos de políticas privatizadoras do porto de Vigo e moitísimo tempo sen facer ningunha medida política en cuestións tan básicas, por exemplo, como a conexión ferroviaria de mercadorías. ¿Que fixeron vostedes para solucionar este tema? Porque se realmente están preocupados pola competitividade do porto de Vigo, terán que tomar medidas para que isto cambie, e con isto o único que vemos é desleixo absoluto. ¿Que fixeron tamén para evitar os vertidos na ría de Vigo? ¿Que fixeron? Absolutamente nada. Estes son os temas fundamentais para que o porto de Vigo sexa igual a outros portos cando falamos de competitividade e para que realmente o tecido industrial da cidade non teña os problemas que está tendo nestes momentos.

A nós vannos atopar cando falemos de defender a pesca responsable, a pesca sostible e socialmente xusta, pero non cremos que esa iniciativa vaia nesta dirección, e por iso nós hoxe imos abstermos.

Aquí xa se dixo: o principal é que asuman competencias. E hai que quitar a este señor, que leva moitos anos dando conta de que non fai absolutamente nada bo para o porto de Vigo



máis que defender un modelo privatizador que está rematando co porto de Vigo. Hai que destituílo; as queixas dos traballadores do porto contra López Veiga sucedense e levan moito tempo sucedéndose. Se realmente queren tomar medidas que vaian á raíz do problema, empecen por destituír este home, que —como digo— ese é o gran problema do porto de Vigo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro Araújo.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Ben, en primeiro lugar, quero dicir que a seguridade alimentaria está e estivo garantida, porque o PIF non comezou a funcionar onte. O que estamos intentando facer aquí é garantir unha seguridade xurídica e eliminar burocracia, porque o que fan estas instrucións é impoñer burocracia, non eliminar garantías de que o que entra polo PIF sexa mellor ou sexa peor. De feito, cando hai alarmas de problemas que poden ser sanitarios para os consumidores, actúase, e temos feito algún comiso neste caso.

Ben, os datos do porto de Vigo son moi positivos, xa o dixen na miña primeira exposición. Señor Bará, encárgase vostede de dicir que non, pero están aumentando os tráfico. Mire, vou dicir máis doado o que expliquei, porque vostede aquí terxiversou o que eu dixen: dixen que o Porto de Vigo non ten competencias no PIF, é de Sanidade Exterior. Dixen que o Goberno de Sánchez prioriza os portos do Mediterráneo en detrimento dos galegos; repíto e espero non volver repetilo, porque xa non é soamente por este tema do PIF, é que é por outras moitas cousas.

O Goberno do Partido Popular actuou: cando era ministra Dolors Montserrat asinou un protocolo para eliminar burocracia. Estamos facendo sempre —eu creo— en case todos os programas electorais de todos os partidos a eliminación da burocracia e a administración máis áxil; iso é ao que estamos todos, mirando un pouco para o futuro. Pois iso é o que queremos.

Señor Losada, ¡quen diría que vostedes gañaron as eleccións! Saíu vostede aquí un pouco enfadado de máis —non sei por que—, parece que, ao mellor, a chaqueta de concelleiro lle queda un pouco apertada; non sei por que tivo que enfadarse vostede tanto na exposición dos seus motivos. Mire: eu creo que é porque quen empregou o porto como unha plataforma absoluta para chegar ao Concello foi o señor Abel Caballero. Xa foi hai moito tempo e quizais moita xente da que está aquí non o lembre, pero unha plataforma cunha noria no medio da ría, unha plataforma coa cidade... Ben, ¡que segue sendo! Eu estou felicitándoos completamente a vostedes e asumindo os resultados electorais, pero o meu pensamento sobre Abel Caballero non cambiou. É dicir, quen non pense coma el está condenado, ¿condenado a que? ¡Que o explique el! Que o explique el, porque el foi quen o dixo. Entón, eu quero dicir que moi ben, que noraboa polos resultados electorais, pero estamos falando do Posto de Inspección Fronteiriza de Vigo.



Vostede fala máis de detalles da xestión do porto de Vigo. A xestión do porto de Vigo pode ter moitas trabas, pero está claro que os usuarios son os que sempre impoñen os seus criterios, que está despolitizado neste caso e que son os que están traballando.

Vostede vén aquí falar de que se se fixo un acto ou non se fixo un acto. Mire: ¿sabe que lle digo? Que a persoa que utilizou o porto de Vigo e os cartos de todos os vigueses a través do porto de Vigo para lanzar a súa campaña —sinto dicirlllo— foi Abel Caballero. Foi hai moitos anos xa, pero hai que revisar esas fotografías daquel Vigo maravilloso que parecía Montecarlo. Ben, pois é verdade. ¡Oe, e funcionou! Non lle vou quitar méritos: funcionou.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Posiciónese sobre as emendas, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Xa remato, presidente.

Que En Marea non concorde con nós é normal, parécenos normal; a verdade é que estamos moi lonxe. Pero —digo— isto é eliminar trabas democráticas, non é deixar de garantir a seguridade sanitaria. Nós cremos que é importante dar un paso en positivo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): As emendas, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...e que é importante reforzar e garantir a competitividade do porto. Como dixen, cando falan no Ministerio de Sanidade do Partido Socialista, en Portugal frotan as mans. Así que apoiemos a iniciativa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¿As emendas?

A señora EGERIQUE MOSQUERA: As emendas non as vou aceptar, porque —como dixen antes— van máis aló do que é o PIF.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Rodríguez Arias e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos exixidos para o mantemento en Galicia da condición de familia numerosa de tipo especial, así como coa recomendación realizada polo Goberno central na materia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.



Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

<<O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que:

1º) No ámbito das súas competencias, en canto ás axudas dependentes da Administración autonómica, considere familia numerosa especial a aquelas familias con catro ou máis fillos ou fillas; así como que garantanta o tratamento de familia numerosa tamén para as monomarentais con dous fillos ou fillas ou máis.

2º) Solicitar do Goberno de España que remita ao Congreso unha lei de familias, que contemple todas as tipoloxías de familias.

a) Nesta lei modificárase a consideración de familia numerosa especial para que podan adquirila as familias con catro ou máis fillos ou fillas e recollerase a consideración de familia numerosa tamén para familias monomarentais con dous fillos ou fillas ou máis.

b) A que mentres non se elabore e aprobe esta nova lei, se realice unha valoración da situación das familias numerosas de tipo especial que contemple unha interpretación flexible da lei>>.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día.

En Galicia hai preto de vinte e cinco mil familias numerosas, das cales máis de dúas mil duascenas cincuenta son de categoría especial. As familias numerosas son un colectivo fundamental para o desenvolvemento económico e social dun país, sobre todo nun contexto como o actual, de crise demográfica.

Por iso hoxe queremos destacar o traballo non só das familias numerosas, senón tamén de Agafan, a Asociación Galega de Familias Numerosas, unha entidade que atende diariamente multitude de familias con fillos, (*Aplausos.*) facilitando información e orientación sobre os seus dereitos. Quero saudar o seu presidente, Luis Sánchez, e o seu vicepresidente, José Manuel Trigo, que nos acompañan hoxe neste debate xunto con outros membros da asociación. Grazas polo traballo que facedes todos os días coas familias numerosas na nosa comunidade. (*Aplausos.*)

No ano 2003 o Goberno aproba a Lei de protección ás familias numerosas para actualizar e mellorar a normativa vixente nese momento. Esta lei estableceu unha nova clasificación das familias numerosas en España en dúas categorías: a categoría especial, que son aquelas familias con cinco ou máis fillos, as familias con catro fillos pero cando polo menos tres deles proceden dun parto, adopción ou acollemento múltiple, ou as familias de catro fillos cando os ingresos da unidade familiar non superan o setenta e cinco por cento do IPREM; e, por outro lado, a categoría xeral, o resto das familias numerosas de tres ou máis fillos.



Pois ben, nesa lei, o artigo 3 establece que, para poder recoñecer e manter a condición de familia numerosa, os fillos deben de cumprir as seguintes condicións: ser maior de vinte e un anos ou de vinte e seis anos en caso de estar cursando estudos superiores, ter algún tipo de discapacidade ou estar incapacitado para traballar, calquera que fose a súa idade. Ese artigo 6 da lei establece que o título ten que renovarse cando varíe non só o número de membros da unidade familiar, senón tamén as condicións que deron dereito ao título, producindo un cambio de categoría ou mesmo a perda da condición de familia numerosa.

No ano 2015 o Goberno leva a cabo unha reforma desta lei cun obxectivo claro, que era manter o título de familia numerosa ata que o último dos fillos cumprise a idade establecida na lei. Esta reforma evitaba que os irmáns menores que xeraron o dereito ao título de familia numerosa non puidesen desfrutar dos seus beneficios porque os irmáns maiores alcanzaban a idade máxima establecida e deixaban de contabilizarse como parte da unidade familiar. Por poñer un exemplo, había algún irmán maior que se beneficiaba do cen por cento da redución da taxa da matrícula da universidade cando irmáns menores tiñan que pagar o cincuenta ou a totalidade da matrícula da universidade, porque os seus irmáns maiores xa tiñan cumprida a idade máxima establecida na lei anterior.

Sen embargo, a modificación introducida nesta lei suscitou moitas dúbidas e discrepancias de interpretación. ¿Por que? Pois porque non incluía unha referencia explícita ao mantemento ou perda da categoría. Polo tanto, cabe preguntarse se a reforma implica só o mantemento da condición de familia numerosa ou tamén o mantemento da categoría especial. E tamén cabe preguntarse: se o lexislador non limitou o dereito, ¿pode facelo a administración ao interpretar a norma?

Ante esta situación, a Xunta de Galicia o que fai é pedir aclaracións da normativa en dúas ocasións ao Ministerio de Sanidade, Benestar e Consumo. En ambas as ocasións o pronunciamento do Ministerio foi claro e inflexible na interpretación: «*No cabe interpretación. (...) No es posible mantener la categoría especial de familia numerosa cuando el número de hijos queda por debajo de lo establecido*». A pesar de que existen diferentes sentenzas e incluso unha recomendación do Defensor do Pobo apoiando unha interpretación flexible, o Ministerio exige unha interpretación estrita e literal da lei. Concretamente, a recomendación do Defensor do Pobo, de abril de 2017, remite unha recomendación ao Ministerio para manter a condición de familia numerosa especial aínda que algún dos seus membros deixe de reunir os requisitos.

Pero é que tamén hai unha sentenza do Tribunal Supremo, de abril de 2019 —moi recente—, que fixa que as familias numerosas de carácter especial conserven o título e a categoría mentres polo menos un dos fillos cumpra as condicións de idade, convivencia e dependencia dos pais que exige a lei. Polo tanto, dende o noso punto de vista, esta sentenza do Tribunal Supremo supón un punto de inflexión, porque se pronuncia en sentido contrario ao criterio mantido ata ese momento polo Ministerio.

O 24 de abril —poucos días despois de publicarse esta sentenza— o Goberno central remite a todas as comunidades autónomas un informe da Avogacía do Estado no que analiza as discrepancias interpretativas. O Estado muda de postura a raíz desa sentenza do Tribunal Supremo e dá por bos os criterios desa sentenza, pero con restricións, porque limita os casos: só



para as familias onde varía o número de membros da unidade familiar, pero non nos casos nos que varían as condicións económicas da unidade familiar ou os casos de discapacidade.

Ben, ¿que facer ante esta nova situación? Nós consideramos que, en primeiro lugar, é preciso acordar os efectos retroactivos da sentenza do Tribunal Supremo, xa que o informe da Avogacía do Estado deixa en mans das comunidades autónomas a decisión de aplicar ou non o criterio dende a entrada en vigor da modificación de 2015 da lei. E, en segundo lugar, é preciso que o Goberno central presente unha interpretación homoxénea adecuada ao que veñen expresando os tribunais nas súas sentenzas en beneficio das familias numerosas de carácter especial.

Por iso, hoxe dende o Grupo Parlamentario Popular presentamos esta iniciativa, na que instamos a Xunta de Galicia, en primeiro lugar, a que se manteña na nosa comunidade a condición de familia numerosa de tipo especial mentres un dos fillos cumpra as condicións de idade, convivencia e dependencia dos pais que exige a lei, na liña das últimas sentenzas xudiciais e de acordo coa recomendación do Defensor do Pobo. E cun segundo punto, que di: «A dirixirse ao Goberno de España para que modifique a súa recomendación na materia, para recuperar a homoxeneidade a nivel nacional en beneficio das familias numerosas de tipo especial e adecuarse ao que veñen expresando os tribunais».

Señorías, as familias numerosas son moi importantes na nosa comunidade e no resto de España; preto de vinte e cinco mil familias numerosas na nosa comunidade, das cales máis de dúas mil duasetas cincuenta son de categoría especial. O que busca esta iniciativa hoxe é beneficiar esas familias e que non haxa discriminación entre uns irmáns que si reciben os descontos e as bonificacións dese título de familia numerosa de categoría especial e os irmáns menores que, aínda que grazas a eles se ten o título de familia numerosa, non se poden beneficiar das súas vantaxes.

Polo tanto, nós queremos hoxe acabar con este problema en Galicia e que, dende logo, se manteña non só o título, senón a categoría. Esperamos contar co apoio de todos os grupos parlamentarios neste tema.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día de novo, señorías.

Quero saudar tamén, en primeiro lugar, os membros de Agafan que hoxe nos acompañan e agradecer tamén o seu intenso traballo.

Calquera que escoitara hoxe a voceira do Partido Popular e que non coñeza a historia democrática de quen estivo na Moncloa nos diferentes anos deste período pensaría que tanto a



Lei de familia do ano 2003 como a reforma do ano 2015 sobre o mantemento desa condición de familia numerosa especial, que xerou un auténtico aluvi3n de cr3ticas, de denuncias e de confusi3n para todas as comunidades aut3nomas, as fixeron os gobernos do Partido Socialista. Pensar3a tam3n que o Partido Socialista e o se3or Pedro S3nchez levan doce anos gobernando en Espa3a, e incluso poder3a chegar a pensar —que creo que non o mencionou directamente— que esa sentenza do Tribunal Supremo, referida a unha denuncia que aconteceu na Junta de Andaluc3a, foi un caso excepcional.

¿Cal 3 a realidade? A realidade 3 que a Lei de familia do ano 2003 se aprobou co Goberno do se3or Aznar, que a chapuzada da reforma do ano 2015 a fixo o Goberno do se3or Rajoy e que o Partido Socialista leva doce meses —non doce anos— gobernando en Espa3a. (*Aplausos.*) Tam3n que non soamente houbo problemas na Comunidade Aut3noma de Andaluc3a, da que se falou moito durante estes 3ltimos anos —eu imax3nome que a partir de agora se evitar3 falar—; esqueceuse falar doutros casos, de casos de denuncias de familias que perderon a condici3n de familia numerosa especial porque consejer3as gobernadas polo Partido Popular eliminaron esta condici3n. As3 o din as sentenzas do Tribunal Superior de Justicia de Madrid e do Tribunal Superior de Justicia de Castela-A Mancha de abril de 2019 e de febreiro de 2019. D3goo por volver outra vez po3er un cronograma: estamos en maio do 2019; 3 dicir, acaba de pasar hai uns meses.

O certo 3 que houbo sentenzas negativas para as comunidades aut3nomas nestes 3ltimos anos, por denuncias do ano 2017 e 2018, e a realidade, se3ora Rodr3guez Arias, 3 que o Goberno do se3or Rajoy non fixo absolutamente nada. 3 certo que, agora que hai unha sentenza do Tribunal Supremo e que goberna o Partido Socialista, vostedes dixeron: imos pedir o que n3s non fixemos, que 3 o que est3n facendo ultimamente.

N3s a esta iniciativa present3moslle unha emenda que aparec3a recollida nesas cento dez medidas que o Partido Socialista presentou no seu programa electoral para as elecci3ns xerais. N3s contemplabamos aprobar unha nova lei de familia, pero eu tam3n vou facer unha pequena par3ntese, porque cando se fala de lei de familia, o Partido Popular ten un concepto diferente, e eu quero explicalo: unha lei de familia que non sexa natalista; que non cercee os dereitos das mulleres, como pretende facer, por exemplo, a s3a compa3eira, a se3ora Ayuso, falando de concibidos non nados e de cuesti3ns as3; unha lei que respecte a diversidade de familias que hai neste pa3s, (*Aplausos.*) non como fai tam3n a s3a compa3eira, a se3ora Ayuso, que vai do ganchete de Vox; que non clasifique as familias; que non pretenda marxinar e practicamente engaiolar as familias que est3n compostas por parellas do mesmo sexo; que non pretenda, en fin, seguir o ideario do se3or Rouco Varela, sen3n que responda 3 realidade —como lle dic3a— desa diversidade que hai no noso pa3s e que tanto nos gusta aos dem3cratas, aos progresistas e aos socialistas en concreto; que respecte e que atenda as s3as necesidades, as das familias numerosas, por suposto que si, pero tam3n as das monomarentais, as dos partos m3ltiples e as das familias acolledoras, (*Aplausos.*) adecuando esas prestaci3ns 3s situaci3ns de necesidade segundo o tama3o, as caracter3sticas e as rendas familiares.

N3s compromet3monos, ademais, a facer unha modificaci3n desa familia numerosa especial, que ata o de agora se consideraba para as familias de cinco fillos, e reducila para os de catro;



ademais, tamén a recoller que aquelas familias monomarentais con dous fillos ou fillas teñan a consideración de familia numerosa, non como acontece agora, que é de tres fillos; e tamén, por suposto, mentres esta lei non se poña en marcha, a solventar as eivas que está habendo, tendo en conta as sentenzas dos tribunais e tamén, por suposto, esas recomendacións do Defensor del Pueblo.

Agora ben, pedimos á Xunta de Galicia que faga o mesmo, non vaia ser que agora, como houbo un cambio de goberno en España, o Goberno de Feijóo e do Partido Popular aquí en Galicia se converta —como estamos vendo nestes últimos meses— naquilo de «consellos vendo que para min non teño».

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Por certo, que antes se comentou aquí e quero facer unha puntualización: hoxe as socialistas e este grupo parlamentario séntense moi orgullosos da política social que está facendo o Goberno de España, o Goberno de Pedro Sánchez...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...por certo, cun cincuenta e nove por cento máis en atención á dependencia que vostedes votaron en contra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Eu, como non podía ser doutro xeito, tamén saúdo os representantes da Asociación de Familias Numerosas e doulles a benvida a este parlamento.

Eu a verdade é que quero empezar dicindo que, efectivamente, da Lei de familia aprobada no 2003 e da súa modificación do 2015 derivaron problemas e diferentes interpretacións que estaban causando prexuízos ás familias no sentido que aquí se explicou, de que a interpretación que se estaba facendo era no sentido de que se ía perdendo esa condición.

Teño que dicir que estamos falando de que ter esa condición supón beneficios en ámbitos moi diversos e numerosos: no ámbito do acceso a cuestións culturais, a transporte, a educación, a vantaxes fiscais, a bonificacións para contratar ou mercar vivenda, para a matrícula de vehículos, en servizos domésticos e incluso para a reserva de postos de traballo. É dicir, é evidente que non estamos falando dunha cuestión menor; non estamos falando dunha cuestión simplemente de recibir unha contía económica directa contante, senón dun amplo espectro, e non ter esa consideración carrea graves prexuízos.



Efectivamente, eu, cando vin a data de rexistro desta iniciativa por parte do Partido Popular, recoñezo que non entendín moi ben por que se rexistraba xusto nese momento, o 20 de abril, cando acababa de producirse, precisamente, a sentenza do Tribunal Supremo. Co cal, esa sentenza clarificaba bastante esa batalla legal de fondo que estaban tendo as familias e as asociacións de familias demandando a interpretación no sentido de que se mantivese ese dereito en tanto quedasen membros que tiñan dereito, fose por idade ou por outro tipo de condicións.

Claro, a min o que si me estraña é que xusto despois desa sentenza do Tribunal Supremo é cando se presenta a iniciativa, porque o normal sería que por parte do Goberno español, de oficio, xa se retire esa interpretación restritiva. Sería, dende logo, o que na cabeza do BNG queremos pensar que se vai producir: que, despois de varias sentenzas en ámbitos inferiores e logo da sentenza do Supremo, o Goberno o faga, ou que nesas reunións interterritoriais que realizan os gobernos se clarifique xa esta cuestión.

Con isto quero dicir que nós estamos a favor de que se aplique nesta dirección e que non teñan que seguir preiteando as familias a pesar desta sentenza e dicindo: oe, mira, que aquí hai un dereito recoñecido. Evidentemente, debería sentar doutrina e concedérselle ese dereito, sen o prexuízo de ter que seguir preiteando; non queremos, para nada, que se siga nesa dirección.

Decía a deputada do Partido Popular que o que cabía era tamén demandar os efectos retroactivos, pero non está contemplado na iniciativa; non se demanda na iniciativa nin se presentou emenda nesa dirección. Co cal, hai unha parte do discurso que non se corresponde co que se demanda nesta iniciativa.

Tamén quero dicir que non concordo cunha parte da emenda do Partido Socialista —non sei se se vai aceptar ou non—, no sentido de que si podemos estar de acordo en que se faga unha nova lei de familia e que se actualicen cuestións, nós trouxemos aquí tamén, ao Parlamento, que a Lei de familia non se aproveitou para regular as cuestións das familias monomarentais e que é necesario facelo; pero, evidentemente, devolver a solución a este problema á elaboración dunha lei de familia sería demoralo tanto no tempo que non daría solución no inmediato. Creo que non pode ser excluín-te; debía ser a maiores e, en todo caso, non excluín-te.

Co cal, eu agardo que sexan capaces de poñerse de acordo e que por parte do Goberno español —neste momento suponse que vai estar en mans do Partido Socialista— se elimine esa interpretación restritiva, porque hai unha sentenza do Supremo, ademais da recomendación da Valedoría do Pobo a nivel do Estado, que di que non é correcta esa interpretación que se fai. Que se faga xa e que se evite que teñan que estar as familias indo aos xulgados e demostrando no tempo o recoñecemento dun dereito que a lei lles dá.

E eu insisto: estamos tamén de acordo en que os efectos retroactivos igual se deben recoñecer, pero, en todo caso...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Non sei se, aproveitando que hai unha emenda, poden chegar a unha transacción onde se demande, porque na iniciativa do Partido Popular non consta.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Bo día, señor presidente.

Grazas, señores deputados e deputadas.

En primeiro lugar, quero saudar tamén os representantes das familias que nos acompañan. Por suposto, igual que falabamos no caso das familias que teñen fillos en situación de diversidade funcional cunhas necesidades específicas, consideramos nestes momentos prioritario atender este tipo de cuestións de índole social, como é o caso que abordamos na iniciativa 2 —a anterior a esta— e nesta en concreto.

É certo que no fondo da reclama que se está plantexando neste parlamento creo que estamos de acordo todos os grupos: que, efectivamente, hai unha situación de agravio comparativo e de batiburrillo normativo que hai que arranxar e que non valen escusas, igual que noutro caso non valen escusas. É certo que xa estamos nunha situación bastante complicada en termos de natalidade, de subsistencia e de coidados nas familias para que se sigan poñendo trabas nunha situación que xa é, de por si, moi precaria ata nos coidados das familias e dos seres queridos, e máis cos problemas económicos que teñen as familias galegas e do conxunto do Estado. Entón, polo tanto, consideramos que, en vez de caer nestas cuestións de non atender as súas necesidades, debe de lexislarse e, aínda con máis motivo, que hai que chegar a acordos sensatos e non entrar na confrontación política e deixar ás persoas que teñen estas necesidades sen resolver as súas cuestións.

Iso non quita —e chámanos a atención—, efectivamente, máis alá de que o problema da natalidade non se arranxa con medidas concretas, aínda que esta é unha das medidas estruturais que hai que levar a cabo, que nos parece de moita oportunidade política o que fai o Grupo Popular. Todas estas cuestións eran igual de importantes hai uns meses —xa non digo anos; hai uns meses—, cando non traían absolutamente nada destas iniciativas ou sempre tiñan certas trabas, como pasa no caso do Cegadi; sen embargo, agora que hai outro goberno, agora teñen unha urxencia. A nós parécenos ben sempre e cando se resolvan as cuestións que son necesarias para as persoas que son beneficiarias destas medidas que hai que arranxar, pero non olvidemos quen tivo o goberno por maioría absoluta, quen estivo gobernando despois e quen non fixo o que agora se solicita.

De feito, quero citar unha sentenza dunha familia numerosa galega que logrou manter a súa categoría especial pese á marcha dunha filla. Foi unha sentenza dun xulgado de Vigo que desestimou o recurso da Xunta nun fallo pioneiro en Galicia, xa que un xulgado de Vigo estimou un recurso interposto por unha familia galega —que se fixo noticia o 26 de marzo deste ano— fronte a unha resolución da Consellería de Política Social na que se denegaba a condición de numerosa especial e na que se inclúa na categoría de numerosa xeral. O xuíz anulou a resolución da Xunta por atopala desconforme co ordenamento xurídico.



Segundo consta no fallo, no verán de 2014 a unidade familiar composta por un matrimonio e as súas dúas fillas, ambas con discapacidade —para máis gravidade do asunto—, polo que se atopaba na categoría de numerosa especial, obtivo ese recoñecemento, que foi renovado sen problema durante anos sucesivos ata o ano 2018. Lembremos que durante todo ese período gobernaba o señor Rajoy; non gobernaba ninguén máis, gobernaba o señor Rajoy. Entón, a familia presentou a solicitude do título, pero a Xunta concedeulle o de categoría xeral, non especial; iso —como xa se explicou aquí— supón contar con menores vantaxes, e máis con casos de diversidade funcional, como tiña esta familia. A sentenza indicou que cando unha unidade familiar consegue alcanzar a condición de familia numerosa especial, como era este caso desta familia adquire o que poderíamos denominar «situación xurídica común consolidada», que perdurará aínda que o número de fillos que cumprían as condicións que permitiron no seu día lograr esa cota diminúa, e ese grao de recoñecemento manterase mentres polo menos un deles siga reunindo os requirimentos que a lei contempla.

Foi un fallo pioneiro en Galicia que xa tivera uns fallos de antesala en Valladolid contra a Xunta de Castela e León, tamén gobernada polo Partido Popular, e tamén do Tribunal Superior de Andalucía contra o Goberno da señora Susana Díaz. Por iso, a Asociación Galega de Familias Numerosas —que nos acompaña— pediu que se mantivese esta categoría.

Por iso, eu vou rematar co que dixó o propio xuíz que fallou en Vigo, que advertía que, se non se falla nese sentido, se provocaría unha discriminación por razón de idade intolerable nun Estado de dereito.

Entón, nós imos apoiar que, por favor, se chegue a un acordo entre ambos os grupos para que se solucione esta problemática e, sobre todo, que pensen nas persoas con discapacidade e diversidade funcional, como dicíamos na intervención anterior, que tamén aplica nesta mesma.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Eu penso que erran vostedes tentando levar este debate a unha cuestión de PP, PSOE, Aznar, Rajoy, nós non fomos... Nós o que estamos facendo é falar de familias numerosas. Os que están levando o tema a unha cuestión que non lles interesa absolutamente nada ás familias son vostedes. Porque miren, ¿como se pode dicir nun debate tan importante que a lei do ano 2003 foi unha lei desastrosa e que a reforma do ano 2015 foi unha chapuza?

Porque miren, se realmente lles importan as familias numerosas e tan preocupados están por este asunto, é a primeira vez que se presenta neste pleno unha iniciativa preocupándonos por este tema concreto. Se tan preocupada estaba a oposición por esta cuestión, ¿por que non fixeron unha pregunta? ¿Por que non trouxeron a este Parlamento esta cuestión para debatela? Non, crítica agora, que a trae o Partido Popular.



Nós consideramos que as familias numerosas en España, pero en Galicia tamén, teñen moita importancia. E hai un dato moi significativo que hoxe nós queremos destacar: que cada vez hai máis familias numerosas; concretamente, os títulos de familias numerosas téñense triplicado en apenas vinte anos, pasando de douscentos setenta mil no ano 1996 a seiscentos setenta e cinco mil no ano 2017. Estamos falando de títulos, non de familias numerosas, porque a realidade é que hai moitas máis familias numerosas que as que teñen título.

E ante isto, ante este dato tan importante e o problema que temos neste momento enriba da mesa, vostedes póñense a discutir se foi Aznar, se foi Rajoy, se foi o PSOE, se eu non fun, se foi... Nós, dende logo, non cremos que ese debate sexa serio. Porque miren, acaban de dicir que hai unha candidata —que, por certo, nin é de Galicia— que fala dos non nados nas súas políticas. En Galicia hai anos que o fillo non nado, que o fillo non nacido pode desfrutar das vantaxes da familia numerosa, dende o momento do embarazo da terceira filla, as bonificacións do 20 % etc.

Miren, a lei do ano 2003 foi unha lei que viña actualizar (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*) —¿podo falar, señora Vilán?— unha lei que era do ano 1971. Eu procedo dunha familia numerosa —sete irmáns— e nós rexiámonos por unha lei de 1971, e foi esta Lei de protección ás familias numerosas do ano 2003 a que veu non só actualizar a normativa senón melloralala, e foi a modificación do ano 2015 a que veu manter o título de familia numerosa ata que o último fillo cumprira a idade establecida.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Non sei se a vostedes isto lles parece ben ou non lles parece ben. Dende logo, nós o que temos son dúas respostas á Xunta de Galicia por parte do Goberno do Estado, que exixía unha...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...interpretación estrita e literal.

Dende logo, nós cremos que este tema vale a pena...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez. A emenda.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...aprobalo por unanimidade.

A emenda non fala deste tema en concreto. A emenda o que quere é modificar unha lei estatal. Esa é unha cuestión que non ten nada que ver con esta iniciativa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Entendo que non se acepta.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.



Pasamos á seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Dolores Toja Suárez e D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, na décima lexislatura, dun plan de recuperación de permisos de explotación marisqueira especialmente orientado ao sector feminino

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Teresa Egerique Mosquera, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-03766(49733)).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo a implementación do Plan de Acción do Marisqueo Galicia 2030, co obxectivo de garantir a explotación sostible e conservación dos recursos marisqueiros, integrando aspectos biolóxicos, sociais, de emprego, económicos e medioambientais, co que se leve desde esta lexislatura e en adiante, unha recuperación de permisos de marisqueo, especialmente orientado ao sector feminino, e no que se inclúan, previo proceso de decisión mediante a cogobernanza co sector, as medidas a implantar e as mellores fórmulas de xestión para acadar unha recuperación progresiva de permex>>.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Bo día.

Grazas, presidente.

No ano 2018 só quedaban 3.792 permisos de marisqueo. E digo só porque no ano 2009 había 4.281. E para tratar de centrar o debate sobre o que realmente importa, que é esta redución e como se pode facer para poder revertela, digo que estes datos son extraídos do IGE, e, como xa aclaramos tamén aquí nunha ocasión, o IGE non é o nome dunha taberna senón que é o Instituto Galego de Estatística. Así que intentemos centrar o debate sobre este punto, que son os datos, que son a redución, e non se son ou non os correctos.

A cuestión é que esta caída en picado foi asumida totalmente polas mulleres galegas, xa que os permisos de marisqueo dos homes aumentaron, non así os das mulleres, como dicía, que no ano 2018 contabamos con 3.887 e a finais de 2018 unicamente quedaban 2.722, 1.165 permisos menos, o que vén sendo un de cada tres permisos de marisqueo menos sufrido polas mulleres.

Entendemos que isto merece, cando menos, unha análise por parte do Goberno galego e sobre todo o que merece é un plan específico de recuperación deses permisos orientado especialmente



á recuperación dos permisos de marisqueo a pé para as mulleres. E iso é o que presentamos hoxe, esta iniciativa, unha iniciativa para recuperar os permisos de marisqueo para as mulleres.

¿Cales son os motivos desta caída en picado? Pois poden ser múltiples. O que está claro é que se nunha comparecencia da conselleira do Mar hai un ano cando tratamos este tema o seu argumentario estaba baseado nun libro de 2004 —aquel do tren, recordarán— pois malamente podemos ir. Así que hoxe tamén esperamos que nesta iniciativa que traemos, na que estamos tratando unha caída dun de cada tres permisos de marisqueo, polo menos utilicen datos que estean actualizados. Por idade resulta especialmente preocupante, xa que a partir dos 50 anos a redución é incluso superior a un de cada tres permisos.

Non existen, polo tanto, medidas para a igualdade de oportunidade das mulleres, nin para combater a precarización nin a fenda salarial, nin para rachar coas barreiras que dificultan a conciliación da vida laboral, familiar e persoal. Non existen medidas suficientes e, en consecuencia, pois esa redución: unha de cada tres persoas menos, mulleres menos, traballando no marisqueo.

Estamos ante un goberno que orza cantidades insuficientes e esas cantidades resulta que as executa tamén de xeito insuficiente, porque deixa sen executar seis de cada dez euros; moito, moito, porque é moito máis incluso da metade. O programa 723A, na súa partida de recuperación e mellora de zonas de produción, no ano 2017 contaba con 2,7 millóns, no ano 2018 con 2,1 e no ano 2019 con 1,9. Como poden ver, en tres anos reduciuse esta partida de melloras de zonas de produción un 30 %, pero o grave é que aínda esa cantidade reducida só se executan catro de cada dez euros.

A cuestión —mírese por onde se mire— é mala para as mulleres. Galicia perdeu 1.900 mulleres ocupadas dende o ano 2009, de acordo coa enquisa de poboación activa. As mulleres ocupadas no último trimestre de 2018 eran 3.200, no mesmo período do ano 2009 eran 5.100. Se miramos as afiliacións, ocorre o mesmo: de 6.533 mulleres afiliadas quedamos unicamente 5.100 con ese dato.

Polo tanto, o que lles pedimos hoxe é deixar de debater sobre o dato, porque os datos realmente, sexan cales sexan e cóllanse os que se collan, non son bos e que tratemos de buscar unha solución para esta caída en picado dos permisos de marisqueo para o caso das mulleres. (*Aplausos.*)

Aquí teñen o gráfico. (*A señora Toja Suárez mostra un documento.*) Penso que é bastante claro, vese perfectamente que estamos na actualidade en 2.722 e partiamos de 3.887.

Hai unha cuestión que nos preocupa especialmente tamén: non é só que haxa menos permisos de marisqueo, é que as mulleres estamos perdendo visibilidade, tamén estamos perdendo postos nos órganos de goberno, nas confrarías. E o preocupante non é só que haxa menos mulleres, senón que cando se fan as candidaturas tamén se presentan menos mulleres. Temos que lamentar a actitude dun goberno cómodo, no seu aparentar que toma medidas, no seu facer que fai, namentres pois vemos como estes datos non paran de caer. As mulleres son menos nas confrarías, nos órganos de goberno, e, como dicíamos, estamos perdendo visibilidade.



Polo tanto, fallan as políticas de igualdade de oportunidades, porque se comparamos, como dicíamos, ese incremento de permisos para o caso dos homes, o certo é que no caso das mulleres é totalmente á inversa. Por idades, ata 30 anos, os permisos de homes aumentaron 81, as mulleres aumentan 7 —é o único caso ata 30 anos onde aumentan—. Pero miren, 7 permisos contra 81 que aumentan as mulleres. E para centrarnos, falo de 7 permisos de marisqueo en nove anos. De 31 a 40 anos, os permisos dos homes aumentan 156, os permisos de marisqueo de mulleres diminúen en 118. De 41 a 50 anos, os permisos dos homes aumentan en 268, pero os permisos das mulleres diminúen en 235. De 51 a 60, os permisos dos homes aumentan 159, pero os permisos das mulleres diminúen en 533. E máis alá de 60, os permisos de homes aumentan 12 pero os permisos das mulleres diminúen en 286. Polo tanto, unha vez máis, está claro que estas políticas seguidas en canto á xestión de permisos de marisqueo non están resultando produtivas e as grandes sufridoras, as que están tendo estas consecuencias, son claramente as mulleres.

A formación. A formación é a ferramenta fundamental e actualmente na Xunta non existe unha política, unha planificación de formación. A realidade é que os cursos de formación e os permisos de marisqueo chegan cada catro anos coas eleccións municipais, como medida electoralista, para indicar que se están acordando deste tema e así, de paso, pois se pillan algún voto tamén. Non pode ser, non pode ser unha medida electoralista, ten que haber unha planificación e a formación debe manterse ao longo de todos os catro anos que dura unha lexislatura, non pode ser que unicamente empecen a aparecer eses permisos nos últimos meses.

Os plans de formación para os traballadores e traballadoras do mar son un elemento fundamental para o avance e a mellora dun sector prioritario en Galicia. A planificación, a convocatoria dos cursos, así como o seu desenvolvemento, deben realizarse de xeito claro, deben atender as necesidades reais. Estamos a falar dun sector fundamental para a nosa economía.

Dentro dos plans, os cursos, como dicíamos, para ter eses permex, máis alá do plano formativo, contribúen a regular e normalizar a profesión, a controlar os procesos xa e a evolución medioambiental e de recursos, a mellorar a calidade do traballo e contribúen tamén á dinamización laboral, baseada no sector do mar, en concreto, no que hoxe traemos, no marisqueiro.

Por iso, o desenvolvemento de accións formativas para o obtencións do permex supón unha decisión que ten un forte interese para o sector. Sexa cal sexa o número de cursos realizados pola Xunta nos últimos anos, está claro que son insuficientes, pero eu creo que está máis claro aínda que non contaron co número de mulleres suficientes, porque, se non, non estaríamos nesta situación tan dramática como ven, na que se perdeu un de cada tres postos no caso de marisqueo de mulleres.

Polo tanto, a formación é insuficiente e especialmente está afectando moi negativamente as mulleres. Polo tanto, iso é o que lles pedimos hoxe. Á luz están os datos, son clariños: nestes últimos anos non mellorou a situación de permisos de marisqueo para as mulleres, senón que todo o contrario: sufriu unha forte regresión. E o que lles pedimos hoxe é que tomen medidas concretas para recuperar ese número de permisos de marisqueo, pero que se centren no caso das mulleres, que é o que tratamos hoxe, pois, como ven, no caso dos homes, incrementouse; de feito, practicamente todo o decrecemento foi absorbido polo in-



cremento dos homes. É unha iniciativa que responde a unha necesidade real e entendo que non haberá ningún problema para apoiala.

Máis nada e grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Perdón, que estaba despistada nunha conversa, pero estiven moi atenta ao que dixo a señora Toja.

Ben, nós presentamos unha emenda para matizar e para ampliar o plan que vostedes presentan. A nós parécenos ben que pidan iso á Xunta, porque é unha cousa que xa está facendo. Eu vou matizar algunhas cousas das que dixo vostede aquí, e si é verdade que nós non imos poñer en dúbida os datos que vostede presenta aquí, pero hai interpretacións diferentes, coma sempre.

Nós presentamos esta emenda porque falamos de participación das propias mariscadoras no que é este plan que vostedes queren expoñer hoxe aquí. Falamos de novas liñas que hai que ter en conta e é un plan bastante máis ambicioso. Falamos do tema inminente, porque no verán xa se porá en marcha o que se anunciou hai tres meses. Falamos de financiamento tamén, porque é importante que isto vaia parello con cartos. Falamos de participación, porque tradicionalmente o colectivo de mariscadoras sempre estivo en contacto coa Xunta de Galicia, coa Consellería do Mar, para acadar os seus dereitos.

Por iso digo que ás veces custa asimilar que o Partido Socialista veña aquí presentar este plan e falar de marisqueo e de estar comprometido, cando —insisto— hai trinta anos non querían que as mariscadoras cotizasen, tiñan outros plantexamentos diferentes, opoñíanse en moitas ocasións, e agora, hai pouco tempo —xa o debatemos na Comisión 8^a—, acaban de aprobar no Goberno de España unha suba dun 25 % ao recibo da cotización á Seguridade Social. Iso non axuda, iso non axuda —señora Toja, permítame que llo diga— a que traballen as mariscadoras.

Ben, o Plan de acción do marisqueo de Galicia, dentro da Axenda 2030 de desenvolvemento sostible, está centrado en liñas orientadas a unha xestión sostible —como digo, hai que amplialo algo máis—, á conservación dos recursos, á protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños, ao desenvolvemento socioeconómico tamén real e ao emprego e ao apoio e comercialización dos produtos e á cogobernanza, outro tema do que falamos habitualmente na Comisión 8^a.

Prevese, como dixen, que estea listo xa neste verán de 2019, inminente polo tanto; estamos falando tamén de tempos e de prazos. Pero, como dicía, é ambicioso porque ten que ir construíndose e adaptándose todo o que dixen ata 2030. Polo tanto, afectará un colectivo de máis



de dez mil persoas que desenvolven a súa actividade marisqueira nas nosas augas, ben na modalidade de a pé ou ben na modalidade de embarcación.

Despois falamos dos datos, porque, se é verdade que é un sector tradicionalmente feminino e no que ademais só traballaban as mulleres, agora hai incorporacións de homes. Polo tanto, tamén esas cifras varían, pero non é que diminuíra o traballo por parte das mulleres neste sector.

Conta este plan cun financiamento de 55 millóns de euros, achegados a través de varias liñas: dos fondos europeos, dos fondos FEMP, prevéndose ademais sumar os achegados ao abeiro do próximo Fondo 2021-2027, onde se estima un reforzo destas liñas a nivel europeo, porque acabamos tamén de ter ademais unhas eleccións europeas, imos ter representantes galegos en Bruxelas, e creo que todos temos que estar ademais en sectores concretos da man traballando polos nosos intereses de Galicia.

Polo tanto, digo que este plan vai moito máis alá. O que presentamos na emenda é máis ambicioso. Nós, de todos os xeitos, xa anuncio que imos apoiar esta iniciativa, porque cremos ademais, como dixen, que o que vostede plantexa xa o está levando a cabo a Xunta de Galicia, pero insisto en que son os matices que neste caso nós cremos que hai que ter en conta.

Dende 2016 iniciouse xa unha etapa de estabilidade no número de permex, porque si é verdade que houbo algunha baixada, que houbo as estatísticas que amosou vostede, máis complicadas, pero 2015 foi o primeiro ano dende o ano 2000 no que subiu o número de permex de marisqueo a pé, con 375 novos concedidos, sendo o máis alto da década e case que dobrando a media anual dende o 2005. Polo tanto, nós, que temos a referencia do Bipartito, temos que dicir que se aumentou considerablemente cun goberno do Partido Popular.

Houbo máis ingresos para as mariscadoras, tamén con oscilacións, tamén con anos máis difíciles que outros, pero houbo un aumento de ingresos. A media de ingresos do marisqueo a pé medrou un 40 % dende o 2009 ata o 2017 e, ademais, a media de ingresos durante o goberno de Alberto Núñez Feijóo medrou un 13 % con referencia á que tiñan no Bipartito.

Insisto en que esa medida, ese decreto, que ao mellor xa queda no esquecemento, pero non queda no esquecemento a pesar das eleccións, que impón unha suba do 25 % aos traballadores do mar, hai que modificalo, e ademais houbo acordos na Comisión 8ª e temos que saír adiante con iso, eu creo que tamén no pleno, para que non se leve adiante, porque fai un dano terrible ás traballadoras do mar.

Rehabilitáronse máis de 12,5 millóns de metros cadrados de zonas de marisqueo recuperadas dende o 2009. As novas depuradoras fixeron que as augas, ademais, cada vez sexan máis apropiadas e axeitadas para ter en conta o marisqueo. Polo tanto, antes acusaba noutra iniciativa de que o Partido Popular só se interesa pola pesca de altura, a pesca conxelada. Iso non é certo. Hai que respectar e hai que traballar por todas as vías e todas as partes do sector, que é moi amplo, e é importante ademais e cada vez máis crucial en Galicia.

Falamos, ademais, tamén da reinstalación das bateas e da ordenación do que son os polígonos de bateas e a redución á metade das zonas C, do 16 % no 2009 ao 8 % no 2018.



E xa para rematar, señor presidente, sobre a evolución da presenza feminina do marisqueo a pé, insisto en que nós non poñemos en dúbida os datos que vostede plantexa, pero hai que ter en conta que a porcentaxe de mulleres no marisqueo a pé, incluíndo percebeiros, ata o ano 2009 foi sempre superior ao 92 %, e nestes momentos sitúase no 72 %, pero segue a ser maioritaria —insisto— pola incorporación dos homes a estas faenas.

Dicir que a muller está perdendo presenza no sector do marisqueo, señora Toja, non é certo. De todas formas, nós imos seguir traballando nesta liña e imos traballar e apoiar esta iniciativa. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: É unha evidencia que o sector do marisqueo en Galiza, no que tiñamos que ser unha auténtica potencia pola calidade do noso produto, polas condicións das nosas rías para producir cantidade dese produto, tiña que ser unha actividade que xerara unha potentísima actividade económica e que fora xeradora de miles de postos de traballo.

Lonxe de ser esta a realidade, a realidade é que, a pesar de que para a conselleira de Pesca, cando chegou ao cargo de conselleira no ano 2009, unha das súas promesas estrelas era que ía multiplicar os permex, en canto ao marisqueo e dirixido especialmente ás mulleres, a realidade é que, dez anos despois desa promesa de multiplicación dos pans e dos peixes, encontrámonos cos datos que se deron aquí, encontrámonos con que hai mil cincocentos e pico permex menos.

Estamos falando de que, no caso do marisqueo a pé, un sector fundamentalmente feminino, e que podía e debería ser tractor económico en moitas das vilas do noso litoral, non obstante, isto non é así. É un sector no que non hai relevo xeracional, porque a cuestión fundamental é que non é atractivo para as persoas novas, primeiro polas duras condicións laborais —que non acaban de modificarse—, polas escasas posibilidades de formación, polo non recoñecemento de enfermidades profesionais, por uns coeficientes redutores inferiores ao recoñecido para os homes —que fundamentalmente están no marisqueo a flote— e polas rendas, evidentemente.

Un sector onde as rendas medias anuais están nos sete mil cincocentos euros brutos, que —fágolles unha conta rápida— significa que bruto ao mes está ao redor dos cincocentos euros, pero estamos falando dunha media, xa que hai agrupacións de determinadas confrarías que non superan os douscentos euros a maioría dos meses. Entón, evidentemente e neste contexto e con estas condicións laborais duras, nun contexto onde os recursos que obteñen son tan escasos, é evidente por que non hai relevo xeracional.

E claro, a pregunta que había que facerse é por que se dá esta situación. É certo que é un sector onde o asociacionismo foi en aumento, pola vontade das propias mulleres de reivindicarse e de intentar conseguir melloras para o seu sector, pero é que logo hai unha parte importantísima, que depende fundamentalmente da Administración, na que non se leva ac-



tuado, en canto a rexeneración de zonas para aumentar esas zonas de produción e mellorar a calidade do produto; a pesar desa ladaíña constante dos metros cadrados recuperados, non se ten traducido en aumento substancial de zonas para a produción.

Está o tema do furtivismo, onde non se ten actuado, dende logo non se ten eliminado nin minimizado este problema.

Están os factores biolóxicos e medioambientais da contaminación, da falta de saneamento das rías, que leva en ocasións a unha grande mortalidade dos moluscos, que persiste no tempo.

Está a situación de que, por exemplo, as zonas de libre marisqueo, dependentes directamente da propia Administración, da propia Xunta de Galiza, que tería que ser a que estivera ocupada e preocupada porque estas zonas tiveran un nivel de produción importante, están totalmente abandonadas e que, en vez de aumentar a produción, decrece.

Podía falar dos datos das zonas de libre marisqueo da ría de Arousa, onde pasaron de ser unhas zonas onde se extraían miles de toneladas de marisco a que campaña tras campaña non fai máis que esmorecer.

A isto ¿que hai que engadir? Pois esas duras condicións de traballo que dicía, o non recoñecemento de enfermidades profesionais. Non hai moito viña un titular dun xornal onde se dicía que moitas mariscadoras teñen que escoller entre que se lles renove o permex ou estar practicamente nunhas condicións de enfermidade tremendamente duras, facendo a súa tarefa.

Falaba dos coeficientes reductores, e, en suma, estamos falando de que un sector que tiña que estar xerando emprego de calidade no noso país, e fundamentalmente emprego de calidade con rendas dignas para as mulleres, é un sector que esmorece e as rendas que están a ter son realmente de miseria —hai que dicilo así—.

E dende logo isto non é por culpa das propias mulleres, senón por culpa dunha actuación da consellería, que, por un lado, dilles que son fantásticas e estupendas pero, por outro, non actúa naquelas cuestións que son da súa competencia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario En Marea, señora Miranda.

A señora MIRANDA PENA: Graciñas, señor presidente.

Ben, a pesar de que a voceira do Partido Popular o negue, parece claro que, si, o marisqueo en Galicia sofre un retroceso que se demostra claramente nas estatísticas. A voceira do PSdeG sacou unha gráfica incontestable.



Dende a chegada do señor Feijóo —que parece que o fai todo ben, pero non— ao Goberno, perdemos 489 permisos de marisqueo a pé, atopámonos moi lonxe dos históricos 6.500 permisos do ano 2001, estamos ante unha auténtica reconversión do sector marisqueiro, e este drástico descenso nas licenzas ten a súa orixe na implantación de requisitos para acceder aos permex, aos permisos de explotación.

Queríase reducir o número de persoas traballando na praia, para reconvertelas en profesionais do marisqueo, pero a profesionalización do marisqueo afectou sobre todo as mulleres. Ter que facer un curso de capacitación, ter que pagar a Seguridade Social, ter que conciliar, ter que declarar o IVE cada tres meses, ter que faenar un mínimo de días ao ano, acceder a un mínimo de vendas, levou a moitas mulleres a abandonar esta actividade.

Profesionalizar está ben, claro —compartímolo—, pero hai que facelo sen excluír as mulleres. Moitas exercían este traballo de modo tradicional e non estaban aínda preparadas para afrontar estes cambios. Pero isto non foi nunca un problema que ocupase de forma especial a Xunta do señor Feijóo. Profesionalizar sen enfoque de xénero excluíu as mulleres, que ocupaban a periferia do sector. Case vinte anos despois tampouco permitiu aínda acadar ingresos suficientes, tampouco rematar nin co furtivismo nin coa explotación.

Preguntámonos que criterios primaron para regular o marisqueo e por que non se primou a entrada de xente nova no sector; había que ter primado a entrada de mulleres novas. Na regulación inicial reservábase un cupo do 10 % para a xente nova (*Murmurios*)... —agradecería que non houbera tanto ruído ambiente, por favor—, pero exixíase tamén unha certa experiencia para conseguir o permex.

Entón, agora temos un sector absolutamente avellentado e sen relevo xeracional. O 60 % dos permex son de mulleres maiores de 51 anos. Nos homes non se dá este avellentamento. Está claro —e comparto coa voceira socialista— a quen se deben dirixir estas accións específicas. É necesario un plan de formación orientado á mellora dos beneficios económicos, a diversificar a actividade e sobre todo a mellorar as condicións laborais.

A media de ingresos —xa se mencionaba aquí— non chega aos mil euros brutos mensuais, e de aí hai que restar o 19,2 % en custos de explotación e os 240 euros de cotizacións á Seguridade Social. Estamos falando de 568 euros limpos cada mes, un salario absolutamente indigno para unha profesión tremendamente digna. En entre o 40 % e o 75 % dos fogares onde conviven mariscadoras esta é a única fonte de ingresos. Reflexionemos en clave social. ¿Que pasa nesas fogares?

Existen enormes dificultades para acceder ao carné profesional. Por iso, a propia Asociación Galega de Mariscadoras interpuxo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza un recurso.

Hoxe son máis de cento cincuenta as accións formativas recoñecidas pola Xunta que dan puntos para o permex, pero é unha formación absolutamente deslavazada, administrada por organizacións sindicais, por cooperativas, por confrarías, sen ningún tipo de liderado por parte da Xunta.



Non se impulsa un modelo de marisqueo que conveña ao sector. A propia proposta do PSdeG carece de claridade. Nós entendemos que se debe facilitar o acceso á formación e non compartimos a necesidade de ter listas de voantes en desemprego para acceder ao primeiro permex. Cremos que hai que incrementar as zonas de explotación e hai que recuperar zonas de marisqueo para que o litoral poida acoller máis permex. Hai que evitar tamén as retencencias de mariscadoras polo temor de que os bancos non cheguen para todas. A Xunta debe executar os orzamentos para mellorar as zonas produtivas, no ano 2018 houbo 2.540.000 euros orzados, dos cales hoxe só se gastaron 416.000, un 20 % do orzamento, dato que se repite ano tras ano.

O noso marisqueo é un exemplo de acuicultura social, ten beneficios socioeconómicos, por iso cómpre protexelo e cómpre incentivalo. O modelo é social e é democrático, baséase na repartición das ganancias entre os integrantes das asociacións e é absolutamente respectuoso co medio. Pero o seu declive en cifras —xa o mencionou a voceira do BNG— tamén ten que ver coa sobreexplotación, co furtivismo, coa degradación medioambiental, coa contaminación, cos brotes de enfermidades nos bivalvos e co crecemento global do mar, elementos sobre os que tamén debería actuar a Administración.

En definitiva, máis formación, si; profesionalización, si, pero ben feita. Miren sobre todo con perspectiva de xénero, miren de traballo e traballen polas mulleres do marisqueo deste país.

Apoiaremos a iniciativa. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Miranda.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, agradecer o apoio dos grupos.

Mire, señora Egerique, vostede dixo na súa intervención que os datos estaban suxeitos a interpretación. Eu creo que a gráfica é suficientemente clara. *(A señora Toja Suárez mostra un documento.) (Aplausos.) (Murmurios.)* A min paréceme descendente, pero teño que dicirle que lle preguntei aí ao meu compañeiro Mini a ver se el tamén a vía coma min, descendente. *(Risos.)* Polo menos vemos todos que é descendente. Os datos non son interpretables. Os permisos, por máis que é para o caso das mulleres, baixaron, e reduciuse en dez anos no tempo que vostedes levan gobernando, reduciuse un de cada tres. Son os datos.

Despois vostede tamén nos di que van poñer en marcha un plan no verán, ¡pero é que levan dez anos gobernando e din que van poñer en marcha un plan en verán! ¡Home!, eu penso que tiñan que empezar a mirar por esta cuestión antes. Tamén din que van poñer cartos. O que lles dicimos é que, se van poñer cartos e van poñer orzamentos, que nos últimos tres anos levan reducindo os orzamentos, tamén os executen, porque deixan sen executar 4 de cada 10 euros no programa 723A, que é o programa de melloras de zonas de produción. Polo tanto, ¿van poñer cartos? Se os poñen, poñan máis, e, sobre todo, executen.



E logo tamén nos din que a medida dos socialistas —unha medida de hai uns meses— tamén prexudicou. ¡Home!, levan —repito— dez anos gobernando e falan dunha medida das cotizacións dos socialistas que prexudicou. Tampouco me parece serio. A ver, precisamente as mariscadoras son as máis beneficiadas, porque no caso de cando hai peches por toxina poden solicitar o cesamento da actividade xa dende o día seguinte, cousa que antes tiñan que esperar ata o primeiro día do mes seguinte. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, non, non, iso é moi importante, víronse realmente beneficiadas por esta cuestión. Polo tanto, entenderán que non podemos aceptar a súa emenda.

O primeiro, cando lin a súa emenda e lin un plan 2030, eu pensei que había un erro tipográfico —vostede sabe—, pensei, dixeron: ben, sería 2020 e confundíronse. ¡Pero é que 2030! Non podemos aceptar unha emenda que ten un horizonte temporal 2030, porque non nos parece serio. Sobre todo, ¿que fai mentres tanto o sector? Hai que preguntarse: ¿que vai facer mentres tanto o sector? Á parte, pois mire, un horizonte temporal 2030, cando eu calculo que máis ou menos lles queda a vostedes un ano ou así de goberno, non parece que teña moito sentido.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co concurso convocado para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 49806 (10/PNP-003774).)

Emenda de modificación.

«O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a realizar un estudio en profundidade da viabilidade de reverter o servizo de transporte sanitario á xestión pública directa, co obxectivo de mellorar en vehículos, materiais e persoal, dotando a todas as ambulancias medicalizadas (ASVA) do equipos profesionais completos e ampliando a dotación de ambulancias en función da demanda.»

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Ben, pois moi bo día de novo.

O transporte sanitario terrestre é básico, é de vital importancia dentro da cadea asistencial sanitaria. A rapidez, a pronta resposta dunha ambulancia é un factor determinante, claro



está, conxugado coa existencia de persoal cualificado en número suficiente. E concurso tras concurso hai un déficit permanente na dotación dos servizos de ambulancia no noso país. A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 vén de sacar a concurso a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente, por un importe de 184.801.447 euros, para un período de cinco anos. No anterior concurso, sacado no ano 2014, o BNG advertiu xa aquí neste Parlamento de que ese concurso, tal como estaba e tal como se ía adxudicar, ía ser fonte de problemas e non ía dar o servizo na calidade que precisa a poboación. Era un concurso naquel momento realizado á baixa que dun xeito moi evidente e moi claro estaba direccionado para ofertarllo a unha empresa con claras conivencias co Partido Popular.

E o Partido Popular na Xunta de Galiza non quixo escoitar e o tempo desgraciadamente non fixo máis que darnos a razón. De feito, saca este concurso antes de que finalice o prazo que se establecía no contrato. Foi un concurso que non tivo máis que problemas, que estivo no xulgado por como se adxudicou e que foi fonte de conflitividade laboral, porque esa baixa no concurso o que pretenderon as empresas logo foi computárllelo ao lombo dos traballadores e traballadoras e á calidade asistencial que se estaba a prestar.

Foron moitas as denuncias no ámbito laboral e foron moitas as denuncias no ámbito de que non había os vehículos suficientes no mantemento dos vehículos e na calidade desta prestación. Incluso, dada a insuficiencia dos vehículos que tiñan as empresas, estas estaban recorrendo a terceiras empresas para facer servizos aos que non daban chegado nunhas condicións, dende logo, que non eran as axeitadas.

Ben, pois acaba de quitarse este concurso, e en canto vemos as condicións que se contemplan pois volven saltar as alarmas, o malestar e a preocupación. Porque sendo o transporte sanitario un transporte de vital importancia vemos que volve reincidir o Partido Popular —já que non dá aprendido nada!— e volve reincidir sacando un concurso onde o principal elemento no baremo, o que ten moito máis peso, é a cuestión económica. Volve ser a cuestión económica en vez de que sexa na puntuación a mellora nos vehículos, os materiais, as persoas destinadas a prestar unha mellor atención, é dicir, que nun servizo desta importancia que sexa o elemento económico o fundamental en vez da calidade coa que se vaia prestar o servizo. Dende logo, chove sobre mollado e vemos que o Partido Popular pois non aprende e é reincidente en persistir en dar un servizo de peor calidade.

E vemos como este concurso, tal como se presenta, fai acender as alarmas por máis cuestións. Primeiro, non vai solucionar os problemas e as demandas da poboación, que veñen realizando dun xeito sistemático a poboación e os profesionais. E non se atenden as demandas pois de dotación de ambulancias medicalizadas en Valdeorras, en Bergantiños, no Baixo Miño ou no Barbanza e zonas que levan insistindo en que é necesario dotar desde dispositivo de ambulancias medicalizadas. Non se atende a demanda de ambulancias básicas en zonas moi importantes tamén do noso país.

E vemos logo tamén con moitísima preocupación unha cuestión que, dende logo, non ten ningunha xustificación dende o punto de vista asistencial: que na dotación de persoal das novas ambulancias de soporte vital avanzado —que se contempla no concurso unha para Monforte e outra para a comarca do Salnés— resulta que eliminan un técnico do que vén



existindo neste momento, e, a maiores, eliminan un técnico da que xa estaba en funcionamento na comarca da Mariña. ¿Xustificación dende o punto de vista asistencial? Absolutamente ningunha, porque un equipo especializado destas ambulancias debe estar dotado dos técnicos, un médico —é dicir, un persoal facultativo— e persoal de enfermería.

¿Por que é isto así? Ben, primeiro, porque isto vén contemplado así na propia páxina da Fundación Pública Urgencias Sanitarias 061, que establece alí o persoal que ten que levar este tipo de dispositivos. E alí establece que ten que ser un médico ou médica, un enfermeiro ou enfermeira, un condutor ou condutora e un técnico ou axudante técnico. Ben, establéceo o propio 061. ¿Como quita un concurso onde nunha parte das ambulancias de soporte vital avanzado elimina un destes técnicos? Pois non o sabemos.

E logo tamén por outra razón: porque os protocolos están definidos para ter este número de persoal. Os protocolos de atención ás emerxencias están definidos para ter estes catro profesionais, que, ademais, son necesarios. No caso dunha urxencia —poñamos, por exemplo, unha parada cardíaca— é necesario un facultativo para atender o que é a vía aérea, a enfermeira ou enfermeiro para o que é a vía venosa e un dos técnicos para realizar unha masaxe cardíaca; e, ademais, establecen os protocolos que debe substituírse cada dous minutos, unha, para que non se esgote o propio técnico e para garantir a eficacia da manobra que se está a realizar. ¿Como pensan facer isto coa eliminación dun técnico? Pois non temos moita idea de como van facelo.

E, outra, unha cuestión derivada tamén de cal é a dispersión poboacional que temos no noso país, e é que un destes técnicos se necesita tamén para ir mantendo a comunicación telefónica coa central do 061 e incluso para localizar a onde teñen que ir prestar atención, vía GPS, vía ir falando coa persoa que fixo a chamada de emerxencia. Co cal, con esta decisión o que se fai é un empeoramento, dende logo, moi importante da calidade que poden prestar estes dispositivos de ambulancias de soporte vital avanzado.

E logo eliminan recursos neste concurso que non teñen absolutamente ningunha xustificación. Por exemplo, na comarca do Salnés dotaron hai uns anos dunha ambulancia básica de doce horas que fai unha media de dous mil servizos ao ano. Entón, agora resulta que a suprimen. ¿Quen se supón que vai facer estes servizos? A ambulancia medicalizada, é dicir, un servizo especializado, ¿vano destinar a que faga os servizos básicos? Co cal non aumentaría o servizo que se está prestando á comarca do Salnés.

Ou no concello de Sanxenxo establecen unha ambulancia de soporte básico soamente dous meses ao ano. Podemos falar do concello de Marín, unha demanda que trouxemos por activa e por pasiva a este Parlamento, onde demandan unha ambulancia as vinte e catro horas e que non contemplan. Ou podemos falar doutras demandas ao longo do país que non están contempladas.

Co cal o que estamos vendo é que con este concurso abren a porta a unhas melloras teóricas que no fondo realmente empeoran con respecto ao que había e, por outro lado, recortan. Hai unha figura mixta entre a básica e a especializada, que é unha dotación cunha ambulancia cun técnico e un persoal de enfermería; é dicir, eliminan un técnico e poñen un persoal de



enfermería, que ao final non é nin chicha nin limoada. Iso si, dá para que no titular de prensa do anuncio deste concurso por parte do presidente da Xunta anuncien como que se aumenta en seis ambulancias de soporte vital avanzado, cando a realidade é que son dúas, cun técnico menos, e son outras catro que só teñen un técnico e unha enfermeira. É dicir, de novo esa manobra de distracción.

Polo tanto, o BNG, diante deste concurso que non responde a mellorar a asistencia sanitaria nin ás demandas da poboación, o que pide é que se modifiquen os criterios de valoración, de xeito que sexan as melloras nos vehículos, materiais e persoal, é dicir, a asistencia sanitaria, o que teña maior peso e non a cuestión económica; que todas as ambulancias de soporte vital avanzado estean completas con dous técnicos, un de persoal facultativo e un de enfermería; non eliminar ningún dos recursos existentes —non se pode aumentar por un lado e logo eliminar o que hai, co cal non se está mellorando o servizo—; e que se amplíen as ambulancias que se teñen demandado, como é a de soporte vital avanzado de Valdeorras, do Baixo Miño, de Bergantiños, ou as básicas que están demandadas ao longo de todo o país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Onte combinabamos varias iniciativas de diversa índole sobre a atención primaria e hoxe facémolo sobre transporte sanitario, porque, ademais desta proposición non de lei que trae aquí a debate o Bloque Nacionalista Galego, o noso grupo plantexa unha pregunta esta tarde ao conselleiro para saber algunhas das cuestións, e probablemente coincidamos na visión que temos de por que estes temas.

A verdade é que a cuestión referida ao 061, ao transporte sanitario, é un deses ámbitos onde o Partido Popular nunca desaproveita a oportunidade de trampear. É unha oportunidade fantástica para trampullar as situacións e para poder provocar un certo caos non organizativo, senón conxunto; xa de provocar as cousas desordenadas, facelas conxuntamente.

Por facer un pequeno relatorio, que nunca está de máis recomendar contextualizar sobre o asunto, traballamos agora mesmo neste debate sobre un campo que ten xudicializado un proceso de 121,6 millóns de euros, que se di pronto. ¿Por que? Porque era un concurso sobre transporte sanitario no que unha empresa, con vínculos obvios e relacionados co Partido Popular, gañou o concurso pero que existiron probas obvias, nunha denuncia xudicial, de que tiña, curiosamente antes de que se publicara o prego de condicións, as ambulancias xa rotuladas, equipadas e medidas exactamente como tiñan que ser, antes —insisto— de que se convocara o prego.

Existen informes policiais sobre ambulancias pasadas de peso, que incumpren toda a normativa sobre riscos laborais, que poñen en risco os profesionais que as conducen e os que



alí traballan, os técnicos, tamén os enfermos que van nesas ambulancias noutras ocasións. É un proceso con baixas temerarias *de facto*, consentidas, consentidas pola Xunta de Galicia, onde hai unha desatención á protección laboral dos traballadores do servizo, amparándose nesa cuestión de que é unha relación laboral entre empresa e traballadores e a Xunta de Galicia non ten nada que dicir a pesar de estar prestando un servizo público. Como se a Xunta de Galicia non utilizara —e o PP principalmente— traballadores doutros ámbitos para cargar en contra doutros partidos, doutros gobernos municipais, e a verdade é que recentemente nas eleccións municipais houbo casos sangrantes.

Pero, iso si, no caso dos traballadores que traballan nun servizo que está en concesión, pois parece que esta escusa de que é unha relación laboral serve para permitir que incluso se inapliquen convenios e pasen cousas —e creo que é importante mencionar— como que unha empresa, que —insisto— gana concursos por máis de cen millóns de euros, diga que corre perigo a sostibilidade do concurso e do servizo pola subida do salario mínimo interprofesional, cando hai algunha conclusión obvia, como que se os técnicos sanitarios que van nas ambulancias non cobran o salario mínimo interprofesional a empresa non ten un problema de solvencia, ten un problema de explotación, e ese é o problema que teñen ese tipo de empresas.

En realidade, ao final este xogueteo cos recursos, eses fantásticos anuncios —a tres días das eleccións, por suposto— onde se anuncian ambulancias medicalizadas para todos, parecía un supermercado. Un empeza a coller titulares e ve que naqueles lugares onde había déficits e había reclamacións permanentes anúncianse ambulancias medicalizadas. Pasadas as eleccións, comeza un a desgranar e xa ve que de ambulancias novas, nada; ambulancias anteriores ás que se dota dalgún equipamento máis pero retírase outra; ambulancias que eran de tipo B pasan a ser tipo A practicamente por influencia divina; dotación de equipos medios; non son medicalizadas completas, senón que se chaman medicalizadas algo menor. Ao final, de todo o fume, nada. Pero, iso si, tres días antes das eleccións anúncianse ambulancias medicalizadas para todos; case que calquera que chamara á Xunta pedía unha ambulancia medicalizada e concedíase por arte de maxia. Iso si, poden vostedes recompilar os resultados das eleccións alí onde prometeron algo que era mentira e poderán ver que os cidadáns, como di moitas veces o señor presidente, non son parvos. E alí onde prometeron cousas que todo o mundo sabía que non ían cumprir perderon as eleccións tamén. Por iso de recordar que a veces non son parvos tampouco cando teñen que escoitar o Partido Popular.

Nesta iniciativa que se plantexa o noso grupo está evidentemente de acordo co fondo da cuestión, témolo debatido en numerosas ocasións. Temos presentado unha emenda, si, que explicamos brevemente. Non temos clara a posibilidade real, legal e *de facto* de paralizar o concurso. A nós a realidade é que non nos guste o concurso, que non nos gusta, nin as condicións do concurso, que non nos gustan, nin que non compartamos os plantexamentos que se fan da iniciativa, que si compartimos. É unha cuestión de formalidade: non sabemos se é posible paralizar o concurso.

Plantexamos a nosa posición clara: nós cremos que é o momento de analizar con seriedade e con profundidade a viabilidade de reverter o sistema de transporte sanitario á xestión pública directa, que agora non o é. E necesitamos que ese estudo se faga, cremos que é necesario estudar esa posibilidade. Por iso plantexamos esa emenda, non porque en ningún caso



esteamos en desacordo cos puntos que se plantexan, que estamos de acordo e que poderíamos incluír se hai posibilidade de transaccionar incluso ou de ver algunhas solucións sobre a resolución, e unicamente temos algunha dúbida sobre paralizar o concurso. A pesar diso, se se trata de facer unha declaración política de posición, estaremos evidentemente a favor, porque compartimos esa idea.

Pero unicamente por unha cuestión de forma presentamos esa emenda, que agardamos que sexa tida en conta e que a ver se somos capaces de, a partir disto e das novas realidades, facer entender ao Partido Popular que é importante non mentir con servizos como o sanitario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Ben, o que acontece co servizo de transporte sanitario neste país é absolutamente increíble. É absolutamente increíble porque imos de conflito en conflito e a verdade é que non se observa ningún tipo de utilidade para ninguén neste conflito. É absolutamente incomprendible que, despois de solventar unha situación dunha folga do persoal, a enésima folga dos profesionais do transporte sanitario, porque, efectivamente, os concursos que se asinaban non respectaban os convenios colectivos —non entendemos para que se negocia un convenio se despois se lles traslada a responsabilidade ás empresas de que non o cumpren, porque o concurso que asina a Xunta é insuficiente—, despois de ter resolta esa situación, cando poderían trasladar esas necesidades a un papel que é a licitación nova e non houbera ningún tipo de conflitividade máis, volven publicar unha licitación dun concurso que non cumpre co acordado cos profesionais. É absolutamente increíble, increíble.

E ese é probablemente un dos motivos polos que en marzo, cando eu mesma preguntei por estas condicións, o conselleiro de Sanidade se negou a responder. Eu quero lembrar tamén aquí que levamos —non sei, xa perdín a conta— un ano, un ano e algo, traendo esta cuestión aquí, á Comisión de Sanidade, o noso grupo parlamentario, interesándonos por esa situación, e por parte da Xunta de Galicia negando a existencia de ambulancias sen persoal sanitario, como son as ambulancias de apoio. Xa tratamos esta cuestión. E, despois de que o persoal ten que ir a conflito, tampouco queren facilitar a información.

E eu teño que lembrar aquí que, como os concursos son como son —un xudicializado, outro que non cumpría, outro no que non se cumpre o convenio—, nós trasladamos a este Parlamento e votamos —dígoo tamén a teor desa emenda que propón o Partido Socialista— que o servizo sexa público, que se fixera ese traballo de facer o estudo. O Partido Popular votou en contra, queren un modelo privatizado, pero queren un modelo privatizado de conflito continuo, que non garante os mínimos. Porque é incomprendible que, despois de resolver esa folga, que despois de comprometerse cos profesionais, publiquen un prego que recorta os profesionais.



¿Ou é que a xente de Foz, de Monforte, do Salnés ten menos dereito a ter unhas ambulancias dotadas co mesmo número de profesionais que o resto das áreas sanitarias? É absolutamente incomprendible. ¿Por que neses lugares só vai ir un técnico nas ambulancias de soporte vital avanzado? ¿Por que no resto si? ¿Cal é o criterio científico, técnico, profesional que pode recortar profesionais nalgúns... (*Murmurios.*) vehículos e noutros non? Non hai ningún criterio, non se explica.

Ese é o motivo polo que en marzo o conselleiro de Sanidade se negou a responder ás preguntas. Dixo que non nos tiña por que contar como ían ser os pregos. Pois ¿como ía contalos, se temos en cernes outra protesta? Xa a temos enriba da mesa. E nós solicitamos —e os outros grupos cóstanos que tamén— durante todos os exercicios orzamentarios nas emendas máis ambulancias de soporte vital avanzado, máis ambulancias de soporte vital básico en función dos mínimos que os técnicos e técnicas nos reclamaban ou nos dicían que eran importantes para cumprir coas isócronas.

Non vou falar da dispersión poboacional, xa coñecemos todos ese elemento. E pediamos soporte vital avanzado en Monforte, en Carballo, en Verín, en Cee, no Barco, no Salnés. E atopámonos con que non só se recortan técnicos e técnicas, senón que, como xa expresaron aquí os outros voceiros dos outros grupos da oposición, as ambulancias de soporte vital avanzado resulta que veñen tamén recortadas. E agora que as ambulancias non teñan a dotación completa de profesionais, é dicir, que faltan nalgunhas os profesionais médicos, porque se comprometeron a seis novas, pero resulta que só dúas van ter profesionais médicos, chámalle optimizar recursos de facultativos. É a enésima utilización dun eufemismo para xustificar un recorte por parte da Xunta de Galicia.

Créanme que é absolutamente incomprendible esta situación. Porque, sinceramente, despois de ter resolto os conflitos laborais, volver xerar un conflito laboral é que non ten sentido ningún. E xa non me refiro —porque non me daría tempo— á situación que teñen tamén na central de chamadas, que están en folga. Porque a Xunta é experta en producir conflictividade laboral e en deteriorar os servizos sanitarios. Non o queren público pero tampouco o queren privado sen conflito. ¡Oían!, isto non pode ser.

Nós imos apoiar a proposición non de lei, con independencia de que se acepte ou non a emenda. Xa saben as súas señorías que nós trasladamos a necesidade de que este servizo fora público e se votou en contra, xa saben tamén que pedimos paralizar nalgunha ocasión o concurso e que, polo tanto, estaremos de acordo con independencia do que aconteza con esa emenda. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días a todos.

Moitas grazas, presidente.

Vaia por diante que o Goberno galego está sempre de lado dos cidadáns, de todos, na procura da mellora dos servizos, e moito máis cando falamos de sanidade, á que, como todos vostedes



saben e coñecen, a Xunta de Galicia adica a maior parte do seu presuposto, máis do 40 %. Isto é importante remarcalo e recordalo, pois a veces parece que se olvida ou non se quere recoñecer por parte dalgunha das súas señorías. Volven alarmar, si, volven alarmar. As alarmas non saltan polo concurso, saltan por vostede, señora Prado. Alarma e falta á verdade, unha vez máis.

Indo ao que vostede pide na súa PNL, en primeiro lugar solicitan modificar os criterios de valoración. Pois ben, a adxudicación dos contratos realízase utilizando unha pluralidade de criterios con base na mellor relación calidade/prezo, que se avalía atendendo criterios económicos e, fundamentalmente, cualitativos.

Señora Prado, neste concurso a oferta económica ten un peso dun 40 %, fronte ao 60 % que supoñen as melloras na prestación do servizo. É importante destacar que no prego de prescricións técnicas que forman parte do concurso se especifica que todas —todas— as ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado e de soporte vital básico teñen que ser vehículos de nova matriculación, é dicir, novos.

Solicitan tamén dotación de todas as ambulancias medicalizadas con equipos profesionais que viñan tendo ata o de agora: dous técnicos, un persoal de enfermería e un persoal facultativo.

Mire, o novo concurso permitirá aumentar a oferta asistencial do 061. A incorporación de ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado con enfermería, avaladas polos resultados obtidos noutras comunidades autónomas, teñen máis capacidade resolutiva que as ambulancias asistenciais de soporte vital básico, xa que a incorporación de persoal de enfermería capacitado e habilitado para, de xeito independente en situacións de urxencias, emerxencias, crises ou catástrofes, levar a cabo as medidas e accións inmediatas para preservar a vida, tal como recolle a iniciativa 55/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de novembro de 2013.

Ademais, as novas ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado van permitir os traslados de doentes que teñan sufrido patoloxías tempodependentes, como pode ser, por exemplo, un infarto agudo de miocardio, un ictus ou unha sepse, e que poidan beneficiarse dos programas que o Servizo Galego de Saúde ten desenvolvidos, como pode ser o Progaliam, o Plan ictus ou o Código sepse. Estes recursos van contar con persoal especialista na asistencia e transporte de urxencias e emerxencias.

Señora Solla, non hai recortes, hai melloras e hai xestión. A dotación de tres profesionais, entre os que se conta cun enfermeiro, cun enfermeiro capacitado, cun médico especialista en urxencias e en emerxencias, garante a atención e o manexo de calquera tipo de patoloxía clínica, ademais de aumentar a supervivencia dos pacientes que sufran un infarto agudo de miocardio, un ictus ou mesmo unha parada cardiorrespiratoria.

Vólvese alarmar e vólvese faltar á verdade.

Tamén solicita, señora Prado, non eliminar ningún dos recursos xa existentes e ampliar as ambulancias. Recórdolle aquí que a Fundación Pública 061, para dimensionar a rede de transporte sanitario, realiza estudos de maneira permanente e continua. E estes estudos



contemplan e valoran variacións demográficas, variacións nas demandas sanitarias, tempos de resposta, a distancia aos centros sanitarios e as necesidades e actividades nas diferentes comarcas e concellos da nosa comunidade autónoma, coa finalidade última — como non podería ser doutra maneira— de mellorar a asistencia sanitaria urxente ao conxunto da poboación galega. Non penso que dubiden da capacitación do persoal do 061.

O actual concurso público, igual que todos aqueles que se fan nos gobernos do Partido Popular de Galicia, faise con criterio e a dotación de recursos responde ao resultado dos estudos que a Fundación 061 realiza periodicamente e ás recomendacións e estudos científicos que avalan a calidade asistencial en calquera tipo de patoloxía urxente, inter e extrahospitalaria, realizada coa dotación de recursos humanos contemplada.

Nós non podemos apoiar a súa iniciativa. Un novo concurso que conta con máis e mellores servizos e cun presuposto que aumentou máis do 50 %. Galicia contará con dezaseis ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado, cento sete ambulancias asistenciais de soporte vital básico e dúas ambulancias non asistenciais convencionais, ademais de seis novas ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado, dúas delas medicalizadas e catro de enfermería, e unha nova unidade de soporte vital básico, incrementando as horas de operatividade de dúas ambulancias non asistenciais, e actualización tecnolóxica de todos os equipos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

A señora PRADO CORES: En primeiro lugar, agradecer o apoio favorable manifestado por En Marea.

Con respecto á emenda que presenta o Partido Socialista, propoñémoslle unha transacción, que é aceptala como de engádega, porque, ademais, é unha cuestión, o de que se recupere como un servizo público prestado directamente pola Xunta de Galiza, un tema que o BNG xa trouxo tamén aquí a este Parlamento, para que se fixeran non os estudos, porque é evidente que se se fan noutros lados é posible facelo, senón que xa se puxeran en marcha todas as accións para ir recuperando.

Pedimos que se paralice este concurso porque xa demandamos, antes de que saíra, que se fixeran as modificacións e que non se caia na tentación de persistir no erro. E o Partido Popular, pois erre que erre. A min, dende logo, faime moita graza o uso da terminoloxía por parte do Partido Popular: séguelle chamando soporte vital avanzado a unha ambulancia cun técnico e unha enfermeira; iso non é soporte vital avanzado, é unha cousa mixta; pode ser un avance con respecto a eses dous técnicos, pero non son ambulancias de soporte vital avanzado. Igual que falan de optimización, efectivamente, cando o que queren dicir son recortes, así de claro.

E eu lamento —e insisto— que persista o Partido Popular nos seus erros. Cando no 2014 denunciámos que aquel concurso ía ser un problema, non ía dar a calidade asistencial, ía ser



un problema laboral, dixeron exactamente o mesmo: que viñemos aquí alarmar e que todo estaba baixo control, e o tempo non fixo máis que darnos a razón, igual que nos vai dar a razón no que estamos denunciando hoxe aquí.

E, dende logo, a actuación do Partido Popular non é realizar unha análise de cales son as necesidades, de que desas necesidades deriven recursos humanos e técnicos precisos para atender esas necesidades. Non. O Partido Popular o que fai é unha actuación ao peso; entón, chega e di: con estes cartos, ¿que servizo me vas dar? É o que fai neste concurso. E sabémolo pois de boa tinta. En vez de dicir: necesítanse estas prestacións, estas ambulancias e este persoal, o que di é: con estes cartos dáme un servizo. E con iso non se dá unha calidade asistencial adecuada, con iso non se dá un servizo de ambulancias, un servizo de urxencias sanitarias terrestres de calidade. Non, non é posible, cando as cousas se fan ao peso.

E sacar un técnico das ambulancias non é mellorar un servizo, é empeoralo, e, ademais, non hai ningunha xustificación sanitaria nin técnica, ningunha. Simplemente a xustificación é económica, de recortar prestacións e de baixar a calidade que se presta, única e exclusivamente.

Co cal persisten vostedes no erro. En vez de ofrecer aos galegos e galegas unha calidade asistencial no que se refire ao servizo de ambulancia terrestre de calidade, pois persisten nun servizo de baixa calidade. Eu, dende logo, laméntoo moito.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Rematado o debate das proposicións, procedemos á votación. Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dunha proposta de aplicación dos fondos da Estratexia europea de Investimento Territorial Integrado para axudar a reverter a situación de regresión demográfica das comarcas galegas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de dona Eva Solla.

Hai unha transacción á que se chegou co Grupo Parlamentario Popular. Xa a coñecen.

Votamos esa transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa regulación das funcións dos técnicos de enfermaría e a disposición transitoria terceira do Estatuto básico do emprego público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por 68 votos a favor.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de don José Luis Rivas Cruz.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre a elaboración dun plan de xestión do xabaril.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de dona Paula Vázquez.

Hai pendente unha transacción. Se nola le, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Si. Hai unha transacción entre os tres grupos. E sería:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

En primeiro lugar, reunirse de xeito inmediato coa Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago, xunto co Concello de Santiago e outras entidades sociais da comarca que traballan no eido da diversidade funcional, para coñecer as necesidades das persoas con diversidade funcional da zona.



En segundo lugar, aumentar coa correspondente dotación orzamentaria o número de prazas residenciais de atención directa para persoas con diversidade funcional na comarca de Compostela.

En terceiro lugar, instar o Goberno de España a que axilice os trámites necesarios para garantir a posta en marcha inminente destes usos no Cegadi».

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Votamos esa transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da Plataforma de Familias con Diversidade Funcional de Santiago de Compostela referidas á necesidade de aumentar na comarca o número de prazas residenciais de atención directa para persoas con diversidade funcional.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei con 68 votos a favor.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de dona Teresa Egerique.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto que tería para a competitividade do sector pesqueiro galego e para o porto de Vigo a aplicación da Instrución da Subdirección Xeral de Sanidade Exterior para a importación de pesca conxelada ou procesada IM/1/2019.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 29.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de dona Marta Rodríguez Arias.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.



Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Rodríguez Arias e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos exixidos para o mantemento en Galicia da condición de familia numerosa de tipo especial, así como coa recomendación realizada polo Goberno central na materia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei con 68 votos a favor.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona María Dolores Toja.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Dolores Toja Suárez e D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, na décima lexislatura, dun plan de recuperación de permisos de explotación marisqueira especialmente orientado ao sector feminino.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei con 68 votos a favor.

O señor PRESIDENTE: *E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores.*

Acéptase como engádega a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co concurso convocado para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.



Suspendemos a sesión ata as 16.30, catro e media.

Suspéndese a sesión ás dúas e dezasete minutos da tarde e retómase ás catro e vinte e nove minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co punto 5º, de interpelacións.

Interpelación de D^a Flora María Miranda Pena, do G. P de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a atención primaria do sistema sanitario público

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Miranda.

A señora MIRANDA PENA: Boa tarde.

Sinto a escasa afluencia e sinto tamén a hora que é.

Graciñas, señor presidente. Boa tarde.

Dicía o meu poeta favorito, Lois Pereiro, que canto peores sexan os tempos que vivamos, máis falsa será a inxenuidade, menos inocente a indiferenza e máis cómplice non comprometerse. Vostede, señor Almuíña, comprométese mal coa saúde dos galegos e das galegas. Non sabe coidar da primaria porque non cre nela. Non saben poñer o foco onde máis falta fai, nas persoas e no seu contexto, e ademais é moito máis rendible. Ademais, sábese que o código postal é o que máis inflúe. Non sei no seu, pero no meu, o 15707, do barrio compostelán das Fontiñas, hai nenas que precisan a bolsa do comedor para xantar decente unha vez ao día, e a saúde non pode fuxir destas cuestións; determinantes sociais lles chaman.

Por iso, hai quen propón incorporar unha pregunta clave na historia clínica da atención primaria: ¿ten vostede dificultade para chegar a fin de mes?, ou ¿vai ser vostede capaz de pagar o tratamento que lle estou dando?

Na primaria practícase a atención xeneralista, a centrada nas persoas. Igual non se fan diagnósticos de celofán, pero acompáñase ás persoas —demasiadas por día, sen tempo suficiente—. Coñécese se teñen dificultades para pagar o tratamento, se teñen conflitos coa orientación sexual, se hai violencia na parella, se padecen soedade; acompáñase na vida e tamén na morte. A primaria penetra nas casas da xente, incluso nas súas camas; practícanse paliativos, manéxase a cronicidade; aplícase o sentido común nesta medicina tecnoloxizada que tanto precisa que miremos ás persoas.

A primaria salva un millón de barreiras na accesibilidade das persoas, especialmente na nosa poboación, cada vez máis lonxeva e cada vez máis avellentada. Espero que lembre que é xusto na primaria onde debemos de facer educación para a saúde, porque a educación fai das persoas seres autónomos, e iso combate a frecuentación innecesaria. ¿Dáse conta, señor



Almuíña, de que a frecuentación é outro dos problemas a manexar? Ten un custo importante en asistencia sanitaria.

Converteron o sistema sanitario nun ente absolutamente dependente do hospital. Relegaron as xerencias de primaria, e isto é máis caro e menos accesible, aporta peores resultados en saúde e limita o benestar. Está máis que demostrado que os sistemas máis solventes teñen primarias máis fortes, e vostedes están traballando polo contrario.

Falemos da señora Angustias: ten insuficiencia cardíaca, ten artrose nas cadeiras, é diabética e non ve dos ollos pola retinopatía. Está enfadada porque leva tempo agardando por unha consulta, é unha paciente con mórbida. Supoño que non lle parece un caso extraordinario porque é dos que vemos a centos nas nosas consultas de atención primaria, é abrumadora-mente común.

¿Vostedes saben cantas Angustias pasan cada día por unha consulta de atención primaria? As profesionais, as médicas e os médicos, todas as profesionais piden dez minutos de media por paciente. Pareceralles excesivo, pero lembro que na campaña de cancro colorrectal nos bloqueaban a axenda durante quince minutos para atender eses pacientes. ¿Pódese ou non se pode? Non sabemos con que quedarnos.

Mire, os de Vigo téñeno claro: despois de sentarse a falar con vostedes sentíronse enganados. Decatáronse de que vostedes xogan a entreter, a desmobilizar e a enlevar a cuestión a ver se se dilúe. *Divide y vencerás* é unha das súas máximas na política de recursos humanos.

A Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, (Agamfec) levantouse dunha mesa de negociación no seu plan e marchou. Vaia desde aquí o meu recoñecemento —si, si, non se ría— á doutora Susana Aldecoa, unha excelente profesional comprometida. En xuño do 2017 xa o Consello Galego de Colexios Médicos emitiu un informe alertando sobre a deterioración da nosa sanidade. Non sei o que fixeron daquela.

O único motor de cambio na súa consellería, señor Almuíña, é a mobilización profesional. Vostedes saben que ese orzamento do superávit, ese que venderon a bombo e prato hai un mes escaso como mellora da sanidade pública, era destinado a ordenadores. Estaba previsto gastalo en 2017, e daquela non tiñan orzamento para el. Os cento e pico millóns de orzamento de superávit levan a porcentaxe a un 13,5 %. Sabe que hai consenso internacional en estimar que o orzamento para a primaria debe ser dun 25 %, moi lonxe do 11 % de Vigo e moi lonxe do 13,5 % de media, xa incorporando ese superávit.

A nivel xestor, sabe que a fragmentación de primaria segue nas mesmas condicións, incluso máis acentuadas entre colectivos. O mesmo modelo asistencial, idénticas trabas á accesibilidade. Fai falta —e vostede o sabe— un cambio de modelo, non parches.

Falemos das profesionais. ¿Sabe, señor Almuíña, o que é rematar unha xornada despois de atender sesenta persoas? Eu si que o sei. ¿Sabe o que é vivir pendente dun teléfono? Tamén o sei. ¿Quéreme convencer de que o que lles está ofrecendo ás profesionais lle parece digno? Non o é. «Estamos vendo avalanchas de médicos comunitarios querendo vir traballar aquí».



¡Veuille unha única médica portuguesa! É vergoñento. ¿Quere que fagamos reconto dos galegos e das galegas que quedaron alí para aforrar anos de precariedade? Son os da miña xeración. Podería darlle uns cantos nomes, pero eses xa non van volver.

Señor Almuíña, levan demasiados anos xestionando a sanidade apoiándose unicamente no compromiso das profesionais. Non sei como poden falar de coidados se non o practican coa xente da casa. Teñen un pull de eventuais que lles resolve a meirande parte do traballo, condenadas a opositar, a non poder conciliar, a non poder optar por ter fillos en condicións, a asinar centos de contratos. Falaba pola mañá o señor Villares de Adriana, que firmara 800 contratos. Sabe que as profesionais son o principal valor do sistema sanitario público, ¿que clase de asesores ten que non lle din que a xente contenta traballa mellor?

Falemos dos PAC. ¿É vostede consciente, señor Almuíña, do que resolven? ¿É vostede consciente de que, cando hai colapso na primaria, a xente vai aos PAC? ¿É vostede consciente de que, cando os pais e as nais non teñen pediatra cerca, levan os nenos e as nenas aos PAC? Miren, a xente dos PAC pide que lles conten ben a xornada e cobrar os seus complementos. Non é nada sofisticado, é simple. Pois nada, non o conseguen.

Vostedes abandonaron a primaria, non formaron suficientes especialistas; e non foi casual, foi desleixo, foi negligente, foi falta de programación. Estiraron tanto as costuras, a ver ata onde daban, pensaron que as profesionais aguantamos todo... E as profesionais comprométese co traballo, pero nin aguantan todo nin deben facelo.

Non escoitan a xente, a xente da rúa. Teñen recursos para a participación comunitaria pero non os usan. Non usan os consellos de saúde de área, non usan os consellos municipais de saúde nos concellos nos que gobernan. Non sei que lles asusta da participación. Non sei se confían en aparentar solvencia manipulando informativos. O día que parou o 90 % dos centros de saúde de Vigo tomeime a molestia de ver o informativo. Falaron do porco bravo, do parto dunha ovella, dunha peregrina á que lle trabou un can. Poderían rirse pero foi dramático. Foi dramático porque a sanidade pública é o segundo motivo de preocupación dos galegos e das galegas.

Non sei se lle parece aceptable esta manipulación. Eu, dende logo, teño clarísimo que estou cos profesionais e coas profesionais de «Defende a galega». ¡Parabéns!, conseguiron que coa súa xestión, o que era a xoia do sistema do benestar, a sanidade pública, pase a ser o segundo motivo de preocupación dos galegos e das galegas.

Vostedes non cren na necesidade de coidar das persoas máis vulnerables, non traballan para as menos, traballan para as privatizacións e as portas xiratorias. E a saúde non é un negocio, señor Almuíña, e si vemos negocios na sanidade pública.

Miren, a primaria detecta mellor que ninguén os focos de exclusión, e hainos. Falen con Médicos do mundo, por exemplo. Apliquen a Lei de coidados inversos, lean a Tudor Hart. Usen con xeito as profesionais máis accesibles, que son as profesionais de atención primaria.

Mire, cando as necesidades sociais non están cubertas, aumentan as necesidades de saúde, e isto nótase no estrato máis permeable: a primaria. A saúde mental mal atendida vai á primaria, as mulleres maltratadas van á primaria. Fagamos atención comunitaria con tempo.



As adicións, a pobreza, a vulnerabilidade, a carencia material, a malnutrición, as vivendas insalubres, todo iso repercute na saúde e déixase ver na primaria. Invistan nela, acompañana de recursos. O liberalismo tivo un prezo: a xente está consumindo un 200 % de antidepressivos máis que antes. E medicalizar o sufrimento sen presenza de psicólogas e de traballadoras sociais nos centros de saúde é unha bomba de relojería, señor Almuíña. A única aposta verosímil pola primaria faise con orzamentos suficientes e con estruturas de xestión propias, con xerencias, non con direccións.

Falan do seu plan. Un mes de reunións, ¡un mes para un plan! Inconcreción, superficialidade. Falan de consenso pero as profesionais están na rúa, seguen mobilizadas, seguen mobilizados os PAC, seguen mobilizadas as precarias. O 90 % dos centros de saúde de Vigo fixeron folga a semana pasada. Non lle dea á cabeza, señor Almuíña, iso non é consenso.

Faise mención á seguridade dos pacientes. ¿Parécelle seguro pasar consulta a toda velocidade? Publicitan a atención domiciliaria sen estimar os recursos que consome.

Ianus dende centros concertados, ¡medo me dá! Potencian as xefaturas de servizo, pero o importante son os equipos de atención primaria. Non queremos ver xefaturas de servizo dadas a dedo, como se vén facendo ultimamente.

Renovación de material. Doulle un dato do Centro de Saúde do Milladoiro. A semana pasada falei coas súas médicas. Un otoscopio, non é tecnoloxía punta, leva oito meses sen funcionar. Esta aposta pola primaria require dous compromisos básicos e firmes: orzamento e dignidade profesional.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora MIRANDA PENA: Sen cartos, non hai atención solvente. Sen condicións dignas de traballo, as profesionais non poden traballar con calidade.

Non nos fiamos do seu plan, señor Almuíña, por iso exercemos a nosa responsabilidade de estar hoxe aquí, a de facer control do seu labor de desgobierno. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Miranda.

Reposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes.

O señor PRESIDENTE: Xa mandei poñer a calefacción. Perdón, porque vexo que hai moita xente... *(Murmurios.)* Non, non, silencio. Perdón, perdón. Estou recibindo bastantes suxestións de que hai moito frío. Mandamos poñer a calefacción xa. Dentro de pouco teremos calor. Pero bueno, é igual. Vale. Xa está.

Adiante. Vamos á sanidade, que é ao que vimos aquí. *(Murmurios.)* Adiante, adiante. ¡Silencio, por favor!



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, señores deputados.

Hai que coidar moito os deputados porque despois teñen problemas e acaban no centro de saúde. Polo tanto.... ¡hai que coidalos!

Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados, a verdade é que si, que nos tomamos moi en serio a atención primaria. ¡Pero moi en serio!, fíxense ben. Nós non vimos aquí destacar para ver se nos dan a portavocía de sanidade. Nin se queixan tampouco cando nos moven os brazos, a cabeza, todo, absolutamente todo, e levamos traballando.

A súa portavoz de sanidade dicía que este documento, este documento que está aprobado e ten cartos detrás, era un papelucho. Este era o papelucho. É dicir, por parte da oposición, por parte do seu grupo, non hai respecto ningún ao traballo que realizan os profesionais, porque este documento ten duascenas accións suxeridas e presentadas por profesionais da sanidade pública de Galicia e tamén dos cidadáns de Galicia. Nós respectamos absolutamente a todos, a todos.

O 12 de marzo comparecín nesta sede parlamentaria para informar sobre as propostas elaboradas, para dar resposta ás necesidades actuais e futuras da atención primaria e para explicar como desenvolvemos o proceso participativo da elaboración destas propostas. Non foi un mes, foron meses de traballo de todos os que aquí estiveron implicados.

Algúns non estiveron implicados. Algúns falan moito nos medios pero logo non participan nin queren participar. Firman un acordo agora e pola tarde na prensa din outra cousa e tratan de desdicirse do que aprobaron pola mañá. Pero non, houbo xente seria, si, moi seria, que traballa e segue traballando por facer realmente grande a atención primaria.

Despois de meses de intenso traballo, como dicimos, con colaboración de todas as categorías profesionais... Porque vostede fala só dalgunha categoría profesional, e nós falamos de todas: os médicos, a enfermería, a farmacia, fisioterapeutas, servizos xerais, sociais, pediatras, matronas, hixienistas dentais, todos, médicos de puntos de atención continuada...

Elaboramos este plan, este documento, que foi aprobado polo Consello da Xunta no 16 de maio. A través deste plan queremos dar resposta aos retos asistenciais derivados dos cambios sociodemográficos e epidemiolóxicos. Xa sei que é máis fácil facer política contra a sanidade pública, pero este documento non é un documento dos conselleiros que aproban nun consello, senón de todos os profesionais e de todos os cidadáns que quixeron implicarse nel. Son duascenas accións que teñen un cronograma que di, ademais, que o 40 % debe estar feito a curto prazo. Dígame que documento a nivel nacional está nesas condicións e en funcionamento: un 33 % en 12 meses, e o 27 % en 24 meses.

Temos un plan con orzamento, non como outros, que fan moitos plans, moita teoría, pero non hai orzamento; aquí hai orzamento. Son 102 millóns de euros en tres anos: 17,2 millóns para accións destinadas a aumentar o persoal; 79,5 millóns para mellorar o equipamento



dos centros de saúde e dos puntos de atención continuada, e tamén para levar a cabo obras de reparación e reformas previstas ou adicionais; e destinaranse 5,6 millóns á prevención e a incrementar o volume de adquisición de vacinas.

Hoxe mesmo publicamos a licitación para a adquisición de equipamento electromédico con destino a centros de saúde de atención primaria do noso sistema sanitario. O prazo de presentación das ofertas é de vinte días e o orzamento é por valor de 4 millóns de euros: 475 aparatos de electrocardiografía, 261 desfibriladores, 27 ecógrafos. E imos seguir traballando día a día.

En recursos humanos, 17,2 millóns. Imos crear nestes próximos tres anos 2019, 2020 e 2021 —modificando o orzamento inicial deste ano— 331 prazas novas; creación de prazas novas: 80 médicos de familia, 20 de pediatría, 4 farmacéuticos, 130 de enfermería —para nós é importantísimo a potenciación da enfermería—, 40 de fisioterapeutas, 20 de matronas, 14 traballadores sociais. Tamén imos incrementar as prazas MIR de medicina de familia, e se ao final o Ministerio acredita esas prazas, 27, 6 ou 7 máis sobre as que temos actualmente.

O 17 de maio constituímos o Consello Técnico de Atención Primaria, un dos acordos que houbo coas diferentes organizacións, tanto sociedades como sindicatos, que está formado por 55 persoas de coñecido prestixio e traxectoria profesional no ámbito sanitario. A súa creación está enmarcada dentro de cumprimentos destes acordos, e realizará funcións de asesoramento en relación con aspectos científicos, sociais e profesionais no ámbito da atención primaria, dende unha visión multidisciplinar.

Polo que se refire aos mecanismos para a selección de xefes de servizo... Por certo, tan a dedo está nomeado algún de agora como algún que dimitiu, exactamente igual; é un sistema que leva motísimos anos, incluso antes de que vostede empezara a exercer, antes, non o cambiou ata agora ninguén. Segue a normativa —como digo— do ano 2006 —¿acórdase do ano 2006?—, pola que se establecen as bases de procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde. Precisamente, dentro dos puntos a revisar está este tipo de selección. Nós non temos ningún inconveniente en facelo, pero a día de hoxe ninguén o fixo anteriormente.

Da estabilidade profesional, ¿que temos que dicir? Pois nós estamos facendo OPE anuais, a única comunidade autónoma que fai OPE anuais. E, desde logo, temos un plan de estabilización aprobado pola gran parte dos sindicatos do ámbito sanitario, que, como novidade, no ano 2019, na OPE última, á parte de levar ao límite a taxa de reposición —108 % desa taxa de reposición—, houbo unha cesión de 132 prazas de educación e función pública para que poidamos incrementar a maiores. Ademais da OPE deste 2019, con 1.314 prazas, tomamos medidas que todas tenden a mellorar a estabilidade e as condicións de traballo do persoal.

No Plan de estabilidade —como dicíamos— falamos de 5.000 prazas ata o 2020; do recoñecemento da carreira profesional, que está beneficiando a máis de 22.000 profesionais; do concurso de trasladados aberto e permanente, e foi o primeiro servizo de saúde todo o Estado en poñer en marcha este procedemento; a ampliación progresiva da idade de xubilación aos 68 anos neste momento, pero que pode ser incrementada ata os 70 para aqueles que volun-



tariamente o queiran facer. E tamén a creación do nomeamento estatutario eventual de continuidade, firmado por sindicatos como CESM-OMEGA, UXT, CSIF, Satse. Levamos neste momento xa 26 contratos e, desde logo, está sendo recibido —creo— con alegría por parte dos profesionais, sabendo que se puideron mellorar as condicións ao longo de toda a traxectoria de creación. Hoxe contamos con eses profesionais que están xa integrados dentro do servizo, con estabilidade, dando cobertura, precisamente, ás necesidades que teñen por baixas, por LD, por vacacións doutros compañeiros...

Dentro do plan, como obxectivo está unha estrutura directiva nova, onde vai haber unha dirección de atención primaria que vai estar exclusivamente dedicada á atención primaria. Eu vivín as xerencias de atención primaria e para nada melloraban a integración e a coordinación que temos e que queremos ter neste momento. A enfermería, a potenciación da especialidade de familia e tamén de pediatría para mellorar, e, desde logo, coa creación —como dicía— de novas prazas. A modificación dos roles dentro do equipo de atención, con ese acollemento que está descrito para que poidan facer as enfermeiras ou enfermeiros do noso sistema sanitario, cunha redistribución de cargas de traballo. E tamén potenciar e favorecer as prazas de difícil cobertura, con máis puntuación de valoración polo tempo traballado.

Todas son medidas que hai que ir sumando, unha a unha. Ningunha resolve o problema. Ningunha é a que nos dará un sistema perfecto. Dános un sistema moi bo, excelente, que está funcionando ben desde hai anos, que ten unha puntuación alta por parte da poboación, pero, desde logo, nós non queremos quedar parados, e en sanidade nunca debes quedar parado.

Non quero rematar sen dicir que non só é a Administración autonómica a que o ten que facer. Incluso non pode ser que só sexa Galicia, o País Vasco e algo Canarias; senón que teñen que ser todas as administracións públicas e as comunidades autónomas, e tamén o Goberno central, e non só para poñer os deberes ou dicir que vai incrementar servizos, senón tamén para facer os cambios necesarios que hai que facer a nivel de Goberno central.

Traballamos para deseñar un novo modelo de atención primaria que vele fundamentalmente nunha aposta firme polas persoas, pola humanización, polo trato, pola promoción da saúde e a prevención da enfermidade, pola educación sanitaria, pola asistencia sanitaria, polo traballo comunitario e pola sostenibilidade dun modelo asistencial no que cremos e que debe manterse no futuro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica. Señora Miranda. *(Murmurios.)*

Estamos... *(Murmurios.)* Agora mesmo vou... *(Protestas.)* Un pouco de tranquilidade que vai falar.. *(Protestas.)* Tranquilidade, vai falar agora a señora Miranda.

Estou no tema. De feito, vou saír eu agora para tratar de arranxar o aire acondicionado. *(Murmurios.)* *(Risos.)* Vou tratar de arranxalo, vou ver como podemos solucionar isto. ¡Pero despois



non se me queixen da calor! É moi difícil isto. (*Murmurios.*) O problema é que entrando e saíndo constantemente é moi difícil manter unha temperatura ambiente agradable.

Vamos alá, señora Miranda. ¡Veña!

A señora MIRANDA PENA: Así me gusta, un presidente polivalente. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora MIRANDA PENA: Señor Almuíña, vostede sabe que son médica, pero non lle vou consentir que me diga que falo en voz dun só colectivo. Eu creo que respecto e considero desde unha perspectiva máxima calquera categoría profesional.

Como sempre, vén vostede facer alarde da súa crónica de mentiras e de medias verdades —como din en Vigo—, e é a nosa obriga denunciar que a súa vontade negociadora só se concreta cando ten profesionais na rúa. E é a nosa obriga tamén denunciar que negocian cando teñen detrás unhas eleccións. É a nosa obriga denunciar que os seus compromisos son vacuos. É a nosa obriga denunciar que deses cen millóns dos que vostede falaba, só oito e medio van a profesionais de primaria. É a nosa obriga denunciar que das prazas anunciadas só 12 serán para médicos e médicas, que son o colectivo máis carenciado. É a nosa obriga denunciar que a primaria está colapsada. E non só a primaria. Mire, onte chamábame un paciente de Urxencias do CHUAC, levaba dous días nunha camilla, nunha padiola, nun corredor de Urxencias. ¡Dous días agardando por unha planta e dous días cunha pneumonía compartindo unha bombona de oxíxeno con outro paciente! (*Murmurios.*) É a nosa obriga pedirlle explicacións.

Os médicos e as médicas de Vigo acaban de secundar unha folga, todas as profesionais, no 90 %. A xente dos PAC segue sen resolver os seus conflitos, segue en pé de guerra. Teñen un colectivo de eventuais que o outro día en Silleda tinguiu todo de negro: as precarias. A ampliación do orzamento é un farol para repoñer o material que xa estaba programado para o 2017; é un farol, é para dotar ordenadores, non para profesionais. (*Murmurios.*) Faltan profesionais de todas as categorías.

E, miren, non hai carencia no mercado de traballadoras sociais, de psicólogas ou de fisioterapeutas; unha soa médica portuguesa atende a súa chamada. Unha das sociedades científicas de médicas e médicos de familia levántase das súas mesas, falan dun comité de expertos que teñen sen convocar. Aprobán un plan con premura que ten medidas cutres —papelucho, cutres, ¡dá igual!— e a moi curto prazo. Non teñen visión de conxunto, non abordan os cambios necesarios, fai falta un cambio de modelo. Manteñen a fragmentación entre niveis e entre os propios profesionais, e estánlle organizando unha folga as profesionais para o próximo 19 de xuño. As cousas non van ben.

Vai pasar un mes para a próxima reunión do comité técnico. É absolutamente inoperante. Os MIR que remataron a especialidade non van quedar todos en primaria, nin sequera souberon seducilos. Non conseguiron facer volver ningún dos médicos que antes emigraran. Non teñen armas para xestionar a escaseza de profesionais, teñen as profesionais cabreadas. Non recúan na súa política de maltrato. Teñen unha primaria valiosa e ben formada que



teñen que optimizar, e isto só se resolve con xestión eficiente, con vontade política, con aposta pola primaria e con orzamento suficiente.

Señor Almuíña, sen cartos non hai milagres. A media dos cupos galegos non é un parámetro válido para establecer a sobrecarga, hai que estratificar; hai cupos en Vigo de 1.800 e cupos en Lugo de 900, non son comparables. Vostedes saben que sempre utilizan o dato máis vantaxoso.

Tamén hai unha manifesta falta de homoxeneidade entre áreas. Non está igual Vigo que Lugo centro, por exemplo. Para chegar a ese orzamento do que vostede fala, do 25 % en 2023, deberían aportar 927 millóns. Eu non sei se teñen previsión orzamentaria para cumprir todo este compromiso ou son promesas vacuas. Farían falta 76 pediatras, 700 enfermeiras, 1.700 profesionais en primaria, 302 médicos e médicas de familia máis no Sergas para atender cupos de 1.250 pacientes. ¿Vostede cre que están en disposición de asumir este compromiso? Si.

As profesionais solicitan transparencia, porque nin sequera é pública a dotación de prazas no Sergas. Denunciábo o onte tamén a presidenta de Agamfec, denúncian continuamente as médicas precarias. Faltan prazas estruturais, sen eventualidade. Estánllelo dicindo as eventuais do Sergas. Falta remunerar a dispoñibilidade, porque a xente ten vida e hai que premiar as prazas de difícil cobertura. Hai que poder facer derivacións eficientes. Debemos ter autonomía no acceso ás probas e contacto con profesionais de referencia, para establecer un bo contacto, unha boa harmonía, entre a primaria e o hospital. Nada de buzón sen cita, nada de «xa o chamaremos», nada de deixalo todo en mans da teleconsulta. Falta optimizar os profesionais de enfermería, que son absolutamente valiosos, e crear prazas doutras categorías: traballadoras sociais, psicólogos, fisioterapeutas e matronas, que tamén son tremendamente valiosas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora MIRANDA PENA: ...na saúde das mulleres.

A accesibilidade é importante, pero non se pode asumir todo o que entra pola porta nun centro de saúde. Teñen que protocolizar a triaxe. Teñen que estratificar con criterios sociodemográficos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Miranda.

A señora MIRANDA PENA: Mire: Coia, Mos, A Cañiza, Ponteareas, Mondariz, Covelo, Teis, Tui, Tomiño, A Guarda...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

A señora MIRANDA PENA: Non sigo porque nestes centros a pasada semana non houbo consulta, dixéronllelo alto e claro: dignidade na primaria.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora MIRANDA PENA: Por menos non pasan.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes de novo, señor presidente.

Señores deputados, a verdade é que é curioso, acusa a este conselleiro de mentir e vostede non sabe nada máis que dar datos falsos, ademais publicados e ademais aprobados no Consello da Xunta de Galicia. ¿Por que mente? ¿Por que di que só falamos de 12 médicos, cando estamos falando de 12 médicos no 2019, 29 no 2020 e 39 no 2021? ¿Por que mente? ¿Por que non di o que di este documento, onde están os cartos, onde figura...? E figura porque a Xunta de Galicia o fixo ben e ten posibilidades de incorporar ese diñeiro que lle corresponde por cumprir cos criterios que marca o Goberno do Estado, e utiliza eses cartos para sanidade, para educación e para política social.

Demagogia. A demagogia é fácil, falar non ten cancelas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero nós non estamos aquí para iso, nós estamos para xestionar, para facer, desde logo, o servizo que temos que temos, que é un servizo magnífico, e non é da Xunta de Galicia, é de todos os galegos, o que tratan de desprestixiar é de todos os galegos, e que, por certo, o puntúan moi ben, moi alto, pese a xente como vostede, que utiliza a consulta para dicir este tipo de cousas e para facer política, para facer política... (*Murmurios.*) Para iso a utiliza. E nós estamos para traballar, para traballar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Nós imos seguir traballando. No ano 2018 solicitáronse 26,6 millóns de citas en atención primaria en Galicia, cifra relativamente estable nos últimos anos. Destas, 14 millóns corresponden a médicos de familia, 1,7 millóns a pediatría e 9 millóns a enfermería. Estas cifras mostran a importante actividade multidisciplinar realizada nos centros de atención primaria polos diferentes profesionais, por todos os profesionais que forman o equipo de atención primaria, que están integrados nestas accións porque así o pediron.

Galicia é a sexta comunidade autónoma con menos TIC por médico de familia, a sexta que menos TIC ten por médico de familia, e seguimos diminuindo. Mentres outras comunidades autónomas non diminúen, nós seguimos diminuindo. E, evidentemente, non é a mesma media nuns sitios que noutros, pero curiosamente non é Vigo o que ten a media máis alta, e falamos de medias, falamos de medias.

No que respecta ao orzamento destinado a persoal e gastos de funcionamento, actualmente contamos co maior orzamento da historia: 4.000 millóns de euros. Nunca antes sanidade tivo este orzamento, nin na época do Bipartito, onde houbo orzamentos moi superiores a nivel xeral da Xunta de Galicia.

O orzamento de atención primaria en gastos de persoal, capítulos I e II, ascendeu no ano 2018 a 477 millóns de euros, 25 millóns máis que no ano 2008. E isto é a maiores sobre o orzamento que estaba establecido para o ano 2019. E témolo porque a Xunta se comprometeu a realizar unha moi boa xestión.



No último bienio adxudicáronse dez equipos máis de radioloxía nos centros de atención primaria de Ponteceso, de Lalín, da Estrada, de Arzúa, de Noia, de Viveiro, de Vilalba, de Sanxenxo, de Cangas e de Redondela, e seguimos traballando para facelo.

A Consellería de Sanidade tamén está a apostar pola creación de centros integrais de saúde como os de Vigo, Taboada Leal, Lugo, aprobado no Consello da Xunta do 23 de maio, Lalín, Cangas e Moaña; Cangas e Moaña, en canto teñamos a parcela que Lalín xa nos cedeu.

Nos últimos anos fixemos un importante esforzo en canto á asignación orzamentaria no que respecta a recursos humanos. No ano 2008 había 5.144, e no ano 2018, 5.429, un incremento do 5,5 %. No informe da Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública, non sospeitosa de apoiar a este goberno, faise unha análise da situación da atención primaria e dise que a evolución da ratio de tarxetas por profesional foi descendente, que por tramos de poboación asignada na porcentaxe de cupos maiores de 1.500 TIC se experimentaba unha considerable diminución. E a ratio de pediatría en Galicia tamén diminuíu, pasando de 965 nenos por pediatra a 941 por pediatra.

Este informe conclúe cunhas recomendacións, das que podo dicir que moitas delas xa se están a cumprir e outras están recollidas no novo Plan galego de atención primaria.

Para finalizar, quero dar as grazas a todas as persoas que están implicados nisto, que fixeron posible chegar ata aquí; moitísima xente, profesionais e cidadáns. Un plan que ten un orzamento concreto, unhas accións concretas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e uns obxectivos concretos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Señora Miranda, ¿para que quere o uso da palabra?

A señora MIRANDA PENA: Señor vicepresidente, o señor conselleiro acaba de poñer en cuestionamento a miña ética profesional, acaba de dicir... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio...

A señora MIRANDA PENA: Estou no uso da palabra, por favor.

Acaba de dicir que difundo ou difundín mentiras desde a miña consulta. Señor conselleiro, na miña consulta... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio.



A señora MIRANDA PENA: ...exercín sempre con ética profesional. Dígolle máis: non tiña tempo para difundir mentiras, señor conselleiro,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moi ben.

A señora MIRANDA PENA: ...tiña máis de corenta pacientes por día. Pídlle, por favor, que retire iso e que restableza a miña honra profesional. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Imos intentar seguir o procedemento. Cando se dá uso da palabra dise se é por alusións ou polo que sexa. Vostede xa fixo o turno, polo que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa o estou explicando eu. Grazas.

Vostede xa fixo a alusión pola que vostede se sente aludida e supoño que entenderá que é un menoscabo. Dende a Presidencia entendo que dicir que facer política na consulta, hai outras expresións moito mellores, pero non é en... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, perdón, agora estou no uso da palabra, ¿verdade? Perdón, señor Sánchez... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Sánchez, ¡que estamos xa para empezar as preguntas! *(Murmurios.)* Señor Sánchez, silencio, por favor. Señor Sánchez, señor Sánchez, por favor. Por favor. Xa está, xa está explicado. Vale, xa está explicado. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Ben, parece que vostede tampouco. Xa interveu a súa compañeira e xa explicou o asunto. Non lle fai falta que ninguén a defenda. Moi ben, xa está listo.

Eu entendo que iso non é un menoscabo á súa profesionalidade nin moito menos, que está por riba de todo iso. Iso si, seguro que se poden utilizar outras expresións, por parte de todos, moito mellores. Así que imos proseguir co debate. Moitas grazas a todos por intentar axudar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, xa está. Non hai nada que aclarar, señor conselleiro. Non, non hai nada que aclarar. Non, non hai nada que aclarar porque... *(Murmurios.)* Non, porque non é aludida. Xa está, xa o explicamos. *(O señor conselleiro de Sanidade, Vázquez Almuíña, pronuncia palabras que non se perciben.)*

Xa está claro, señor conselleiro, xa está claro, xa o dixen eu. Vostede xa non ten que explicalo, xa o dixen eu.

Pasamos ás seguintes dúas interpelacións. Moitas grazas por axudar. *(Murmurios.)*

As interpelacións 5.2 e 5.3 saben vostedes que se retiraron, houbo senllos escritos de retirada. Polo tanto, pasamos ás preguntas ao Goberno.

En primeiro lugar, a de dona Patricia... *(Murmurios.)* ¿Escomezamos coas preguntas ou queren facer outro debate? Se queren facer outro debate, poden saír e teñen aí un montón de sitio para facer máis debates seguro que moi bos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, seguro que vostede pode acrecentar ese debate. Silencio. ¡Silencio, por favor!



Non lle queren deixar facer a pregunta, síntoo.

Pregunta de dona Patricia Otero Rodríguez e tres máis... ¡Ah, perdón! Non é vostede. Desculpe.

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a habilitación, no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro, dun espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes. Benvido, señor Rueda.

A verdade é que estamos algo preocupados pola resposta que hoxe nos dea. E digo que estamos algo preocupados pola actitude que mantivo o presidente da Xunta de Galicia ao longo desta campaña electoral. Porque o presidente da Xunta de Galicia veu a Viveiro, como a outros concellos de Galicia, a chantaxear os veciños e ás veciñas. O señor Feijóo condicionou a mellora dun vial, do vial Viveiro-Cabreiros, a que gañara o seu candidato. E lamentándose polos veciños de Viveiro, esta mellora non será acometida, xa que non estaba contemplada nos orzamentos da Xunta e ademais María Loureiro seguirá sendo a alcaldesa de Viveiro, (Aplausos.) xa que os veciños de Viveiro votaron en contra do sectarismo e da forma caciquil na que o señor Feijóo concibe a política. O que veu facer o señor Feijóo a Viveiro foi recoñecer abertamente que leva máis de dez anos discriminando e castigando os veciños de Viveiro porque non lle gusta que governe o PSdG, porque non lle gusta que governe María Loureiro.

Mire, o Xulgado de Violencia sobre a muller, de Viveiro, sito no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2, de Viveiro, carece dun espazo digno para darlles a comodidade e anonimato ás mulleres maltratadas que dan o paso de denunciar os seus agresores. A sala na que agardan as vítimas de violencia de xénero da Mariña non é outra que o espazo destinado ao arquivo da sección do civil; un espazo reducido, con centos de arquivos acumulados, con escaso e vello mobiliario, con humidades e que non ofrece a intimidade e o anonimato que precisan as vítimas. Sen intimidade, xa que como recoñecen os propios funcionarios teñen que entrar e saír con frecuencia desta sala para buscar documentación.

Esta intimidade e anonimato non se garanten, xa que estes trámites xudiciais deben de realizarse en unidade de acto e, polo tanto, existe a posibilidade, co conseguinte risco, de que a vítima e o agresor se crucen no edificio xudicial, situación cualificada de indecente non xa solo por este Grupo Socialista, senón tamén polo propio persoal do xulgado.

Deste xeito, na Mesa local de coordinación contra a violencia de xénero do Concello de Viveiro, de data 12 de abril deste ano, os representantes do Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro presentaron un rogo á Mesa para solicitar da Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia a habilitación dun espazo digno. Isto xa podería estar arranxado, só fai falla vontade política por parte do Goberno de Núñez Feijóo, e con escaso custo económico. Porque



como vostede ben sabe, tras a tramitación do correspondente expediente, acordouse a cesión de uso gratuíto a favor da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de varios locais de titularidade municipal no inmovible sito ao lado do propio xulgado. Esta comunicación de cesión gratuíta comunicouse en decembro de 2015 á Xunta de Galicia, e hoxe, 29 de maio de 2019, o Concello de Viveiro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...—remato, señor presidente— segue a esperar resposta.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Por iso hoxe lle preguntamos, ¿cando ten pensado o Goberno galego habilitar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...no Xulgado de Violencia sobre a Muller, en Viveiro, un espazo digno como sala de espera?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Prégolles aos servizos técnicos que poñan o contador na pantalla porque me acaban de dicir que non se vía e aquí xa estaba cumprido o tempo. ¿Pódese poñer? (*Pausa.*) (*Murmurios.*)

Está o presidente solucionando o asunto...

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para contestar.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Otero, como non tiña o contador pensei que ao final ía acabar o tempo e non me ía preguntar sobre violencia de xénero. Falando do que falan sempre cando preguntan sobre violencia de xénero, preguntan de todo menos diso, demostrando o que lles importa sempre este tema. Eu non digo que non lles importe, pero sempre lles importan, casualmente, outros máis, moitísimo máis. Sempre é o mesmo, intentar facer política de partido cando se fala de violencia de xénero. Vostede hoxe volveu facer exactamente o mesmo, eu non vou caer niso mesmo e voulle contestar exactamente ao que me pregunta.

Pois mire, vanse habilitar os espazos este mesmo ano. Creo que tiñamos que ser máis rápidos. Agora, en todo caso, ¡catro anos o Concello de Viveiro para cedernos os locais! Polo tanto, vostede me pide unha celeridade que eu recoñezo que temos que ter, pero catro anos



para facer unha cesión que era necesaria para poder facer as obras... ¡xa me gustaría que a celeridade fora polas dúas partes! Creo que isto é ver a palla no ollo alleo e non darse conta de que estiveron catro anos para facer un simple trámite. A nós pídennos unhas obras que temos que facer, é a nosa obriga, e creo que iso tamén debería terse en conta.

En todo caso, foi unha mágoa, porque, se fosen máis rápidos no Concello de Viveiro, investimos 300.000 euros no ano 2015 e poderían facerse todas as obras ao mesmo tempo, e agora mesmo xa estaría feita esa obra, insisto, totalmente necesaria, por iso a imos facer neste mesmo ano.

De todos os xeitos, aproveito para facer aquí unha petición xeral —e vostede, como membro do Partido Socialista, supoño que terá interlocución cos que levan estes temas en Madrid—: no Pacto de Estado contra a violencia de xénero poderíamos ter e son necesarios, para facer esas obras, cartos para investir e facer esas salas separadas en todos os xulgados. Xa están feitas en moitos e hai que facelas en máis, entre eles en Viveiro, como lle dixen, este mesmo ano. É unha mágoa que, pola razón que sexa —e pedírono todas as comunidades autónomas, non só as do PP, isto é unha necesidade obxectiva—, que se poidan dedicar eses cartos... está moi ben dedicalos a unha serie de actividades que moitas veces teñen que ver coa publicidade e cunha serie de actividades similares..., pero que non se poidan facer esas obras, non se sabe moi ben por que. Polo tanto, eu creo que esta é unha boa ocasión para volver reivindicar que a Xunta de Galicia vai cumprir con esas obrigas, pero sería moito máis doado, moito máis sinxelo e moito máis rápido se os cartos que están dispoñibles no Pacto de Estado contra a violencia de xénero se puidesen utilizar tamén nesta finalidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para a quenda de réplica ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Señor Rueda, vostede dinos que van habilitar este local ao longo deste ano. Primeiro firmen a cesión dese uso gratuíto. Pero só recordarlle unha cousiña: onte o seu grupo votaba en contra dunha iniciativa do Grupo Socialista na que instabamos, precisamente, a mellora desta sala de espera das vítimas de violencia de xénero. Polo tanto, sexan un pouco coherentes, maior coherencia entre o grupo parlamentario e a Xunta de Galicia.

Bótalle a culpa ao Concello de Viveiro, pero mire: é que o Concello de Viveiro trasladou este acordo de cesión gratuíta en decembro de 2015. Estamos a rematar maio de 2019, ¿que estiveron a facer durante estes tres anos e medio? ¿Por que non lle contestaron ao Concello de Viveiro? É que só fai falla vontade política e colaboración entre distintas administracións, independentemente de que nos guste máis ou menos a cor política que estea gobernando nos concellos. Ademais, cun escaso esforzo económico podería estar mellorada esa sala de espera para as vítimas de violencia de xénero do xulgado de Viveiro.

Bótanos en cara que facemos política. Ben, aquí vimos facer política. Pero o que nos parece tamén moi triste é que se estivese a empregar a Xunta de Galicia para apoiar e potenciar os



seus candidatos durante estas campañas electorais; e deixen xa porque non lles deu moi bos resultados. Gobernen por e para todas as galegas e os galegos, independentemente do concello no que vivan e independentemente de quen governe eses concellos. (*Aplausos.*) E ímoslle tomar a palabra e imos estar moi atentos a que se formalice ese acordo de cesión e a que se fagan as obras necesarias para habilitar esa sala de espera como unha sala digna para as vítimas de violencia de xénero.

Nada máis e moita grazas. (*Aplausos.*) (*Unha señora deputado: ¡Muy bien!*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Para o turno de réplica do Goberno ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Otero, o que lle dicía na primeira: é vostede incapaz, son vostedes incapaces, de non mesurar a política cun tema tan serio como este. Non se poden resistir. Cren que se actúa por estes criterios cando falamos de violencia de xénero, entón é que é moi difícil explicarlles as cousas que non son capaces de ver. Se non, non entendo moi ben por que non admitiron a emenda que levabamos onte, que falaba exactamente do que vostede pedía, estaba: habilitar antes de que remate este ano 2019 un espazo digno como sala de espera para o xulgado de Viveiro e todo o demais que vostede coñece. Non o quixo admitir. Polo tanto, non veña agora aquí facer trampas ao solitario dicindo que por que votamos en contra cando nós propoñiamos exactamente o mesmo que vostede está dicindo aquí. (*Aplausos.*) Polo tanto, ¡home!, sexa un pouco seria.

En todo caso, xa lle dixen que a Xunta de Galicia probablemente tiña que ter sido máis diligente á hora de facer estas obras. Levamos dous anos para uns trámites que inclúen a execución dunhas obras e a vostedes levoulles catro anos, simplemente, facer a cesión. E, se quere que sexamos rápidos e cumpramos o noso compromiso, dille, por favor, da miña parte ao Concello de Viveiro —que sei que ten interlocución con eles— que nos respondan aos papeis que lle pedimos hai uns días, e que aínda non respondeu o Concello de Viveiro. ¡Serán necesarios para cumprir o prazo este ano, señora Otero! Polo tato, non me pida celeridade a min cando o seu concello tardou catro anos en facer a cesión. Pero non se preocupe que este ano estarán feitos, igual que estarán feitos moitos máis.

E non me fale de cores políticas á hora de facer as obras. Fixemos xa en todas as cidades —e en todas as cidades non goberna o PP— estas separacións. En moitas vilas xa están feitas, pódolle dicir algunhas: ¿No Barco goberna o PP? Xa está feita a separación entre vítimas e agresores á hora de facer trámites xudiciais; en Cambados creo que tampouco; e en Verín creo que tampouco... e están feitas aí, están feitas neses concellos, na metade nin sequera goberna o PP. Ímolo facer en doce concellos este ano, incluído Viveiro. En moitos deles a verdade é que non sei se goberna o PP ou non. Son necesidades que podemos facer e... pretensións: doce máis o ano que vén e doce máis o seguinte, en total trinta e seis xulgados onde se van habilitar estas salas separadas.



E mentres, por suposto, non estamos de brazos cruzados. Sabe vostede que existen protocolos de citación a diferentes horas de vítima e agresor para que non haxa coincidencia. Sabe vostede que a Amtega está facendo no Plan Senda da Administración de xustiza un especial esforzo para implantar salas de videoconferencia en todos os partidos xudiciais, e en moitos deles varias salas de videoconferencia. Onde hai videoconferencia é, precisamente, para evitar o desprazamento físico da vítima que teña que ir declarar.

Polo tanto, estamos facendo cousas e imos facer moitas máis —insisto—: trinta e seis obras para a separación de vítimas e agresores en trinta e seis partidos xudiciais de Galicia durante os próximos tres anos, empezando por este, que se suman ás que xa están feitas. Sen facer partidismo.

Se eu fixese partidismo, probablemente a Xunta de Galicia agora mesmo non tería feito nada e estaríamos nun discurso absurdo que ás vítimas non lles aproveita nada, e que nós non imos facer.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitísimas grazas.

Pregunta de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para atender as demandas dos traballadores da empresa Transportes Pacholo, S.L., subcontratada para a prestación do servizo de recollida de residuos urbanos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Quería comezar por saudar os traballadores de Transportes Pacholo, que creo que están na tribuna de convidados, tres deles despedidos recentemente pola empresa en represalia polas reivindicacións que levan mantendo no tempo.

Transportes Pacholo é unha subcontrata da UTE que obtivo o contrato de transporte do lixo a Sogama, fai o transporte por estrada dende as plantas de transferencia a Sogama. E veñen reclamando dende hai tempo, e denunciando, graves incumprimentos co establecido nos pregos de contratación, graves incumprimentos co que a normativa dita acerca do transporte do lixo. Por exemplo, veñen denunciando que os contedores se enchen de auga co obxectivo de acadar un maior peso; polo tanto, aumenta o risco de accidente pola desestabilización dos camións e a auga contamina o medio cos lixiviados. Veñen denunciando que non existen na totalidade do sistema medidas de prevención de vertido de lixiviados. Denuncian tamén que se transportan residuos hospitalarios sen as preceptivas medidas de seguridade, sen cumprir os protocolos correspondentes a este tipo de materiais. Os camións sobrecárganse en máis dun vinte por cento, que aumenta os beneficios das empresas, pero aumenta tamén o risco de accidente e, consecuentemente, os riscos para a seguridade viaria. E non se lles fai tampouco aos contedores o mantemento axeitado e, polo tanto, verten lixiviados. As con-



dicións de conservación de limpeza dos camións non cumpren coas condicións establecidas no prego do concurso nin co contrato asinado con Sogama.

Todo isto son denuncias que viñan facendo dende hai tempo os traballadores e que finalmente desencadearon, ante a falta de atención a esas demandas, unha folga que están levando a cabo dende hai corenta e catro días.

Sogama é unha sociedade na que a Xunta ten un cincuenta e un por cento de participación e, polo tanto, nós cremos que o Goberno galego non pode mirar para outro lado ante este conflito laboral, que é algo máis que un conflito laboral. É a posibilidade, segundo denuncian os traballadores, de que esta empresa, que cobra un contrato millonario por facer o transporte por estrada, non estea a cumprir cos pregos do contrato, coa lexislación, e estea a contaminar, a poñer en perigo as vidas das persoas e as condicións de traballo destes traballadores. Co diñeiro público non se pode estar beneficiando empresas para precarizar os traballadores e para precarizar servizos por parte dunha empresa pública.

Polo tanto, queremos hoxe preguntarlle se houbo diálogo cos traballadores, se son coñecedores desta situación, cal é a valoración desta situación e, sobre todo, que pensan facer, e se fixeron algún tipo de fiscalización durante este tempo para comprobar se as denuncias dos traballadores son certas ou non e poñerlles solución.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, como sabe vostede e como sabe a gran maioría —supoño—, o conflito laboral ao que fai referencia na súa pregunta está sendo abordado no mellor dos lugares, que é o escenario co cal contamos para este tipo de cousas e para solventalo, que é o Consello Galego de Relacións Laborais. É o mellor que podemos facer porque alí é onde se sentan e se insta ao diálogo; diálogo no que, ata o momento, dende que se iniciou a folga, o día 15 de abril, se produciron cinco reunións entre as partes para intentar chegar a posturas e ofrecer solucións. Foron cinco encontros de mediación que remataron, polo de agora, sen acordo, pese a que na mesa de negociación se están ofrecendo melloras salariais e laborais, así como a recolocación dos oito traballadores que foron despedidos.

¿Que fai a Xunta?, preguntaba vostede. Pois está instando ao diálogo, instando ao diálogo entre as partes e colaborando, na medida das nosas posibilidades, para encontrar a mellor solución posible para todos.

Con todo, cómpre deixar claro que se trata dun conflito laboral entre terceiros no que non está implicada a Xunta de Galicia, xa que non existe unha relación contractual directa coa



empresa afectada, é dicir, non factura a empresa afectada. De feito, o conflito cínguese, estritamente, ás relacións entre os traballadores e a empresa —a cal mencionaba vostede—, que é Transportes Pacholo, que é unha subcontrata da adxudicataria do servizo de transporte combinado de residuos do modelo Sogama dende o ano 2016, e durante un período de dez anos, que levou a UTE Renfe-Copasa, polo que non son traballadores directos de Sogama.

O que si, dende a Xunta de Galicia vemos con preocupación —por suposto— este conflito laboral; primeiro, porque son persoas e, despois, porque hai que dar un servizo a outras persoas, e pola repercusión que ten para o servizo que se ofrece á cidadanía. Por iso esperamos que se acade unha solución a esta cuestión e que as relacións laborais poidan volver á normalidade agora que se acabaron xa as eleccións. Polo que quero aproveitar para facer un chamamento, un chamamento ao entendemento das partes, pensando no ben común —e o ben común é o dos traballadores, e o ben común é o dos galegos e as galegas— e así acadar un acordo que poña fin a unha folga que se prolongou, como dicía, ao longo destas dúas convocatorias de eleccións.

Ademais, quero agradecer o esforzo do persoal e do resto das contratistas de Sogama. Grazas a isto o lixo estase a xestionar do mellor xeito posible nas instalacións desta empresa pública. Unha empresa que ten entre os seus obxectivos promover un transporte de residuos máis respectuoso coa contorna e, polo tanto, máis sostible.

E, por suposto, cando hai denuncias, esas denuncias avalíanse...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...por parte da Administración, e se son no xulgado, xa non nos corresponde a nós.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora conselleira, parece que non escoitou. Xa sei que hai un conflito laboral e que se está a falar no Consello Galego de Relacións Laborais, e parécenos moi ben. Pero o que hai tamén son denuncias do incumprimento dos pregos do contrato, un dos contratos maiores do Goberno do señor Feijóo, contrato millonario. Polo tanto, o Goberno galego ten a obriga de vixiar que se presta nas condicións descritas nos pregos do contrato, porque se non se lle estará facendo un favor á empresa e se estará prexudicando o interese xeral.

Por iso lle preguntaba se vostedes fixeron algún tipo de fiscalización para ver se todas estas denuncias que aportan os traballadores e que vostede coñece, que se ven nestas fotografías (*O señor Sánchez García amósalles unhas fotografías aos membros da Cámara.*), por exemplo, vertendo ao medio lixiviados e contaminando o medio, ou as condicións nas que están aquí os



contedores —como ve vostede, que non se fai un correcto mantemento— ou, por exemplo, que non se trasladan correctamente os residuos sanitarios do plan Sigre, etc., se iso se está a facer ben. Ese é o seu traballo e é o que debe de contestar vostede aquí, e non vir falando das eleccións.

Eles maniféstanse con todo o dereito do mundo para reclamar algo que vostedes, como Goberno galego, deberían de facer e lles debería de preocupar. Vostedes non poden permanecer equidistantes ante denuncias tan graves como as que están facendo os traballadores. Teñen que comprobar e exixirlle á empresa que cumpra cos pregos do contrato, señora conselleira, porque, se non, a subcontrata, ademais de servir para precarizar as condicións laborais destes traballadores contratados posteriormente a este contrato, serve tamén para esquivar os controis da Administración pública, que o que fai é desentenderse da prestación dun servizo público, señora conselleira. Esa é a súa responsabilidade e agardo respostas concretas ao que lle estou preguntando. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Para a quenda de réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas.

Señor Sánchez, a Xunta non ten lexitimidade para inmiscirse nun conflito colectivo que afecta unha empresa que non é Sogama.

Por outro lado, eu quéro lle dicir que non utilicen os traballadores. Non utilicen os traballadores porque ao final son os seus postos de traballo, e ao final é un problema para eles e é un problema, tamén, para o resto da sociedade. Créame que, por suposto, cada denuncia que se dirixe á Consellería de Medio Ambiente e cada denuncia que se dirixe á dirección xeral correspondente é analizada.

Diciáo anteriormente e vólvo dicir: fixéronse cinco encontros. É que vostede fala agora das denuncias, denuncias que están analizadas, e eu fálo lle non só de denuncias, senón que lle falo de conflito laboral. E o conflito laboral estase analizando no lugar onde se debe analizar o conflito laboral, que é na dirección xeral correspondente no Consello Galego de Relacións Laborais. E dicíallo anteriormente: eu agardo que cheguen a un acordo, porque é bo chegar a un acordo; primeiro, polos traballadores, que teñen familias e que tiñan o seu posto de traballo e unha nómina, e tamén polo resto da sociedade. Neste foro de mediación estanse ofrecendo melloras salariais e laborais e, tamén, a recolocación dos oito traballadores. Unhas melloras e unhas recolocacións que non están sendo aceptadas, ou polo menos non están sendo aceptadas na súa totalidade. Polas partes hai unha posición inamovible e nalgún momento teranse que mover uns ou outros.

O que non son admisibles, por un lado, son as denuncias, se fosen certas, que, por suposto, se están analizando e corroborando, e, por outro lado, os incidentes. Os incidentes que houbo ao



longo destes días non son admisibles, pero non son admisibles nin para eles, porque os pode prexudicar, nin para o resto da sociedade. E aquí téñolle que dicir que, ao igual que chegan esas denuncias, chegaron as copias de máis de vinte denuncias ante a Garda Civil por ataques a camións e por danos en instalacións, que prexudican o servizo e prexudican a actividade, pero sobre todo poden poñer en risco as vidas humanas, e iso non se ha de permitir.

Por iso quero facer dende aquí un chamamento á tranquilidade. Pero, cando digo á tranquilidade, tamén quero facer un chamamento aos distintos grupos políticos, porque o que debemos de facer é deixar que eles negocien e non botar máis leña ao lume, porque moitas veces son eles os prexudicados cando nos queremos poñer ao carón de algo que, ao final... a solución vén máis ou menos dada, pero o que queremos é intentar quedar ben.

Mire: podemos quedar ben e podemos traballar. E iso é o que estamos facendo dende a Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Aínda así, terán cumprida información porque o presidente de Sogama comparecerá a vindeira semana na Comisión 2ª para responder a todo tipo de cuestións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre o estado de tramitación no que se atopa o procedemento administrativo correspondente ao proxecto de reapertura da mina de Touro, no concello do Pino, en relación cos prazos establecidos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora conselleira, ¿iso de que os traballadores poden resultar prexudicados polas miñas preguntas é unha ameaza? (*Aplausos.*) Xa non chega con que a empresa ameace os traballadores e despida os traballadores en represalia, senón que dende o Goberno galego —que non vixía á empresa— vostedes ameazan con que non se movan, con que non reivindiquen; que é mellor estar quietos. Pois, se non se movesen e non se reivindicasen, vostedes non estaban negociando para readmitilos e para admitilos ou recolocalos, señora conselleira. Estamos nunha democracia, que é algo máis que votar cada catro anos. Polo tanto, non ameace. Iso si que non é admisible, señora conselleira. (*Murmurios.*) (*Unha señora deputada: ¡Pero é que isto é inadmisibile! ¿Exactamente a que vén este señor ao Parlamento?*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, despois haberá unha quenda.

Pode vostede continuar.



O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora conselleira, se non quere escoitar certas cousas, pois non veña. *(Risos.)*

Hai máis de dous anos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non minto, acaba de ameazar os traballadores e di que non minto. *(Murmurios.)* Vostedes xa son expertos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...en tomar represalias contra os traballadores que exercen os seus dereitos, como na Televisión de Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Sánchez, non intente facer un debate paralelo. Aquí ninguén ameazou a ninguén. Continúe coa pregunta. *(Aplausos.)* ¡Silencio!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, hai máis de dous anos... *(Unha señora deputada : La amenaza es un delito.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Aquí ninguén ameazou a ninguén. Xa está explicado, señora Prado. Xa está explicado, grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Pois denunciem a empresa.

Hai máis de dous anos que se iniciou o procedemento administrativo para a reapertura da mina de Touro. Segue sen finalizarse, a pesar de todo o tempo transcorrido e a pesar de que as características do proxecto son incompatibles coa seguridade para as persoas e para a sostibilidade ambiental e de que representan unha ameaza por moitos anos para a comarca e para os concellos onde se asentará. Forma parte dun modelo extractivo que empobrece os países onde se asentam para enriquecer multinacionais a curto prazo.

Pero nós, hoxe aquí, o que queremos preguntarlle é polos prazos que se establecen na Lei 21/2013, de avaliación ambiental, para a caducidade do procedemento de aprobación da declaración do impacto ambiental. O artigo 33.4 da lei di: «A análise técnica do expediente de impacto ambiental e a formulación da declaración de impacto ambiental realizaranse no prazo de catro meses, contados dende a recepción completa do expediente de impacto ambiental. Este prazo poderá prorrogarse por dous meses adicionais debido a razóns xustificadas, debidamente motivadas». O 4 de outubro de 2018, segundo a información da que dispoñemos, comezouse co proceso de formulación da declaración de impacto ambiental e, polo tanto, entendemos que tamén comezou a correr este prazo de catro meses, máis dous optativos. Cóstanos, ademais, que o 21 de febreiro deste ano a empresa solicitou a paralización do procedemento por un período de catro meses. Descoñecemos se o Goberno galego autorizou esta suspensión. Supoñemos que si porque, se non, tería que ter decretado a caducidade do procedemento por ter sobrepasado os prazos establecidos no artigo 33.

Queremos saber se se autorizou ou non e tamén queremos saber por que vostedes non decretan dunha vez por todas a caducidade...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...deste procedemento ou por que non lle dan carpetazo xa a un proxecto inviable ambientalmente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Quero aclarar que aquí non hai ningunha ameaza. Se eu interpretase algunha ameaza dalgún membro do Plenario, loxicamente, sería advertido. Dígollo para que quede claro que non hai ameazas de ningún tipo e, como xa sabemos de que vai isto, vostede tamén sabe do que lle falo. O que hai son intervencións, algunhas veces, que buscan problemas onde non existen. Pero grazas por intentar levar o debate ben.

Para contestar ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Pobres traballadores se a información llela dan vostedes, porque así a terxiversan e, ao final, ese é o resultado. Centrémonos na tramitación da mina de Touro e, polo tanto, dámoslle a coñecer a resposta en función da súa pregunta.

En primeiro lugar, o Goberno galego e esta consellería defenden o estrito cumprimento da lei, e por este principio é polo que nos guiamos para a mina de Touro e para cada un dos expedientes que entran na Consellería de Medio Ambiente. Como saben, na tramitación ambiental os proxectos teñen que someterse a un procedemento. É un procedemento longo, que pode ser ou ben simplificado ou ordinario, e estamos no procedemento ordinario. Esta lei fai un procedemento ao que se axustan todos os proxectos recibidos, que son tramitados coa mesma imparcialidade e cos mesmos tempos en función da tipoloxía dos proxectos. Actualmente, o proxecto para a mina de Touro atópase no trámite de avaliación ambiental ordinaria recompilando documentación: os informes técnicos correspondentes e a información necesaria.

A cronoloxía, ademais, voulla dicir a continuación. Primeiro, maio do ano 2017, remítese dende a Dirección Xeral de Minas a documentación do proxecto para cualificalo e iniciar a tramitación pública. Xullo do 2017, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental cualifica o proxecto como sometido á avaliación de impacto ambiental ordinario. Agosto do ano 2017, iníciase a información pública do proxecto. Outubro do ano 2018, unha vez rematada a exposición, recíbese a documentación do expediente ambiental. Novembro de 2018, dende Medio Ambiente pedimos nova documentación, xa que coa recibida non está o expediente completo. Decembro de 2018, publicación da Lei 9/2018, que modifica a Lei 21/2013, que inclúe nova documentación que debe achegarse ao promotor no procedemento de avaliación de impacto. Febreiro de 2019, recíbese a documentación complementaria solicitada. Marzo



de 2019, unha vez revisada toda a información, requírese ao promotor nova documentación en materia de prevención de riscos.

Nese momento suspéndese o prazo do trámite da declaración do impacto ambiental á espera de recibir toda a documentación solicitada, unha información que aínda non recibimos.

Imos paso a paso. Seguimos o cumprimento da lei do procedemento ambiental. Estamos levando a cabo a tramitación legalmente exixida e facémolo coas máximas garantías ambientais e de participación pública. Agardo que quedase xustificado en que proceso está a tramitación a día de hoxe.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a quenda de réplica ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora conselleira, non quedou claro, porque a documentación da Xunta de Galicia di que o 21 de febreiro Cobre San Rafael solicita a suspensión do prazo de tramitación da declaración de impacto ambiental por un período de catro meses.

Quero saber se vostedes contestaron positivamente a esta solicitude de suspensión, porque estaba a punto de cumprirse o prazo para decretar a caducidade do procedemento segundo a lei, xa que o 4 de outubro de 2018 se remite a documentación a Calidade Ambiental para o inicio da declaración de impacto ambiental. Segundo consta aquí na cronoloxía (*O señor Sánchez García amósalle un documento aos membros da Cámara.*) —¿ve?— da Xunta de Galicia, comezou ese período en outubro do 2018. Polo tanto, por iso, xusto antes de cumprirse o prazo de catro máis dous meses, a empresa pide a suspensión do procedemento catro meses, porque se non se lle pasaba ese prazo.

Entón, nós cremos que, se a Xunta autorizou —dígoa aquí—, autorizou a suspensión por catro meses. E se non, díganos tamén que vai decretar a caducidade do procedemento por sobreparar os prazos establecidos na lei. Porque xa está ben de que vostedes defendan un modelo de minería como o que representa o proxecto de reapertura da mina de Touro: un proxecto empobrecedor, un modelo empobrecedor para este país, que crea pouca riqueza e pouco emprego e que supón unha ameaza para o futuro.

Pero outra cousa é que vostedes non cumpran a lei. Porque vostede fala de cumprimento estrito da lei, pero vostede sabe que o contorno da antiga mina de Touro demostra que vostedes non fixeron cumprir a lei á empresa, por iso está contaminado o contorno.

Polo tanto, conteste se ao requirimento de Cobre San Rafael vostedes lle autorizaron a suspensión por catro meses do procedemento. É moi sinxelo, señora conselleira.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señor Sánchez, non defendemos ningún modelo. Defendemos a legalidade, pero é que ¿vostede ínstame a que eu lle teña que contar ilegalidades? Pois non.

Eu o que fixen foi desglosarlle mes a mes, cronoloxicamente, cando recibimos a documentación e que é o que fixemos. ¡Que máis quere que lle diga! (*O señor Sánchez García amósalle un documento á señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda desde o seu escano.*) Ata o momento actual, ¡sei ler, vexo perfectamente e xorda non estou! E, vostede, como tamén sabe ler ¡e tampouco xordo non está!, funlle desglosando mes a mes que é o que estivo facendo a Xunta de Galicia. Polo tanto, ilegalidade ningunha; cumprimento da lei, absolutamente todo. Proxectos mellores ou peores non existen para a Xunta de Galicia. Simplemente existen uns técnicos que dan cumprimento á lei, nin máis ni menos. ¿Que é o que está acontecendo en Touro? Pois estanse sancionando os incumprimentos anteriores e os de agora mesmo. Iso é o que se está a realizar.

Polo tanto, unha vez máis, dígolle: tramitación conforme á normativa. Penso que hai que ser prudentes nas afirmacións que se fan. Porque xa sei que aquí se pode dicir calquera cousa, pero non debe de ser así. É dicir, cando facemos afirmacións, ¡home!, polo menos que non teñamos que dicir o contrario; despois poñémonos nerviosos e empezamos a berrar porque non queremos recoñecer o que dixemos hai un tempo.

Polo tanto, demostramos que, se hai cumprimento, os informes son favorables e que, se hai incumprimento, os informes son desfavorables. Póñolle uns exemplos: Santa Icíá, en Arteixo, un proxecto do que a semana pasada, no día 20 de maio, —tamén lle poño datas— emitimos DIA negativa; o vertedoiro de Ordes, ao que denegamos a súa solicitude en maio deste ano tras o informe de incompatibilidade urbanística por parte do concello; o proxecto de Toysal, en Teo, onde aconteceu o mesmo que en Ordes, e a tramitación foi parada tras o informe negativo do concello; ou o proxecto do vertedoiro de Lousame, do que en maio do 2018 emitimos DIA negativa polos seus posibles efectos negativos sobre o ambiente.

Estas son realidades, ¿non? Co cal, ¿que ocorre?, ¿que os mesmos técnicos que informan isto van informar doutro xeito outra cousa? Deixemos que fagan o seu traballo. Igual que anteriormente lle dixen que deixen que fagan as relacións quen ten que facelas, que son os traballadores, os sindicatos e a empresa. Porque os políticos metidos de por medio ao final fraco favor lles facemos. E, neste sentido, aquí estamos para o cambio de leis ou para continuar coas mesmas leis. Mentres que teñamos estas leis, xa sabe como temos que actuar.

Polo tanto, respecto ao traballo dos técnicos da Administración, que son eles os que analizan os proxectos co máximo rigor, con criterio, e traballan co máximo respecto á lexislación vi-



xente. Polo tanto, eu non sei se vostede me está pedindo que salte o procedemento legal. Se é así, pois créame que non vai contar comigo.

Moitas grazas e boas tardes. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Permítanme unha alteración, se están de acordo, porque a seguinte pregunta era do conselleiro de Cultura, pero tivo un imprevisto e tarda uns minutos en chegar. Se lles parece e a autora está de acordo, saltamos á seguinte pregunta, á 7.6. (*Asentimento.*)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do Goberno galego para non solucionar a curto prazo as demandas dos profesionais dos puntos de atención continuada

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Solla Fernández.

Moitas grazas.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo, señor Almuíña.

Desgraciadamente, e máis dun ano despois de infrutuosas conversas por parte dos profesionais dos puntos de atención continuada buscando o cumprimento dun acordo datado no ano 2010 coa Consellería de Sanidade, hoxe temos... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...hoxe temos que volver traer esta cuestión aquí despois de múltiples plenos e comisións de sanidade, que, desgraciadamente, a pesar das iniciativas dos diferentes grupos da oposición, a pesar das protestas e a pesar dunha folga que vai xa en oito meses entre a indefinida e os meses e as xornadas previas, non tiveron ningún efecto. Porque vostedes permanecen impasibles ante unhas demandas dos profesionais que en ningún caso son melloras laborais excepcionais, senón que se trata do cumprimento de acordos que vostedes asinaron no ano 2010, e que desgraciadamente, case unha década despois, seguen sen cumprir e que ademais implican unha situación que —como son coñecedoras as súas señorías— derivou nos meses de verán nun nefasto resultado, como foi o falecemento dunha persoa nun punto de atención continuada.

Nós xa temos lembrado en diversas ocasións que esta non era desgraciadamente unha situación excepcional, senón que ese descuberto dos puntos de atención continuada se dá de



maneira habitual. E oito meses de folga despois, e doce meses despois das conversas, teñen que estar os profesionais demandando a mediación por parte da Administración pública porque vostedes non son capaces de sentarse con elas e eles. Como xa lles lembramos nalgún momento, vostedes incumpren o artigo 5 do Real decreto lei 17/1977, sobre as relacións de traballo. Vostedes non recoñecen un comité de folga co que están obrigados a negociar. E esa situación produce non só que estas persoas leven tantos meses sen poder nin sequera facer cambios de quenda, sen poder axeitar a súa vida habitual aos seus horarios, senón que, ademais, a situación segue sen resolverse, coa problemática de que o verán se achega e, polo tanto, os recortes da non cobertura dos profesionais de atención primaria van facer que, coma sempre, se incrementen aínda máis esas consultas nos puntos de atención continuada. E, polo tanto, os profesionais están preocupados non só porque vostedes non cumpran senón por unha situación que non queren que se volva repetir, unha situación de risco como aconteceu no ano 2018.

Polo tanto, señor Almuíña, queremos saber cando van atender vostedes esas cuestións ante esta situación de absoluta inoperancia pola súa parte, na que nin sequera se sentan a negociar cos profesionais dos puntos de atención continuada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes.

Os puntos de atención continuada foron creados a través do Decreto 172/1995, do 18 de maio, polo que se aproba o Plan de urxencias extrahospitalarias da Comunidade Autónoma de Galicia para prestar atención sanitaria urxente no ámbito da atención primaria. A aprobación deste decreto supuxo un notable avance na atención das urxencias en Galicia.

Desde o Servizo Galego de Saúde non deixamos de manter numerosas reunións para poder acadar acordos co persoal de puntos de atención continuada. A gran maioría das reclamacións foron atendidas. Non é certo —como di a señora deputada— que non recoñezamos o comité de folga. Recoñecémolo perfectamente, sentámonos con eles. E tamén o levamos á mesa sectorial, que é un ámbito tamén —cremos— importante para chegar a acordos.

Nestes momentos mantemos a proposta ofertada aos puntos de atención continuada, e aceptamos nove das once medidas presentadas polas organizacións sindicais, proba clara da vontade negociadora desta Consellería. Das últimas melloras incorporadas á proposta dos representantes dos PAC destaca o incremento retributivo pola realización de noites en festivos e domingos, que dicía vostede que era algo normal. Non, isto estaba pola situación na que estivemos polo problema económico deste país, debido a uns gobernos de esquerdas que non contemplaban o que era a economía sostible, senón que era cuestión de incrementar a débeda. E chegamos a unha situación na que houbo que tomar medidas. Tomáronse medidas como paralizar este tipo de complementos, e agora estanse recuperando. Este é un deles e, como digo, está dentro da oferta que temos sobre a mesa. E incluso houbo un preacordo nesa



mesa pero que logo a asemblea non o aceptou. Polo tanto, nós estamos negociando, estamos facendo propostas que parecen razoables.

Ademais das melloras xa incluídas noutras propostas, está o aboamento de dúas dietas de manutención domingos e festivos, que se ampliou a cando o servizo sexa de 24 horas. Tamén se atendeu a petición de dispoñibilidade da uniformidade suficiente, con imaxe corporativa única e equipos de protección individual. Tamén houbo outra reivindicación. É a maior participación do profesional na fixación de obxectivos do servizo, que poida formar parte; ou a aplicación da neutralidade nas situacións de incapacidade temporal e permisos retribuídos. Todo isto, como digo, aceptouse e está dentro da proposta de acordo.

Respecto do incremento do persoal, aceptouse a garantía de reforzos dos profesionais que sexan necesarios tendo en conta criterios obxectivos, como a sobrecarga asistencial, a dispersión, desprazamentos e outras circunstancias que o xustifiquen. Tamén se aceptou a dotación de equipos completos de profesionais, de medicina ou de enfermaría, e a realización no último trimestre do ano dunha análise de dotación de novas prazas no marco global da atención primaria. Precisamente o documento aprobado pola Xunta de Galicia hai uns días fala de incremento de persoal, que incorpora a atención primaria ordinaria e tamén a atención á urxencia e aos PAC. E, polo tanto, nós imos seguir traballando e cremos que podemos chegar a acordo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...se hai vontade por parte das partes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ¿Páganlle a vostede a xornada completa que traballa? Pregunto, pregunto. ¿A vostede non lle pagan? ¿Débelle tamén o presidente da Xunta de Galicia? Porque os profesionais levan dez anos agardando a que lles paguen os festivos e as noites, e non llelos están pagando. Mire, non é unha dádiva que a unha persoa lle paguen o seu salario completo. Son os únicos profesionais que non cobran o cen por cento do seu salario. ¿A vostede parécelle isto algo para negociar? ¿Parécelle algo normal? Deben vostedes case dez anos dun 20 % dos salarios dos profesionais. ¿Que nos está contando aquí, se non se lles devolveu nin un só céntimo? ¡Repase a lei! O único que ten vostede como elemento co que ten que articular o diálogo é o comité de folga. Repase o artigo 5 do Real decreto lei 17/1977: «Correspóndelle ao comité de folga participar nas accións sindicais, administrativas ou xudiciais.». É a terceira vez que lle denegan unha xuntanza. Teñen dúas pedidas só no mes de maio. Vostede non responde aos correos.

E non, non é certo, nin devolveron o que lles deben —deben de devolver o salario que lles deben aos traballadores— nin accederon a colocar equipos completos. É máis, os profe-



sionais, ante a presión de que chegase o verán, incluso lles dixeron a vostedes que aceptarían só cubrir a enfermería, onde hai profesionais de medicina que non teñen un compañeiro enfermeiro ou enfermeira adscrito, que non son equipos completos; é dicir, que non se duplicaran máis. Pero nin tan sequera iso. Vostedes non só non acceden ás demandas dos profesionais —joito meses de folga!— senón que nin sequera se queren sentar a negociar. ¡Esa é a realidade! E ten vostede varios correos sen contestar, señor Almuíña, que a xente está pendente deste debate. Polo tanto, o que teñen que facer é sentarse e trasladar as necesidades que demandan os profesionais a unha realidade. Está chegando o verán, señor Almuíña, e non podemos estar cos PAC con descubertos como aconteceu...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...o día das eleccións, señor Almuíña. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Desde logo, nós seguimos negociando e seguimos traballando. Non é unha cuestión dun correo que se envía ao conselleiro senón que isto segue unha ruta de negociación. Nós sentámonos e estamos moi preocupados por esta situación e por calquera outra que xurda no servizo sanitario. Como digo, acabamos de aprobar un plan de atención primaria que tamén engloba o que é a atención urxente —os PAC están dentro deste desenrolo—.

E, loxicamente, todos os puntos aceptados teñen que ter unha fin, un momento de firma. E como digo, houbo preacordos. Nós sentámonos co comité de folga, sentámonos coa mesa sectorial. Houbo un preacordo. Levouse á asemblea e non houbo acordo. E, de feito, algún problema tivo que haber, porque varios integrantes do comité de folga dimitiron, que non estaban de acordo con non aprobar o que eles negociaran na mesa como algo favorable. Polo tanto, os acordos son globais e nós queremos facer un acordo global, que, se podemos firmalo nunha semana, nunha semana está firmado. Pero o problema é que a veces hai acordos en mesa que despois non son ratificados.

Imos seguir porque nos interesa facer, e, desde logo, levamos negociando estes e outros moitos acordos. Non se trata de que debamos cartos que non pagamos. Estes son acordos suspendidos que veñen dunha negociación conxunta de hai varios anos, onde se aprobou a carreira profesional. Aprobáronse unha serie de melloras sobre a situación, que —como digo— viña dunha situación de crise económica a nivel da Unión Europea e, especialmente, de España. Porque —como digo— os gobernos naquel momento non tomaron as decisións que tiñan que tomar e tivemos que pagar o resto das comunidades autónomas as consecuencias.

Polo tanto, nós estamos abertos a negociar. Seguimos traballando. Temos un documento sobre a mesa e, desde logo, gustaríanos canto antes facelo posible e pechar estas diferenzas.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Retomamos entón a orde do día tal e como estaba... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se non hai inconveniente, seguimos con sanidade.

¿Seguimos con sanidade? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perfecto, pois entón substanciamos todas as de sanidade. É que houbo aquí esta pequena alteración.

Entón recuperamos agora, e tamén recuperamos a temperatura, de paso. Vexo que xa está isto máis agradable.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir as prazas de médicos vacantes por xubilación na atención primaria da comarca de Valdeorras

O señor PRESIDENTE: Pois entón imos coa pregunta da señora Noa Presas, do Bloque Nacionalista Galego.

Cando queira.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente, por darme a palabra, pero sobre todo por devolvernosa a unha temperatura asumible para non quedar sen voz.

Hoxe preguntamos de novo por unha cuestión que nos preocupa desde o Bloque Nacionalista Galego e que xa temos traído a esta Cámara, que é a deterioración da nosa sanidade pública; en particular, na comarca de Valdeorras. Eu quero recordar que esta comarca ten padecido e padece un longo historial de mala praxe por parte da súa consellería: recortes económicos e de persoal, recortes tamén en capacidade de xestión e autonomía, coa reforma da Lei de saúde, e tamén casos graves como a falsificación de partes de gardas no hospital do Barco; falsificación, por certo, respecto da que vostedes votaron en contra de estudar neste mesmo Parlamento.

Vostedes están impedindo, baixo o noso punto de vista, que na práctica un home ou unha muller de Valdeorras teña unha atención sanitaria en condicións de igualdade, e iso ten unha contestación na rúa que vostedes xa non son capaces de ocultar. Temos o caso de Rubiá, por exemplo, que desde agosto levan reclamando que se substitúa ese médico que se xubilou. Reforzáronse algunhas horas pero é claramente insuficiente. Por iso a veciñanza de Rubiá recolleu sinaturas e comezou a manifestarse o primeiro sábado de cada mes tamén para reclamar unha atención en condicións. Teñen casos tamén como é o do centro de saúde da Rúa. Todas as semanas, todos os luns desde o pasado 4 de febreiro, se concentran a prol de melloras nesta zona do noso país. E xa van 17 convocatorias coa deste mesmo luns. E teñen tamén a recente incorporación do centro de saúde do Barco, que tamén, farto da deterioración na sanidade primaria valdeorresa, veñen de iniciar mobilizacións tamén todos os luns.



Pero non só nestes concellos hai desconformidade. Podemos recordar tamén as mobilizacións de Vilamartín no seu día para recuperar tamén unha praza de médico, ou podemos recordar as de Viana do Bolo, por diferentes motivos, como a deficiente atención en pediatría, ou esa terceira praza de médico que esta semana está cuberta pero que a maior parte do ano non o está. E nesta parte do territorio, ademais, nós insistimos en que hai que ter en conta que son doentes cada vez máis maiores e pluripatolóxicos, e iso non se pode medir só en cartillas como se fósamos máquinas.

Pero a isto hai que engadir tamén as mobilizacións por falta de persoal que ten habido no hospital. No día de hoxe, no Hospital do Barco segue sen funcionar a Hado, non funciona a hospitalización a domicilio por falta de persoal; falta de persoal que fai que tamén, reiteradamente, a Zona Especial de Urgencias da Veiga-O Bolo quede sen cubrir, dividíndose entre que A Veiga dependa de Viana e O Bolo, do Barco. Isto é unha cuestión inaceptable, porque supón que un especialista ten que atender setecentos quilómetros cadrados.

Polo tanto, señor conselleiro, hoxe preguntámoslle desde o BNG que vai facer...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...para comezar a cubrir esta falta de persoal na comarca de Valdeorras. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A verdade é que están moi conxuntados en varios grupos; está moi ben.

Señor presidente, moitas grazas.

Para nós, desde logo, os hospitais comarcais e as comarcas de Galicia son importantísimos, pese a eses lemas utilizados en diferentes campañas electorais de que imos pechar os hospitais comarcais. Isto fano xa hai moitos anos; vano repetindo a ver se queda algo.

Nós, sen embargo, facemos xestión para dar o mellor servizo e acercar cada día máis os servizos aos cidadáns. Creo que é algo que dixemos en máis dunha ocasión, e aprobamos unha lei precisamente para reforzar todas as comarcas de Galicia. Este novo contrato de ambulancias, por exemplo, así confirma tamén que levamos aos sitios máis alonxados mellores servizos para que os cidadáns non teñan que facer moitos quilómetros para ser atendidos.

Grazas á mellor coordinación de recursos e persoal que posibilitou a implantación do modelo de xestión integrada do Sergas, nos últimos cinco anos os pacientes de Valdeorras evitaron preto de corenta mil desprazamentos a Ourense para acudir a consultas ou facer probas diagnósticas de especialidades que ata esa data só se ofertaban no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, como cardioloxía, dixestivo, endocrinoloxía, neuroloxía, oncoloxía e reumatoloxía.



Ademais, este modelo organizativo permite solventar a problemática habitual en moitos centros de cubrir os seus cadros de persoal facultativo, especialmente en determinadas especialidades que non contan con profesionais dispoñibles no mercado laboral ou que optan por centros sanitarios de maior volume de poboación, de forma que esta carencia puntual de efectivos propios non afecte a actividade asistencial diaria nin os pacientes.

Desta maneira, nos últimos anos mantívose con plena normalidade a actividade asistencial do Hospital de Valdeorras incluso nos servizos que, ante a baixa laboral, o permiso ou o traslado dalgún especialista, afrontaban problemas para asumir a demanda e a actividade habitual por non contar con persoal de relevo; falamos de Pediatría, Anestesia, Uroloxía, Rehabilitación, Medicina Preventiva, Hematoloxía, Cirurxía ou Anatomía Patolóxica, que contaron para a súa actividade asistencial con soporte do persoal do Hospital de Ourense. Ademais, axúdanos tamén a que especialistas máis xoves poidan ir a un comarcal sabendo que imos poder ofertar a posibilidade de ter asistencia tamén no hospital grande nalgún día da semana.

Precisamente, a reforma da Lei de saúde tivo por obxectivo garantir por lei a actividade asistencial nos hospitais comarcais, garantindo a carteira de servizos aos pacientes dos hospitais comarcais, solventando as dificultades para fixar profesionais e xerando un marco normativo que sente as bases de coordinación de persoal e recursos que xa se vén facendo desde as xerencias de xestión integrada.

Ademais do mantemento da actividade asistencial, unha mostra da mellora cualitativa e do éxito deste modelo organizativo de coordinación interhospitalaria é a oferta directa desde o Hospital Comarcal de Valdeorras das especialidades mencionadas, ademais da hospitalización a domicilio e dos coidados paliativos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o tempo. Ten outra rolda despois.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...evitando o traslado de pacientes a Ourense.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Balóns fóra, señor conselleiro, balóns fóra unha vez máis. Acaba de facer mención vostede á hospitalización a domicilio: ¡home!, eu onte —¡onte!— falei con profesionais do Hospital do Barco de Valdeorras e onte non funcionaba. Se o efecto máxico de traer esta pregunta ao Parlamento foi que hoxe mesmo comezou a funcionar, ogallá; pero o certo é que non está a situación para botar foguetes.

Falou vostede fundamentalmente da cuestión hospitalaria. Eu agradeceríalle que me dese algunha explicación tamén sobre a situación da atención primaria en Valdeorras, que era



boa parte da pregunta e que, desde logo, non nos satisfai, e así o demostra a mobilización social que a acompaña.

Tamén afirmou vostede que están a evitar desprazamentos. Os últimos datos que foron remitidos a este grupo parlamentario sobre o número de desprazamentos en UVI móbil ao Hospital de Ourense indicaban un aumento. Eu hoxe mesmo vou volver pedir os datos por escrito para que vostedes demostren, se así é, que efectivamente están a evitar desprazamentos, porque, ata onde nós sabemos, iso é falso. E é falso porque vostedes falan de carencia puntual, pero, desde logo, non é esta situación en absoluto puntual, non é puntual no hospital. O exemplo témolo no que eu mesma puxen da hospitalización a domicilio, que leva moito tempo sen funcionar —varios meses— precisamente porque faltan internistas. É falso cando falamos tamén da atención primaria. Púxenlle o exemplo: Centro de Saúde de Rubiá desde agosto, situación que veu a este parlamento e pola que vostedes simplemente se desculpan publicamente dicindo que son poucas cartillas.

Pero nós insistimos: nesta parte do territorio, onde é necesaria unha atención cada vez máis pausada, porque hai cada vez un tipo de paciente con máis patoloxías e máis maior, e onde ademais o propio Hospital do Barco está a vivir o efecto de ter residencias de idade na súa contorna e necesitar, polo tanto, complementar moitas das súas actuacións neste territorio, é insuficiente o persoal que hai.

Polo tanto, hoxe, señor conselleiro, demandámoslle un pouco menos de autocompracencia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas. Terminou o seu tempo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e un pouco máis de recursos para esta parte do país que está maltratada pola Xunta de Galiza. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Desde logo, nós —como digo— seguimos traballando. E todo o contrario: pese ao que sempre anuncian —como dicía— en época electoral vostedes, o de crear unha situación de alarma social para tratar de mobilizar a xente, ao final cada día hai máis investimento nos comarcas e nas áreas periféricas de Galicia. Desde logo, hai anunciado xa un investimento moi importante para O Barco de Valdeorras —para o hospital—, e seguimos traballando.

Quero dicir que en atención primaria... A pregunta orixinalmente era de atención primaria e, curiosamente ademais, era de atención primaria pola posibilidade de xubilación de dous médicos na Rúa, que curiosamente non se xubilan. Porque unha medida que tomou a Xunta de Galicia era a posibilidade de que os profesionais puidesen seguir traballando de forma voluntaria, e resulta que estes dous profesionais, que na pregunta anunciaban que se ían xubilarse e que nós non os íamos cubrir —xa estaba o futuro totalmente predito—, (*Murmu-*



rios.) pois resulta que non, que eles queren seguir, e nós encantados de que queiran seguir. Polo tanto, non hai, nese motivo, ningún problema de asistencia. Como digo, todo o modelo de atención primaria e todas as medidas, a idade de xubilación foi unha delas, o incremento de médicos de familia, o novo contrato de continuidade..., todo iso favorece esta e todas as comarcas de Galicia.

Hai que dicir que o Centro de Saúde de Rubiá, en Ourense, tiña dous médicos de familia para atender mil cartillas. Unha persoa da oposición na anterior interpelación dicía que non podemos comparar o que hai en Vigo co que hai en Lugo, con mil. Pois en Rubiá había exactamente mil para dous médicos, é dicir, quíñentas. O que facemos neste momento, evidentemente, por priorizar ante a falta de persoal a nivel xeral, é priorizar: hai un médico para atender mil e, ademais, hai un reforzo dous días á semana doutro médico de familia a maiores para tratar de colaborar e axudar a atender esta poboación. Pero a ratio actual é das mellores ratios que hai non só en Galicia, senón tamén a nivel de todo o Estado español.

Loxicamente, nós temos que ver os equilibrios territoriais de todo tipo. Entendemos o que a poboación envellecida necesita, por iso tamén facemos estratificación das TIS, e entendemos claramente que cun médico máis o reforzo de dous días á semana damos un servizo moi bo, que —como digo— oxalá houbese noutras rexións de España. En Galicia témolo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Volvemos ás preguntas de cultura agora. Houbo un pequeno cambio aí outra vez.

Pregunta de D^a María Ángeles Antón Vilasánchez e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para avanzar na construción e posta en marcha do edificio Fontán na Cidade da Cultura de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Señor conselleiro, hai case un ano coñecemos a vontade do Goberno galego de rematar o complexo da Cidade da Cultura coa construción do chamado edificio Fontán. A Xunta de Galicia abría así a etapa final dun proxecto que soubo adaptarse ás circunstancias cambiantes dos momentos que lle tocou vivir dende a súa concepción no ano 1999 ata hoxe en día.

O presidente da Xunta de Galicia comentaba na presentación deste proxecto —e leo textualmente—: «O edificio Fontán vai ser un centro que permitirá avanzar na integración do Sistema universitario de Galicia, garantindo unha docencia de calidade, unha investigación máis eficiente, máis útil e máis apegada ao progreso e unha estrutura universitaria áxil, integrada na sociedade que non deixa de evolucionar».



De ser así, é evidente que o edificio Fontán está concibido como un centro neurálxico da investigación e do coñecemento, o que permitirá reforzar a docencia de calidade na nosa comunidade. E neste punto, señor conselleiro, hai que recoñecer e destacar a implicación, cooperación e colaboración das nosas universidades neste proxecto para beneficio do conxunto universitario galego e para beneficio da sociedade de Galicia.

É verdade, señor conselleiro: temos que recoñecer que a Xunta de Galicia tomou unha decisión valente para poñer un punto final ao conxunto do Gaiás, aproveitando a estrutura do chamado teatro da Ópera e dándolle unha nova funcionalidade harmoniosa dende o punto de vista estético e imprescindible dende o punto de vista do contido. Estamos convencidos de que o edificio Fontán contribuirá deste xeito a impulsar a Cidade da Cultura como o complexo vangardista que é, que acolle e desenvolve actividades que compiten na estela da vangarda da creación, da produción, da exhibición e da difusión cultural contemporánea sen esquecer as nosas raíces e as nosas tradicións. E malia todo iso, señor conselleiro, na nosa opinión, a Cidade da Cultura segue a ser unha gran descoñecida para o público galego e para os santiagueses, atreveríame a dicir.

Non dubide que para este Grupo Popular é un orgullo ter un complexo como a Cidade da Cultura na capital de Galicia, e agradecemoslle o esforzo por rematar esta obra que reforza o carácter cultural e universitario de Santiago de Compostela. E por iso a nosa pregunta: ¿que pasos deu a Xunta de Galicia para avanzar na construción e poñer en marcha o edificio Fontán?

Nada máis, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón.

Resposta do conselleiro de Cultura e Turismo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Antón, como vostede moi ben dixo, este novo equipamento, o edificio Fontán, nace basicamente cunha finalidade, que é dar ou prestar un servizo interuniversitario ás tres universidades que conforman o SUG. Neste sentido, é fundamental —e quero recoñecer publicamente— a implicación e a boa disposición das tres universidades para desenvolver un proxecto colectivo, un proxecto de Galicia que quizais se pode simplificar nunha imaxe que entendemos moi positiva. Cando se asinou este proxecto, o presidente da Xunta anunciouno, e fixo partícipe o conxunto da sociedade galega, con tres reitores: o reitor da Coruña, os dous reitores saíntes de Vigo e de Santiago e os dous reitores entrantes tamén de Santiago e de Vigo, que acababan de rematar os procesos electorais. Isto manifesta o apoio que tivo das universidades galegas.

A verdade é que a súa ubicación xorde, ao final, dunha decisión absolutamente lóxica. Todos pensabamos que era importante desenvolver un centro de investigación de carácter interuniversitario para fomentar unha área de investigación que, no caso do SUG, non estaba suficientemente potenciada, como era o caso das humanidades e das ciencias sociais. Parecíanos, nese sentido, que era necesario sumar e integrar as potencialidades da investi-



gación das tres universidades nun único centro que puidese dar servizo ás tres universidades e traballar en áreas tan importantes para Galicia como son a paisaxe, o patrimonio cultural, os itinerarios culturais e, nominalmente, o Camiño de Santiago.

Era necesaria unha ubicación dun centro interuniversitario que dese servizo ás tres, que fose áxil para as tres, accesible e que non estivese en ningún campus para evitar calquera tipo de roce ou de problema. E nese momento xurdiu a posibilidade —creo que interesante— de utilizar a infraestrutura inacabada da Cidade da Cultura, pechar esa estrutura inacabada e fixar aí, nunha superficie significativa de arredor de once mil metros cadrados, a posibilidade de pór en marcha este centro.

Así nace o edificio Fontán, que aglutina diferentes servizos interuniversitarios: por unha parte, o consorcio, e por outra parte, o futuro Ceipac, é dicir, o Centro Europeo de Investigacións en Paisaxes Culturais, ou o Observatorio do Camiño de Santiago; o que nos permite desenvolver un centro de investigación pioneiro e punteiro neste ámbito. E se a isto lle sumamos a recente sinatura co CSIC para ubicar aí o Incipit, é dicir, o Instituto de Ciencias do Patrimonio, cremos que estamos creando un polo de coñecemento e un polo de investigación centrado en aspectos tan importantes como son a cultura, como é a paisaxe e como son o itinerario cultural e o patrimonio, que en certa medida nos permitirá estar á vangarda.

Podo anunciar, conforme os prazos previstos, que as obras estarán rematadas arredor de finais do ano 2020...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...e no ano 2021 estará perfectamente en funcionamento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Antón.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Grazas pola súa resposta. Quédome precisamente con este último anuncio que acaba de facer, de que o edificio Fontán estará rematado a finais do ano 2020, polo que se supón que no ano 2021 vai estar totalmente operativo. Iso vai supoñer que todas as persoas que no ano 2021 decidan achegarse a Santiago de Compostela á celebración do Ano Santo, á celebración deste Xacobeo, poderán visitar a Cidade da Cultura totalmente rematada. Na miña opinión, debemos de ser capaces de rendibilizar esta cuestión e de poñer no foco do interese dos visitantes precisamente este complexo Gaiás como un recurso máis da cidade.

Por outra banda, vostede tamén comentaba que o edificio Fontán, ademais de ser sede dese centro de investigación en paisaxes culturais, en itinerarios culturais e no Camiño de San-



tiago —un centro de nova creación—, vai acoller o Instituto de Ciencias do Patrimonio —o Incipit—, unha unidade investigadora —como vostede ben refería— do Centro Superior de Investigacións Científicas. Parécenos unha nova salientable, e permítame que lle dea os parabéns por acadar este acordo que posibilitará que Galicia e que Santiago de Compostela, a capital, sendo unha cidade cultural por excelencia, sexa un referente no campo da investigación do patrimonio cultural de primeira orde.

Para rematar, gustaríame simplemente que nos fixese unha valoración global e do conxunto ante ese inminente fin do que serían as actuacións no complexo do monte Gaiás. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón.

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura e Turismo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Señora deputada, como lle comentei, a intención é que estean rematadas as obras do Fontán no ano 2020 e que no ano 2021, coincidindo co Xacobeo, poidamos ter en perfecto funcionamento o edificio Fontán e, con iso, rematado un complexo que sufriu moitas vicisitudes ao longo do tempo, pero que sen dúbida vai ser un referente e un orgullo para Galicia tanto a medio como a longo prazo, como é a Cidade da Cultura e como é o Gaiás.

Obviamente, está ubicado en Santiago de Compostela, pero é un equipamento cultural de toda Galicia, sen ningún tipo de dúbida, e os novos equipamentos que se están aquí a ubicar, como unha sede dunha institución interuniversitaria das tres universidades do país, reflicten ese carácter de aglutinar o conxunto de Galicia e o conxunto de país neste recinto, que é un recinto de todos.

A verdade é que a nosa previsión é que no ano 2021 teñamos rematado este complexo. Nas últimas intervencións o que quixemos, dalgún xeito, foi cambiar a percepción social que existía —e creo que o logramos en certa medida— respecto ao Gaiás. Estamos convertendo todo o conxunto do recinto nun espazo moito máis humano, nun espazo moito máis polivalente, nun espazo moito máis accesible á poboación e sempre partindo dunha premisa —eu diría—: o sentidiño, en certa medida, e tamén a visión do aforro e do uso deste recinto no ben dos cidadáns.

A verdade é que se fixeron nos últimos anos moitas intervencións: podería citar o bosque de Galicia, que está convertendo as ladeiras e as pendentes que rodean o complexo arquitectónico nun espazo de convivencia, nun espazo de deporte e nun espazo de lecer; podería dicir tamén o descubrimento de espazos verdes francamente fermosos, acolledores e recoletos, como pode ser o bosque do lago; espazos para os nenos, como o parque da Balea ou un novo parque que teremos en disposición de abrir arredor do verán; e tamén o parque do Teatro, de recente apertura, utilizando un grande oco onde estaba o xardín do Teatro e onde creamos un auditorio ao aire libre. E, por suposto, algo vital foi a conectividade, a conexión coa autoestrada a través dun pico na propia AP-9.

En definitiva, creo que con todo isto estamos contribuíndo a pechar un complexo que certamente naceu con moitos problemas, que foi evolucionando e que creo, felizmente, que imos poder entregarlles a Galicia e á cidadanía no ano 2021 perfectamente rematado.



Obviamente, queda traballo por facer, quedan cousas por facer; fíxose moito, pero quedan cousas por facer. Temos que mellorar a conexión peonil co casco histórico de Santiago de Compostela, que tamén ten que servirnos para desconxestionar en momentos en que haxa moitos visitantes no casco histórico, desconxestionar as visitas cara á Cidade da Cultura. Pero, en definitiva, creo que fomos capaces de ir evolucionando esta infraestrutura...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...cara a un servizo cada vez máis próximo aos cidadáns e cada vez máis próximo a Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a María Julia Rodríguez Barreira e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia respecto do procedemento administrativo seguido para a declaración da Ribeira Sacra como ben de interese cultural

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor conselleiro, o pasado decembro de 2017 a Xunta publicaba no *Diario Oficial de Galicia* a incoación do expediente da declaración BIC da Ribeira Sacra coa categoría de paisaxe cultural.

Culminaba unha protección secular que os propios veciños e residentes, homes e mulleres, no territorio da Ribeira Sacra lle viñan dando, unha protección aos valores culturais e paisaxísticos deste territorio coa que foron quen de conservar este extraordinario legado. E culminaba cun paso decidido que daba a Xunta de Galicia a prol desta protección oficial do conxunto da Ribeira Sacra para garantir a permanencia das súas extraordinarias peculiaridades, pero tamén un paso imprescindible para garantir o seu recoñecemento como patrimonio da humanidade.

Un ano despois, en decembro de 2018, no *Diario Oficial de Galicia* publicábase o decreto no que se declaraba a paisaxe cultural da Ribeira Sacra como ben de interese cultural. Remataba así, señorías, un longo traballo, un procedemento que o propio decreto cualificaba como novidoso e incomparable con calquera outro que se realizara con antelación tanto en Galicia como no resto do Estado. Por iso cómpre, señorías, neste punto recoñecer o traballo desenvolvido por todas as persoas que dunha ou doutra maneira participaron neste proceso, con especial mención a todos os técnicos e ao persoal da Dirección Xeral de Patrimonio, nomeadamente á súa directora.

Sabemos das múltiples reunións mantidas mesmo antes da incoación do expediente e sabemos das dificultades da delimitación do territorio. Sería moi acaído neste punto ese refrán



galego que di que non se lle poden poñer cancelas ao vento. Seguramente foi difícil delimitar e poñer límites a un territorio que non se corresponde con ningunha unidade administrativa que existira, que se estende por terras pertencentes a distintos municipios, a distintas comarcas e mesmo a distintas provincias, e, ademais, no que se atopan miles de bens clasificados con valor cultural. Estamos, por tanto, ante o resultado dun arduo traballo técnico, pero sobre todo estamos ante un traballo fundamental e un traballo transcendental, porque arrinca e pon en marcha unha enorme e unha gran potencialidade no interior de Galicia.

A pregunta que lle formulamos, señor conselleiro, ten que ver con este traballo. Sen dúbida, todos os expedientes para declarar bens de interese cultural teñen as súas peculiaridades, pero entendemos que, no que atinxe á Ribeira Sacra, seguramente atoparon dificultades e peculiaridades especiais, e, por iso, esa cualificación como un traballo novidoso e incomparable.

Por iso, queremos saber cal é o balance que fai a Xunta de Galicia do procedemento administrativo que levou á declaración como ben de interese cultural da Ribeira Sacra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Barreira.

Resposta do conselleiro de Cultura e Turismo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas, señora deputada.

A verdade é que vostede o dicía moi ben: hai uns meses declarouse por parte da Xunta de Galicia, en decembro do ano pasado, a Ribeira Sacra como ben de interese cultural.

Obviamente, isto non foi un traballo nada fácil, porque tivo moitísimas connotacións. Pero este foi un paso fundamental, un paso previo necesario e fundamental para conquistar tamén, hai moi pouquiño tempo, dar outro paso fundamental, que foi que o Consejo Nacional de Patrimonio de España aceptase a candidatura de Galicia para declarar a Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade e a convertese na candidatura do Reino de España para o ano 2021 para ser presentada no Consello da UNESCO e, así, acadar algo tan desexado como é a declaración de todo o territorio e do espazo cultural da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade.

A verdade, non foi un proceso fácil polas múltiples connotacións. Estamos ante un dos BIC, ante un dos espazos protexidos máis extensos e complexos de España, e vou dar, simplemente, uns datos: estamos a falar dun territorio de vinte e dous concellos e setenta e seis parroquias, dezaseis mil quiñentas hectáreas, cincuenta e oito BIC inmoables contemplados no territorio interior, tres BIC móbiles e nove BIC inmateriais; é dicir, estamos ante unha tramitación moi complexa tecnicamente.

Eu teño que dicir que se levou cunha perspectiva sumamente modélica, tanto por parte dos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio como por parte dos axentes do territorio. E cando



digo axentes do territorio digo viticultores, colectivos, asociacións, empresarios...; é dicir, todo o elenco social que dalgún xeito fixo seu este expediente.

Un dato que tamén certifica que a poboación local fixo seu este traballo foi o escasísimo número de alegacións: só houbo trinta alegacións, cando estamos falando dun proxecto dunha complexidade e dunha amplitude enorme. Desas trinta alegacións eu quero dicir que vinte e catro se estimaron total ou parcialmente e só seis foron desestimadas, algunhas delas cun enorme nesgo político. Creo que a aceptación do oitenta por cento das alegacións denota o interese por parte da administración de chegar a un punto de encontro coa sociedade civil para que todos xuntos fósemos capaces de impulsar un proceso tan complexo tecnicamente pero tan importante como foi a declaración BIC e a posterior inclusión na candidatura nacional.

Esperemos que no ano 2021 sexa declarada pola UNESCO como patrimonio da humanidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): En todo caso, non estamos ante un punto final; isto só é un punto e seguido que estivo asociado a máis accións...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...a múltiples investimentos e a accións de planificación. En definitiva, un traballo constante...

O señor PRESIDENTE: Señor conselleiro, ten outra quenda despois. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...para conquistar que a Ribeira Sacra sexa declarada patrimonio da humanidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señor conselleiro, por esta información, que revela que se fixo un importantísimo traballo técnico; os datos que acaba de facilitar acreditan a complexidade de todo este procedemento. Pero tamén grazas por ese interese amosado ao longo deste proceso en facer partícipes ás xentes, aos colectivos e aos interesados do propio territorio da Ribeira Sacra, porque só así podería ser posible acadar este recoñecemento, implicando todos os que vivimos alí, nese territorio.

Por suposto, eu quero amosarlle de maneira especial ese agradecemento polo traballo feito, porque a candidatura da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade representa unha



expectativa ilusionante para moita xente, que vemos nese recoñecemento unha porta aberta ao desenvolvemento turístico e ao desenvolvemento económico e, por tanto, unha esperanza de futuro para todos os habitantes da Ribeira Sacra.

É verdade que o paso do tempo nos fixera perder un pouco a esperanza, e por iso os parabéns e o agradecemento, porque entendemos que esta declaración como BIC, que é un paso previo imprescindible para concorrer a esa declaración, fixo que os veciños da Ribeira Sacra que residimos alí recuperamos a confianza e a ilusión nesta lexítima aspiración. Polo tanto, reciba os parabéns polo traballo realizado, pero tamén por esa aposta decidida da Xunta de Galicia a prol da Ribeira Sacra.

Señor conselleiro, nós estamos moi satisfeitos con esta declaración, expectantes e confiados en que, sen dúbida, levará o recoñecemento como patrimonio mundial. Pero tamén somos conscientes de todo o que queda por facer, somos conscientes de todas as necesidades que existen para preservar e para valorizar o importante patrimonio que existe na Ribeira Sacra.

Por iso, gustaríanos saber cal é o paso seguinte de cara a desenvolver actuacións a prol da conservación, do coidado e mesmo da promoción da Ribeira Sacra.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Barreira.

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura e Turismo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada, vostede o dicía moi ben: a declaración da Ribeira Sacra —do que entendemos por Ribeira Sacra— como patrimonio da humanidade estou seguro de que vai ser un antes e un despois para este territorio, que é un territorio que precisa novos estímulos de desenvolvemento.

Sen dúbida, esta declaración vai fomentar a acción turística, vai fomentar a valorización dos produtos locais e nominalmente a riqueza vitivinícola que ten este territorio. En definitiva, pode converterse nun antes e nun despois para eles, para todo este conxunto do interior de Galicia e pode ser un revulsivo económico de primeirísima magnitude, ademais de supor, sen dúbida, un recoñecemento a un ben sobranceiro, a un ben que é necesario, que debemos protexer e que debemos dalgún xeito conservar, porque estamos ante un dos espazos máis singulares dentro de Galicia, dentro de España, dentro de Europa e no conxunto do planeta, e así o demostraremos seguramente no ano 2021 coa declaración de patrimonio da humanidade.

Obviamente, eu dicía no remate da miña intervención anterior que isto non é o punto final, nin moito menos; estamos ante un punto e seguido, e neste punto e seguido é necesario seguir traballando para potenciar aínda máis os grandes recursos e os produtos territoriais deste espazo.



É moi importante levar a cabo unha correcta planificación, unha eficaz e eficiente planificación. Neste sentido, estamos xa traballando na redacción dun plan Ribeira Sacra que vai ter tres niveis: un nivel de protección —como protexer o patrimonio natural e o patrimonio cultural—, un nivel de promoción e posta en valor e un nivel de coordinación dos investimentos públicos.

Sen ir máis lonxe, dende a Consellería de Cultura e Turismo, o ano pasado —no ano 2018— investimos 1,8 millóns en diferentes accións: restauración de edificios e de monumentos, sinalética, promoción turística etc.; neste ano 2019 estamos arredor, aproximadamente, de 1,7 millóns.

Pero hai moitos investimentos que fan diferentes administracións públicas e diferentes áreas sectoriais que, obviamente, deben coordinarse. Por iso, este plan Ribeira Sacra nace co obxectivo de coordinar a acción das diferentes administracións para poder coordinar precisamente os investimentos, xerar sinerxías, xerar fluxos positivos e xerar accións que contribúan a potenciar aínda máis a singularidade e o valor deste territorio. Estamos a falar dunha estratexia conxunta de diferentes departamentos da Xunta de Galicia: por suposto, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, a Axencia de Turismo, a Agader, o Instituto de Estudos do Territorio, moitos departamentos que van a actuar sobre este territorio, o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, o Consello Regulador da Denominación de Orixe, a Confederación Hidrográfica, a Administración xeral do Estado e, por suposto, as diferentes administracións locais —concellos e deputacións—.

En realidade, estamos ante unha enorme —eu diría— oportunidade para darlle un vuelco á Ribeira Sacra dende o punto de vista da estratexia territorial, das dinámicas territoriais, dos recursos territoriais e da capacidade para xerar dinámicas positivas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...para un territorio que, ademais de ser tremendamente fermoso e atractivo, necesita estímulos de desenvolvemento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir o dereito da poboación infantil da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Mariña-Lugo-Monforte a recibir unha atención temperá de calidade

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día. Bo día, conselleiro.



Hoxe desde o BNG traemos ao Parlamento a voz das familias, principalmente das nais das nenas e nenos das comarcas de Lugo, de Sarria e de Lemos que reciben atención temperá no Hospital de Lugo. Familias coas que nos podemos reunir e que denuncian as carencias da Unidade de Atención Temperá do HULA, carencias que provocan a merma da calidade do servizo e que vulneran, ademais, os dereitos destas crianzas. Falamos de nenas e nenos de 0 a 6 anos con graves trastornos no desenvolvemento, altamente dependentes, que teñen dereito —e quero recalcar moito isto— a unha atención temperá integral, pública e de calidade.

Falta persoal e temos unhas instalacións hospitalarias infrautilizadas que só atenden en horario de mañá, cos prexuízos que ademais iso carrega para as crianzas escolarizadas. As consecuencias desta situación quen as pagan son as nenas e os nenos, sobre todo, pero tamén as súas familias: hai listas de espera en Logopedia, hai casos de máis dun ano agardando para acceder a este servizo; hai listas de espera en Terapia Ocupacional; a fisioterapeuta ten sobrecarga de traballo, e a psicóloga, que substitúe unha xubilación, non conta coa especialidade en psicomotricidade, a pesar de que a normativa exige que os profesionais das unidades de Atención Temperá conten con formación específica —Decreto 183/2013—.

¿Que alternativas teñen as familias neste contexto? Quen ten cartos, ir á privada para intentar paliar as carencias da sanidade pública, na procura das sesións e das terapias que necesitan as súas fillas e fillos para mellorar as condicións de vida e gañar autonomía; quen non ten recursos económicos suficientes —estou aquí, conselleiro— o que lle queda é desesperarse. Falamos de crianzas moi dependentes —insisto—, polo que, polo xeral, as nais deixan de traballar para poder coidar das fillas, e iso significa un salario menos na casa.

O que lle pedimos desde o BNG, conselleiro, porque é ademais a demanda das propias familias, é que a Xunta de Galiza atenda as necesidades destas nenas e destes nenos, que dote a Unidade de Atención Temperá do HULA co persoal necesario, que aproveite todo o potencial das instalacións hospitalarias para poder abrilas tamén en horario de tarde, que remate coas listas de espera e que garanta, sobre todo, unha atención pública, integral e de calidade tamén para as comarcas do interior do noso país.

Porque a atención temperá, como me dicía unha nai —e eu trasládollo a vostede—, é un dereito e non un privilexio de quen poida pagala.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodil, desculpe, (*A señora Rodil Fernández: Nada.*) o que pasa é que estaba buscando a súa compañeira Montse Prado, que é a habitual portavoz, e por iso non a localizaba. (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, de verdade que non; desculpe.



Mire: a publicación do Decreto 183/2013, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, significou un punto de inflexión. Establece un espazo compartido de coordinación e corresponsabilidade entre os sistemas de saúde e educativo, os servizos sociais e incluso concellos tamén. Creo que é un bo sistema colaborativo que, como todo, evidentemente, podemos mellorar.

Estes aspectos comportan unha acción integral destinada a satisfacer os dereitos e as necesidades dos nenos de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos e das súas familias, así como a súa prevención. Os servizos de Pediatría e de Atención Primaria ou Especializada desenvolven os procesos que lles corresponden e, no caso de confirmar a sospeita de trastorno do desenvolvemento ou de vulnerabilidade evolutiva, comprobando que cumpran cos criterios de entrada na Rede galega de atención temperá e derivan a atención ao equipo de referencia, de conformidade co previsto neste decreto. É dicir, hai unha fase primeira de diagnóstico moi ben resolta polos servizos de Pediatría, ben de primaria ou ben de hospitalaria.

¿Cales poden ser estas unidades? As unidades de Atención Temperá existentes nos complexos hospitalarios cando, pola súa condición de saúde, precise atención, coidado, rehabilitación ou asistencia hospitalaria de longa duración, así como cando a unidade hospitalaria sexa o recurso de proximidade para o menor e a súa familia; ou ben os centros e programas de desenvolvemento infantil e atención temperá do Sistema de servizos sociais do seu ámbito comunitario, cando estes sexan os recursos de proximidade para o menor e a súa familia, sempre que non precise a atención hospitalaria. Estas unidades e centros de referencia de atención temperá realizan o conxunto de actuacións de valoración e intervención previstas, en colaboración coas familias e outros recursos sociais educativos ou sanitarios.

En concreto, na provincia de Lugo contamos cos seguintes recursos da Rede de atención temperá: da Consellería de Educación, equipos de orientación educativa conformados polo orientador ou titor de aula, profesorado de Pedagogía Terapéutica e profesorado de Audición e Linguaxe, ademais de persoal coidador e persoal intérprete de lingua de signos; e da Consellería de Sanidade, a Unidade de Rehabilitación Infantil e Atención Temperá do HULA, integrada por un equipo dun pediatra, un médico rehabilitador, un fisioterapeuta, un psicomotricista, unha terapeuta ocupacional e un logopeda. A praza de pediatra incrementouse con respecto ao establecido no momento da creación da unidade, pois entendiamos que íamos mellorar a calidade da atención, e a praza de psicomotricista, aínda que depende de Servizos Sociais, dende a xubilación do titular está cuberta polo Servizo Galego de Saúde.

Na Unidade de Atención Temperá da Mariña lucense contamos co fisioterapeuta do Hospital da Mariña, e de Política Social, en colaboración coa Mancomunidade da Mariña e co concello de Burela —por iso dicía o dunha coordinación de todos—, a de Atención Temperá da Mariña lucense, conformada por un equipo dun psicólogo, un pedagogo e un fisioterapeuta.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Ten outra quenda despois.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Continúo logo na seguinte intervención.

Grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Moi ben, grazas.

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

A ver se teño un pouco de sorte e me responde ao que lle preguntei na segunda quenda de intervención, porque, ¡home!, ata aquí chegamos sabendo ler. Eu tamén lin o Decreto 183/2013, e a relación das persoas que fan parte ou que compoñen a Unidade de Atención Temperá do HULA tamén a coñecemos.

O que lle trasladamos, que é aquilo que denuncian, do que se queixan e o que reclaman as familias usuarias desa Unidade de Atención Temperá do HULA que atende nenas e nenos das comarcas de Lugo, de Sarria e de Lemos é máis persoal e a apertura nas instalacións hospitalarias desa Unidade de Atención Temperá do HULA tamén en horario de tarde para reducir ou que mesmo desapareza esa lista de espera e, sobre todo, para garantir unha atención de calidade e integral para todas as nenas e os nenos que o necesitan. Porque o que lles están propondo ás familias, conselleiro, para que se incorporen novas nenas e nenos ao servizo é que se reduzan as sesións das nenas e dos nenos que agora mesmo están recibindo atención.

Os criterios —así o di o *Libro branco da atención temperá* e así o recoñece tamén o propio decreto e a normativa da Xunta— ou as razóns para reducir ou non as sesións de persoas que están sendo atendidas na Unidade de Atención Temperá teñen que vir determinados polas condicións nas que se atopan eses nenos, non pola necesidade de atender máis crianzas. Iso o que evidencia é que falta persoal, que é onde queremos ir dende o BNG nesta cuestión.

Son coñecedores, ademais, dende a Xunta de Galiza da situación na que se atopan, porque as propias familias denunciaron e trasladaron esas queixas á Dirección da EOXI, e tamén as organizacións sindicais, nomeadamente a CIG-Saúde, puxeron en coñecemento da Dirección estas carencias.

O que nós queremos saber —e a ver se teño un pouquiño máis de sorte, porque as familias creo que ben o merecen— é se se vai garantir máis persoal e se se vai abrir esa unidade tamén en horario de tarde. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Estaba describindo na outra intervención o que tiñamos: para a parte da poboación de Monforte hai tratamento de logopedia no propio Monforte, a través dun recurso con Política Social.

O funcionamento da Unidade de Atención Temperá do Hospital Universitario Lucus Augusti responde ao establecido no Plan de acción temperá de Galicia e non tivo ningún cambio nos últimos tempos. As indicacións son sempre as realizadas polo pediatra e polo médico reha-



bilitador; evidentemente —como ben di a señora deputada—, non depende de que haxa ou non haxa lista de espera para diminuír as sesións, senón que só é unha indicación —como digo— médica tanto do pediatra como do médico rehabilitador, e, polo tanto, esa é unha norma que seguimos en todo caso. As incidencias que se poden producir coa cobertura de persoal pola súa distinta dependencia sempre son resoltas e asumidas polo propio hospital; é dicir, aquí hai —como digo— varias administracións, incluso a nivel tamén de mancomunidade ou concellos, e loxicamente nós estamos prestos a buscar unha alternativa ou unha cobertura para todo isto.

O que si é certo é que hai facer unha valoración —pásanos noutro tipo de actividade sanitaria—, temos que facer unha avaliación continua e, cando hai un incremento de casos por un maior diagnóstico ou por algunha outra razón, loxicamente, nese momento incrementamos persoal. Estamos nunha fase na que estamos vendo que hai certo incremento de actividade por nenos e nenos que teñen que ser atendidos. Loxicamente, esta valoración é unha valoración continua, á que nos adaptaremos en cada unha das circunstancias, pero, dende logo, teño que dicir aquí que en ningún momento imos diminuír os tratamentos aos nenos e ás nenas segundo o que prescribira o médico ou o pediatra rehabilitador.

Polo tanto —como digo— temos unha boa asistencia, unha asistencia con diferentes categorías profesionais que nos vinculan; de feito, hai unha nova actividade, que é o test de psicomotricidade, onde hai un incremento sobre o ano pasado —evidentemente, porque non tiñamos esta actividade— para poder facela. Como digo, cun reaxuste que facemos mensualmente de actividade, vemos o tipo de listas de espera e, segundo iso, facemos as contratacións que sexan necesarias, porque tamén é certo que non temos unha limitación espacial para poder realizar as terapias.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do Goberno galego para suprimir, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, un técnico de emerxencias sanitarias nas ambulancias de soporte vital avanzado do Salnés, Foz e Monforte

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Permítame ler algún titular —non é dos últimos días—: «*El PP vota en el Parlamento de Galicia contra la ambulancia medicalizada*». Podiamos ler este titular en edicións comarcais. Particularmente, hoxe preguntámoslle por Foz, Monforte e O Salnés; en calquera das tres teriamos titulares abondos —non un só— sobre esta cuestión.



Voulle ler un un pouco máis próximo; este que lle lía era de primeiros de abril. Xa no 25 de abril —que é un bonito día para outras cousas tamén—: «Monforte terá unha ambulancia medicalizada». Incluso do mesmo día: «O Salnés tendrá una ambulancia medicalizada, cuatro años después». Podo atopar, se quere, tamén algún titular sobre Foz, que vostede coñece. O 25 de abril, a casualidade: o 28 de abril había eleccións, xa que vostede falaba hai un momento de electoralismo nos debates parlamentarios. Voulle ler un pasadas esas eleccións xerais: «a ambulancia medicalizada con base en Foz perderá un técnico», titular que tamén podo ler tamén, se quere, de Monforte ou do Salnés.

Os profesionais souberon dende o primeiro momento —aínda que sendo o 25 de abril era difícil de comunicar— que vostedes fixeron un anuncio trampa, a modo de trileros. Convocaron un Consello da Xunta ordinario e aí anunciaron, a partir de aí, con bastante publicidade, ambulancias medicalizadas case como se fora un supermercado. E, curiosamente —e seguro que non estaba nada preparado—, ao día seguinte o Partido Popular de todas aquelas localidades nas que se anunciaron saía celebrando e felicitándose a si mesmo, como Partido Popular, celebrando as ambulancias medicalizadas. Grazas, por suposto, ao labor do Partido Popular, que presionaba moito, non de todos os cidadáns que se manifestan, non dos alcaldes que presionan, non das preguntas dos grupos parlamentarios, non dos profesionais que o solicitan, do Partido Popular.

Sen embargo, o que vostedes anunciaron son ambulancias medicalizadas sobre as cales hai algunhas dúbidas. En primeiro lugar, que os vehículos que van implementar non son novos en moitos casos. Van retirar ambulancias de tipo B para poñer ambulancias de tipo A. Polo tanto, o número de vehículos vai ser o mesmo nalgún lugar e, se non, agradeceríalle que puidera desmontar esa idea que teñen os profesionais. E, ademais, van inventar un novo modelo de medicalizada, que é incumprir os baremos ou as ratios que implantan con profesionais, e vanlle colocar profesionais de menos. Van facer medicalizadas con profesionais de menos.

Entón, a pregunta que nos facemos dende este grupo é: ¿por que as de Foz, de Monforte e do Salnés van ter profesionais de menos? ¿É acaso que se garante perfectamente de igual maneira a calidade asistencial desas ambulancias con menos profesionais? ¿É que as outras, entón, teñen profesionais de máis? ¿Están funcionando de máis porque si ou é, realmente, que non queren facer o investimento completo, pero querían facer algo para poder anunciálo, aínda que logo se demostrara que era mentira?

A ver se a algunha desas preguntas me pode responder.

Grazas, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes, señor presidente.

Pois a verdade é que me sorprende, señor Torrado. Eu pensei que me ía felicitar porque vai haber unha ambulancia medicalizada no Salnés. Nin cando gobernaron vostedes a tiveron. Nós si a incorporamos ao Salnés (*Aplausos.*)



É unha ambulancia medicalizada, di que catro anos despois. Non sei por que di catro anos; pode dicir catrocentos anos despois, tamén é certo. Pois vai haber unha medicalizada. Unha medicalizada é que teña médico, iso é unha medicalizada. E vaise pór en Monforte tamén, pero non por un capricho —non porque sexa vostede de Vilagarcía vai ser no Salnés, non—, simplemente porque atendemos unha revisión continua —como di na pregunta anterior—. Imos revisando continuamente as necesidades en cada punto e temos, agora mesmo, un investimento importantísimo en transporte sanitario urxente en Galicia; investimento moi importante, non só en cartos. Falamos de pasar dun contrato de catro anos de cento vinte e un millóns de euros a outro contrato —voulle dicir exactamente a cifra para que non teña dúbidas despois e diga que me trabuco. Dígoo porque é unha cifra moi importante e, polo tanto, creo que hai que dicilo— de cento oitenta e catro millóns de euros; de cento vinte e un a cento oitenta e catro. Polo tanto, eu esperaba, polo menos, felicitacións. Porque os galegos, cos seus impostos, fan posible un dos mellores servizos de transporte sanitario de España e, por tanto, de Europa. E así o din ademais; puntúano de forma altísima; a valoración é de 9,3; están moi contentos con ese transporte. Polo tanto, seguimos traballando para mellorar.

E non é certo que disminuamos o persoal. Teño que dicir que, precisamente, o persoal se incrementa de forma notable. Para incrementar esa cantidade de millóns de euros —estamos falando de millóns de euros, non de pesetas, porque igual a magnitude non se concibe— estamos falando de doce médicos máis, vinte e catro enfermeiras máis e máis de cen técnicos neste momento sobre o que había hai uns meses. E non se saca en abril porque haxa eleccións —o único que elixiu a data das eleccións foi o señor Sánchez, nós non—; (*Aplausos.*) nós facémolo porque queremos cumprir cos compromisos, que acaba o contrato. E nós queremos canto antes, en canto finalice un contrato, ter o outro preparado, e necesitamos estes meses para chegar a tempo. Por iso, cando esta mañá por parte da oposición se pedía a retirada, era unha irresponsabilidade, porque era dicir: non imos cumprir e imos seguir sen ambulancia medicalizada en Monforte, no Salnés, e nas outras melloras que temos, que son melloras moi importantes de calidade de servizo.

Polo tanto, creo que sería interesante que a oposición recoñecera o esforzo de todos os cidadáns de Galicia —todos, porque o Servizo Galego de Saúde é deles. Non é noso, de ningún que está aquí, nin de ninguén que está fóra. É de todos os galegos— ...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...ao dicir que temos un dos mellores servizos de transporte de servizo sanitario.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Torrado.



O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

A verdade é que podía felicitalo —si— pola medida. Pero, mire: tomando esas palabras —eu concordo con vostede en que é o servizo de todos—, eu máis ben vou felicitar a quen conseguiu o servizo, que aínda non me aclarou se vai ser con vehículos novos e con profesionais completos, aínda non o aclarou. Quero dicir que non respondeu a pregunta que lle fixemos. Pero poderíamos felicitar a tantas manifestacións de cidadáns, eses que vostedes din que van por bocadillos e autobuses, eses que reclaman as ambulancias medicalizadas; os profesionais que as reclaman —que as levan reclamando moito tempo—; os representantes municipais, algúns dos grupos municipais do Partido Popular, eses que teñen concelleiros que tamén son deputados e que votan unha cousa nun concello e aquí votan a contraria, eses mesmos tamén. Pero felicitamos a todos, que son os que a conseguiron.

Porque, seguramente, señor conselleiro, vostedes si que revisan constantemente para tomar as decisións. Pero, mire: son tremendamente eficientes —e a culpa xa sei que é de Pedro Sánchez—, pero vostedes votaron en contra o 5 de abril e anunciárono o 25. Ou foron tremendamente eficientes en vinte días —porque o día 5 xa había convocatoria de eleccións— ou é claramente electoralista. ¡Que, señor conselleiro, non pasa nada!, poden ser electoralistas. Fíxense se foron tan bos electoralistas que en todos os sitios nos que anunciaran esa mentira perderon. (*Aplausos.*) Que, por certo, podía felicitalo tamén por iso. Cando me dixou que o tiña que felicitar pensei que era polos resultados de Baiona, pero supuxen que non.

En todo caso, vostede tamén menciona o contrato. E é certo que é un contrato grande. Fíxese: é moi grande, cento oitenta e catro millóns de euros, ten razón. Citou o anterior: cento vinte e un millóns. Pero sabe onde acabou o anterior: no xulgado; porque sabe quen levou o contrato: unha empresa vinculada ao PP. E sabe que é o que tiña: as ambulancias rotuladas e equipadas antes de saír o prego. ¡Que vostede está presumindo dun contrato que ten un problema xudicial enriba, señor conselleiro! Por tanto, é presumir un pouco.

Felicitar non o vou felicitar porque haxa cento vinte e un millóns de euros en perigo por unha sentenza xudicial. E non o vou felicitar por algo que conseguiron os demais. O que lle estou preguntando é se o de que o anunciaron porque había eleccións é verdade ou é mentira, e aínda non foi capaz de responder e iso dá a pensar que é mentira. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Non sei se tería que felicitalo tamén polo resultado de Vilagarcía, non sei. (*Aplausos.*) Eu non sei que implicación ten vostede en Vilagarcía. (*Aplausos.*)

Que gobernen, e gobernen ben, e nos dean unha parcela para poder facer un centro de saúde, por exemplo. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) A ver se son capaces. ¡A ver se son capaces! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)



Pero, mire: o novo dimensionamento da rede de transporte sanitario urxente non se decide nunha votación en calquera sitio, senón despois de facer un estudo. Como digo, xente como foi a do Goberno do PSOE, do Bipartito, non pensou que era bo unha medicalizada para o Salnés. Neste momento nós cremos que si. Pero, ademais diso, imos incrementar servizos. Non só melloramos a nivel de máis persoal, senón tamén de máis servizos. Imos crear novas ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado con enfermería porque entendemos que a enfermería tamén ten un papel cada día máis importante nisto. E isto vainos axudar a diminuír a mobilización de médicos de atención primaria cando haxa unha urxencia. E, desde logo, vai tamén dentro do Plan de atención primaria. Todo está enlazado, todo está coordinado. E, desde logo, como digo, nós somos uns representantes da cidadanía galega, que cos seus impostos consegue un magnífico servizo sanitario. E nós temos que facer unha administración seria e responsable. E, como digo, en Vigo, en Santiago e noutras localidades incrementamos este servizo.

Tamén creamos dous novos servizos de ambulancias medicalizadas, que fan, especialmente nos comarcais —por iso Monforte, Foz e O Salnés—, un labor moi importante en algo que estamos tamén desenvolvendo —e que desenvolve este goberno—, que son as patoloxías tempo-dependentes: o infarto agudo de miocardio ou o ictus. Incrementámolo agora coa sepse, a infección xeneralizada, e tamén imos facelo co traumatolóxico, os accidentes que necesitan un traslado a un centro de máis complexidade. Por iso non necesita a mesma dotación que unha UCI medicalizada dunha gran cidade, que aí, evidentemente, o que teñen son patoloxías moitísimo máis graves con actuación directa no centro. Aquí unha parte moi importante faise nun traslado de hospital a hospital, no que é necesario ter a dotación: médico, enfermeira e técnico, pero non necesita o mesmo que nunha gran cidade, que ten outro tipo de patoloxía urxente, como digo, de atención inmediata no lugar.

Pero, ademais, estamos falando de que o persoal necesario é de doce profesionais para atender. E teñen que atender, segundo os números, dous traslados ao día, dous. Cremos que é unha dotación axeitada para dar calidade de servizo en Foz, en Monforte e, tamén, no Salnés.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance do Goberno galego respecto do funcionamento da Tarxeta Benvida dende a súa posta en marcha

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Raquel Arias, do Grupo Parlamentario Popular.

Déanlle voz ao escano.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Benvida, conselleira.



O apoio á natalidade é fundamental para afrontar o reto demográfico e con iso garantir, tamén, a sostibilidade da nosa sociedade, o relevo xeracional e o estado do estado do benestar e conseguir manter un país economicamente activo e con futuro.

Apoiar as familias significa apoiar a maternidade. E, tamén, o Goberno da Xunta está sendo nisto moi activo, con medidas de apoio ás familias e á natalidade —a todas as familias, porque cada unha ten unha complexidade distinta e unhas necesidades distintas: familias monoparentais, monomarentais, familias numerosas, de adopción e, tamén, familias con maiores ou con discapacitados a cargo— para favorecer que todas aquelas mulleres que queiran e que desexen ter un fillo o poidan facer nas mellores condicións posibles. Faino —este traballo— a Xunta de Galicia de xeito transversal en todas as consellerías para garantir a igualdade entre os homes e as mulleres e a transversalidade e para pór en marcha e favorecer un ambiente, laboral, cultural, social e económico que facilite a maternidade e a paternidade.

Todos os conselleiros —e tamén vostede— viñeron, en numerosas ocasións xa, a explicar aquí as distintas medidas que a Xunta de Galicia ten en marcha para este reto ou as que ten previsto poñer en marcha de forma inminente. Eu destacaría aquelas que van destinadas a que a muller, polo feito de ser nai, non teña que renunciar a ningún desexo laboral nin a poder facer tamén o seu proxecto vital. Por tanto, falamos, entre outros, de flexibilidade laboral, de teletraballo e de conciliación. Neste ámbito quero destacar a última que houbo esta mesma semana para ampliar a conciliación dos autónomos: deducións fiscais por nacemento ou adopción, que son as máis altas de España.

Concretamente, a súa consellería ten en marcha medidas específicas como é o Plan de apoio á natalidade con prestacións económicas e recursos de conciliación. Estamos falando do bono Coidado, do bono Concilia e da tarxeta Benvida. E desta, en concreto, é da que hoxe lle queremos preguntar; unha medida que apoia economicamente as familias durante o primeiro ano do seu fillo, e nalgúns casos —nas máis necesitadas— tamén nos dous anos seguintes, para axudalas nos gastos dos coidados deste fillo durante —como dicía— eses primeiros meses, que son os que supoñen un importante incremento nos gastos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ¿Cal é a valoración que fai a Xunta...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...da implantación da tarxeta Benvida? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Presidente, deputadas e deputados, boas tardes a todos.



Deputada Arias, agradézolle de verdade que eleve a esta cámara unha pregunta que pon o foco en algo tan importante para o futuro da nosa comunidade como é a crianza dos máis pequenos.

A Xunta de Galicia é consciente de que para facer de Galicia o mellor lugar para nacer é preciso ofrecer todo o apoio necesario para as familias que deciden ter un fillo ou unha filla. As que somos nais ou pais sabemos que cando un cativo chega á familia é para cambialo todo: aparecen moitos gastos cos que antes non contabamos e que nos obrigan a reestruturar a economía familiar e, sobre todo, todo o tempo que pasamos con eles comézanos a parecer insuficiente.

Por iso —como dixen—, o primeiro grande obxectivo da Consellería de Política Social é dar-lles ás familias que deciden ter un fillo todos os recursos que precisan, e un deses recursos é a tarxeta Benvida: unha prestación económica destinada a atender os gastos que supón ampliar a familia de mil douscentos euros anuais durante o primeiro ano de vida do fillo ou da filla, para a compra de alimentos, de material infantil, de cueiros, de roupa, de berces ou de produtos de hixiene ou produtos farmacéuticos.

Señorías, a tarxeta Benvida, como outras moitas medidas que estamos impulsando dende a Xunta de Galicia e que poñemos en marcha, son verdadeiros casos de éxito. Dende a súa implantación no ano 2016 ata o día de hoxe levamos concedidas máis de corenta e cinco mil tarxetas Benvida, máis de cincuenta millóns de euros investidos na crianza dos máis pequenos.

Cada ano o Goberno galego esfórzase para mellorar esta axuda. Así, no ano 2017 estendeuse a prestación ata o terceiro ano de vida do fillo ou filla para aquelas familias cunha renda inferior aos vinte e dous mil euros, recibindo seiscentos euros ao ano para o primeiro fillo, mil douscentos euros ao ano para o segundo fillo e dous mil catrocentos euros ao ano para o terceiro fillo. Así, no ano 2018 abrimos a posibilidade para que os galegos e as galegas que residían no exterior e que decidan regresar a Galicia poidan optar a esta axuda. E neste ano 2019 abrímoslles a posibilidade de presentar a solicitude ás mulleres xa estando embarazadas, un feito que axiliza ao máximo a prestación desta axuda.

En definitiva, señorías, queremos facer deste país un lugar mellor para ter fillos e fillas, pero, sobre todo, o mellor lugar posible para ser neno e nena.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, conselleira, pola acollida. E parabéns tamén pola acollida que está tendo a tarxeta Benvida, con máis de corenta e cinco mil beneficiarios nestes primeiros anos.

Tamén lle teño que dar os parabéns por ser quen de ir modificando ano a ano as condicións para acceder a esta axuda, porque iso quere dicir que vostedes empatizan coas necesidades das familias e que vostedes escoitan as familias, e dese diálogo saen as melloras para que



todos os homes e mulleres, pais e nais, se poidan sentir máis apoiados neste novo camiño que inician coa maternidade e a paternidade.

Falaba vostede, entre esas novidades, de ampliala dun ano a tres para esas familias máis necesitadas, falaba tamén de que se poida pedir xa cando un está embarazado para que desde o primeiro momento se poida empezar a cobrar e sexa máis fácil o acceso e sexa antes, e tamén para os retornados; melloras que —como dicía— se conseguen escoitando as familias.

Pero o que está claro, o que din todos os técnicos e o que saben todos os deputados —mesmo que aquí, por razóns políticas, ás veces o queiran ocultar— é que todas as medidas de dinamización demográfica hai que avalialas a longo e a medio prazo e non son inmediatas. O que si hai que facer é poñer os medios, e o Goberno galego está poñendo os medios: máis de trescentos cincuenta e cinco millóns de euros en políticas demográficas nesta lexislatura, algo polo que creo que tamén hai que felicitalos.

Pero eu quería que, aproveitando a súa presenza hoxe aquí, ademais de falarnos da tarxeta Benvida, nos dese tamén algunhas pinceladas das outras medidas que están dentro do Programa de apoio á natalidade, esas medidas concretas que vostedes teñen en marcha para apoiar as familias, como fixo tamén hai poucos días falando das casas niño, outra das medidas pioneiras do Goberno galego. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Peche desta pregunta, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidente.

Deputada Arias, moitas grazas polas súas achegas.

Nunca antes na historia de Galicia houbo tantas facilidades como no día de hoxe para as persoas que deciden ser nais ou pais. En 2019 hai máis de vinte e cinco mil prazas públicas de escola infantil, o dobre das que había no ano 2009. En 2019 temos unha ratio de cobertura de escolas infantís do corenta e catro por cento, o dobre do que tiñamos no ano 2009 e once puntos por riba do que recomenda a Unión Europea. En 2019 hai sesenta e unha casas niño que ofrecen trescentas cinco prazas de atención á infancia nos concellos pequenos e rurais de Galicia; no ano 2009 aquí, en Galicia, non había ningunha. En 2019 outorgáronse cincocentos bonos Coidado, que permiten contratar de xeito puntual unha persoa coidadora ante imprevistos como que o noso pequeno se atope enfermo ou tamén contratar dende este mesmo ano o servizo dunha ludoteca.

Señorías, o que pretendemos e o que queremos é que Galicia se sitúe entre os lugares con maiores atencións públicas, sociais e sanitarias para os nosos fillos, e por ese mesmo obxectivo continuaremos sempre traballando polas familias, polas nais e pais e polos máis pequenos, para que Galicia siga sendo unha das comunidades nas que hai máis esforzo ou a comunidade que fai máis esforzo para protexer todas as familias.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*





O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rematan aquí dous plenos seguidos postelectorais e non volveremos ter outro pleno postelectoral, se non hai outra novidade, ata o ano 2023. (*Varios señores deputados: ¡No 2020!*) Si, tal como é. Nós non volveremos ter outro pleno, a ver se daquela nos vemos todos. (*Murmurios.*) Si, salvo excepcións. (*Murmurios.*) Non, estes foron os dous seguidos despois de eleccións; o próximo tocaríanos no 2023. A ver se daquela nos vemos todos entón.

Nada máis. Levántase a sesión.

Remata a sesión ás sete e sete minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

